# MEMORIA DE CALIDADE

## FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

## Curso Académico: 2019/2020

## Índice

**1. INTRODUCIÓN ............ 2**

**2. SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE E DOS SEUS RESULTADOS ........ 5**

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade ............ 5

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos ............ 61

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado............ 66

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos ............ 78

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos............ 84

Directriz 6. Información pública ............ 90

**3. PLAN DE MELLORAS DO CENTRO 2020-2021............ 92**

**4. MODIFICACIÓNS NOS DIFERENTES TÍTULOS ............ 131**

**5. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES ............ 132**

6. ADENDA AO AUTOINFORME DE SEGUIMENTO DO TÍTULO DE GRAO DE MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CURSO 2019-20. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS DEBIDO Á CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19 – FFP (LUGO)............136

7. ADENDA AO AUTOINFORME DE SEGUIMENTO DO TÍTULO DE GRAO DE MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA DO CURSO 2019-20. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS DEBIDO Á CRISE SANITARIA PROVOCADA POLA COVID-19 – FFP (LUGO)............205

8. ADENDA AO AUTOINFORME DE SEGUIMENTO DO TÍTULO DE MESTRADO EN FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CURSO 2019-2020 – FFP (LUGO) ............276

9. ADENDA DO TÍTULO DE MESTRADO EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NANATUREZA DO CURSO 2019-2020 – FFP ............293

## 1. Introdución

A Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (FFP-Lugo) é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia neste ámbito. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado deseña as súas propias accións marcándose como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Memoria de Calidade da FFP é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora,* do SGC da FFP (USC) e do Manual de Procesos da FFP.

A presente Memoria de Calidade, que corresponde ao curso académico 2019-2020, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e recolle información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade durante o curso 2019-2020 e ao plan de melloras do centro para o curso 2020-2021, incluíndo as accións de mellora derivadas dos informes de seguimento dos títulos. Concretamente, o documento organízase nas seguintes seccións (excluíndo a Introdución):

- O *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e que á súa vez inclúe o informe de execución do Plan de Melloras Anual da FFP para o curso 2019-2020.
- O *Plan de Melloras Anual,* no que se especifican obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadar obxectivos de calidade no curso 2020-2021.
- Unha sección na que se rexistran as *modificacións introducidas nos título*s obxecto desta memoria;
- Unha sección que recolle a *listaxe de evidencias e indicadores* utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.
- Finalmente, engadíronse ao presente documento adendas nas que se da conta máis polo miúdo das accións desenvolvidas na FFP para as diferentes titulacións con motivo da suspensión da actividade académica presencial por mor da crise sanitaria do Covid-19 durante o segundo semestre do curso académico 2019-2020.

Os títulos vinculados á Facultade que estiveron vixentes durante o curso 2019-2020 foron:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil (GMEI)
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria (GMEP)
- Dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria
- Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (MPES)
- Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (MDAEN)

Os catro primeiros títulos impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación, mentres que o MDAEN é un título exclusivo desta Facultade.

Durante o curso 2019-2020 continúase a impartir unha dobre titulación (Dobre Grao en Mestre/a de

Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria), a cal comezara no curso 2016-2017. Os cursos implantados do dobre grao polo de agora son os catro primeiros.

O número de estudantes matriculados nun Grao ou Mestrado na FFP durante o curso 2019-2020 foi de 881, subindo dende os 868 do curso anterior, e o número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia nos mesmos durante o curso 2019-2020 desglósandose do seguinte xeito:

| TITULACIÓN | ESTUDANTES | DOCENTES |
|---|---|---|
| **Grao en Mestre/a de Educación Infantil** | 324 | 40 |
| **Grao en Mestre/a de Educación Primaria** | 399 | 57 |
| **Dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria** | 53 | (*) |
| **Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas** | 71 | 23 |
| **Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza** | 34 | 21 |

(*) o Dobre Grao combina materias dos dous títulos.

O PAS da Facultade conta cun total de 11 membros.

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2019-2020 abrangue todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a Responsable de Calidade do centro, as Comisións de Título e os/as Coordinadores/as de Título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3.2 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado. Por outra banda, a Xunta de Facultade **é** o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e do Manual do SGC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza pola USC.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Formación do Profesorado.
- Regulamento para a elaboración e defensa do TFG do Grao de Mestre/a de Educación Infantil pola USC
- Regulamento para a elaboración e defensa do TFG do Grao de Mestre/a de Educación

Primaria pola USC

- Regulamento do TFM en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
- Regulamento do TFM do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola USC
- Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado 2016-2020
- Plan Estratéxico 2016-2022
- Programación Plurianual da FFP para o período 2016-2020
- Protocolo intercentros do Prácticum
- Plan Xeral do Prácticum da FFP

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (*PE-02* do SGC), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade do Centro (CCC) as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2019-20, así como as súas propostas de accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de Melloras Anual que foi sometido a un período de exposición pública para que os representantes dos distintos grupos de interese puidesen facer as súas achegas ou suxestións. Unha vez completado este trámite, o documento final, a Memoria de Calidade, foi aprobada pola Comisión de Calidade con data do 20 de maio 2021, e foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica previa á aprobación da Xunta de Facultade con data 17 de xuño de 2021.

Tal e como se expón na presentación da estrutura da Memoria, por mor da crise sanitaria derivada do Covid-19 foi preciso realizar axustes no desenvolvemento das ensinanzas dos diferentes títulos impartidos no Centro, e dar maior presenza aos recursos tecnolóxicos para respostar ás novas necesidades. Os detalles das modificacións realizadas pódense consultar nas Adendas que acompañan ao presente documento.

Cómpre finalmente engadir que, no momento de rematar a redacción desta Memoria de Calidade estase a producir en toda a USC unha migración dos contidos das webs institucionais da Facultades, polo que non é posible asegurar o correcto funcionamento das ligazóns incorporadas no texto.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

| Directriz 1. Política e obxectivos de calidade |
|---|
| **Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.** |
| Aspectos a contemplar:<br>• A vixencia da Política de Calidade.<br>• A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.<br>• A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.<br>• A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).<br>• No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.<br>• A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.<br>• A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Política de Calidade da FFP, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, faise pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral.

Por outra banda, durante o curso 2019-2020 continúase aplicando a Programación Plurianual do período 2016-2020 (aprobado pola Xunta de Facultade o 14 de marzo do 2017) e o Plan Estratéxico para o mesmo período (aprobado polo Consello de Goberno con data 27 de abril de 2017).

No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. As Liñas e Obxectivos Estratéxicos que configuran o Plan Estratéxico vixente neste curso son os seguintes:

- LE1 Mellora da planificación, organización e desenvolvemento da docencia
  - OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente
  - OE04 Reforzar as titulacións que oferta a Facultade
  - OE05 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum
  - OE07 Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
  - OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente
  - OE12 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral
  - OE13 Aumentar o número de PDI en prazas estables, en función da súa acreditación
  - OE14 Conseguir que a Facultade acolla un departamento multidisciplinar relacionado coa formación do profesorado

  - OE15 Aumentar a dispoñibilidade de espazos e recursos materiais
- LE2 Recursos humanos e materiais
  - OE02 Promover a formación continua e actualización do PDI e do PAS
- LE3 Compromiso, transparencia e información pública
  - OE03 Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC.
  - OE06 Mellorar os procesos de xestión e visualización da información.
  - OE08 Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro.
  - OE09 Corrixir as incidencias e anomalías detectadas nas Memorias de verificación dos títulos de grao
  - OE10 Manter actualizada a páxina web da Facultade

En liñas xerais, os obxectivos estratéxicos mantéñense no curso 2019-2020 nun nivel de consecución razoable (ver **D1.A**: Informe PMA 2019-20), aínda que algún deles avanza con retraso e outros teñen que ser replantexados ou mesmo polo momento pospostos, tendo en conta particularmente a situacion de crise sanitaria derivada da pandemia do Covid-19, que obrigou a restrinxir a actividade académica, investigadora e de xestión da Facultade. Desenvolvendo a acción de mellora **AM-36** proposta para o curso 2019-2020, no ano 2020, no que estaba prevista a elaboración dun novo Plan Estratéxico, procedeuse por mor da pandemia á elaboración do Plan Estratéxico 2016-2022 que prorroga ao anterior e inclúe axustes e actualizacións (a análise DAFO permitiu reformular e ampliar os obxectivos estratéxicos). As liñas e obxectivos estratéxicos que configuran este novo Plan Estratéxico para poñer en marcha a partir do ano 2020 son os seguintes:

- LE1 MELLORA DA PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA
  - OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente
  - OE05 Reforzar as titulacións que oferta a Facultade
  - OE06 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum
  - OE09 Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
  - OE10 Solicitar a creación dun vicedecanato que xestione as titulacións e a calidade da Facultade
  - OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente
  - OE14 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral.
- LE2 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
  - OE02 Promover a formación continua e actualización do PDI e do PAS
  - OE03 Mellorar a dotación e infraestruturas de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos da Facultade.
  - OE07 Incrementar a participación do profesorado nas reunións de comisións e órganos da facultade con independencia da súa dedicación docente.
  - OE15 Aumentar o número de PDI en prazas estables, en función da súa acreditación.
  - OE16 Aumentar a dispoñibilidade de espazos e recursos materiais.
- LE3 COMPROMISO, TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA
  - OE04 Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC
  - OE08 Mellorar os procesos de xestión e visualización da información
  - OE11 Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro.
  - OE12 Manter actualizada a páxina web da Facultade.

Cómpre asimesmo nesta sección reflexionar sobre o grao de execución e eficacia do Plan de Melloras Anual do Centro (PMA) para o curso 2019-2020. O apartado que segue presenta un informe global sobre o PMA, e as accións de mellora que conforman este plan coméntanse ademáis posteriormente dentro das súas directrices específicas:

## D1.A. INFORME DE EXECUCIÓN DO PMA DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2019-20

Das 21 accións de mellora referidas aos Títulos de grao, as accións **AM-01**, **AM-04**, e **AM-06** (3 accións) realizáronse parcialmente por mor da crise sanitaria derivada do Covid-19, que obrigou a cancelar ou adiar para o curso seguinte actividades integradas nesas accións. Porén, as accións mantéñense para o curso 2020-2021. As accións **AM-02**, **AM-03**, **AM-05**, **AM-08**, **AM-09**, **AM-11**, **AM-12**, **AM-13**, **AM-14**, **AM-15**, **AM-18**, **AM-23**, e **AM-24** (en total, 13 accións) completáronse e mantéñense tamén para o curso seguinte 2020-2021. Cómpre sinalar que, das 21 accións programadas para os Graos, seis continúan no curso seguinte integradas no Plan FORTE-FFP (**AM-01**, **AM-04**, **AM-05**, **AM-14**, **AM-18** e **AM-23**), do que se proporciona máis información na sección **D3.D** do presente documento. Por outra banda, a tarefa de creación e difusión de presentacións sobre a estrutura, requisitos e saídas profesionais dos graos desenvolvida na **AM-25** (2019-2020) intégrase asimesmo no curso seguinte no Plan FORTE-FFP.

A **AM-10** (actualización do Plan Xeral do Prácticum) non puido completarse polas circunstancias sanitarias derivadas do Covid-19, manténdose para o curso seguinte. Porén, no curso 2019-2020 contouse co Protocolo Intercentros como guía xeral para o desenvolvemento das prácticas, e esta acción de mellora mantense aberta para o curso 2020-2021, no que se agarda poder completala trala correspondente revisión e debate do novo documento por parte da Comisión de Prácticum e TFG da Facultade.

A **AM-17** (modificación da metodoloxía de recollida de datos coa elaboración dunha enquisa de coordinación de curso), a **AM-19** e a **AM-20** e (asegurar o cumprimento das obrigas docentes e coñecer as necesidades técnicas do alumnado dos Graos con respecto ás actividades de docencia e avaliación en remoto, dúas accións derivadas da suspensión da docencia presencial polo Covid-19) completáronse con éxito. A posta en marcha da enquisa de coordinación intégrase nunha acción de mellora máis ampla (delimitacion de tarefas de coordinación, e deseño e implementación de instrumentos que faciliten as tarefas: **AM-08**) que se completou e se mantén para o curso seguinte para poder implementala.

Pola súa parte, das 11 Accións de mellora dos Mestrados, no MPES as accións **AM-26** e **AM-27** (accións formativas a cargo de profesionais externos e cursos específicos para a elaboración do TFM) desenvolvéronse con éxito e proponse a súa continuidade para o curso seguinte, e as accións **AM-28** e **AM-37** (recoller información sobre as actividades de difusión da investigación e innovación educativa organizadas nas distintas especialidades docentes, e introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do Mestrado) non se puideron realizar pola situación de emerxencia sanitaria derivada do Covid-19. A acción **AM-28** non se mantén para o curso seguinte, e a **AM-37** proponse para continuidade no 2020-2021. No MDAEN a acción **AM-26** tamén foi desenvolta a través de charlas con diferentes profesionais e tamén se propón a súa continuidade para o curso 2020-2021. As accións **AM-29, AM-30** e **AM-33** (Realizar unha práctica de campo en Potes ca Universidade de Cumbria, Celebrar o día dos Bosques cunha plantación, e animar aos estudantes a participar nas enquisas de avaliación, respectivamente) tiveron que ser adiadas para o curso 2020-21 por mor da situación sanitaria. As accións **AM-31** e **AM-34** (establecer unha lista de control para a avaliación das propostas de TFM e solicitar o intercambio de semestre de dúas materias, respectivamente) foron finalizadas con éxito, polo que son accións concluídas. Mentras que as accións **AM-32** e **AM-35** (difundir o mestrado polas redes socias e correo electrónico e permitir aos estudantes o coñecemento de empresas agrícolas) foron desenvoltas no curso 2019-20 pero mantéñense como accións de continuidade para o curso 2020-21.

Finalmente, polo que respecta ás accións de mellora plantexadas para o conxunto da Facultade (**AM-07**, **AM-16**, **AM-21**, **AM-22** e **AM-36**), a situación de crise sanitaria derivada do Covid-19 motivou o establecemento de prioridades dentro das actividades docentes e de xestión, de maneira que non foi posible avanzar en todas as tarefas previstas. Dese xeito, a acción **AM-07** (sobre o aumento da participación do alumnado nos órganos colexiados e comisións) non puido ser realizada xa que, por mor da situación de confinamento derivada da crise sanitaria, os procesos electorais foron adiados para o curso seguinte. Para a **AM-16** (modificación da comisión de calidade), e a **AM-22** (solicitude dun posto de PAS para conserxería en quenda de tarde) iniciouse a tramitación pero non foi posible completar as accións, polo que se manteñen para o curso

seguinte 2020-2021. A acción **AM-36** (elaboración do Plan Estratéxico) foi completada con éxito, ao igual que a **AM-21** (proporcionar formación ao profesorado da facultade para a docencia e a avaliación non presenciais, outra acción derivada da suspensión da docencia presencial polo Covid-19). Ésta última acción mantense no curso seguinte para continuar co proceso de formación do corpo docente en contornas virtuais.

A continuación preséntase unha táboa-resumo das accións de mellora finalizadas no curso 2019-2020 na FFP-Lugo, seguida das táboas específicas que detallan cada acción de mellora.

| LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA FINALIZADAS 2019-2020 (FFP) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTO** | **ESTADO** |
| **AM-01** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Propoñer actividades formativas (relatorios, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional | Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos, Coordinadores do Prácticum | Maio 2020 | Parcialmente Executada (Covid-19) |
| **AM-02** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Revisar a coordinación dos programas das materias dos Graos, de maneira que se eviten reiteracións ou solapamentos entre elas | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso | Xuño 2020 | Executada |
| **AM-03** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia dos Graos sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa | Coordinacións dos títulos de Grao, Coordinadores de curso | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-04** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Realizar sesións informativas de orientación académica e laboral dirixidas ao estudantado dos Graos (xornada de acollida, medidas de atención á diversidade e necesidades educativas especiais, procedemento de ingreso no corpo de Mestres) | Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Responsable da Área de orientación laboral e emprego | Maio 2020 | Parcialmente executada (Covid-19) |
| **AM-05** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Deseñar, organizar e avaliar cursos sobre competencias informacionais nos Graos, en particular de orientación e apoio para a elaboración de TFGs | Coordinadores dos títulos de Grao, Director da Biblioteca | Xullo 2020 | Executada |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **AM-06** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC | Equipo Decanal e Coordinador do Programa A Ponte na Facultade | Xullo 2020 | Parcialmente executada (Covid-19) |
| **AM-07** | Proposta de mellora | Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións | Equipo Decanal | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |
| **AM-08** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Delimitar as funcións das coordinacións de materia, curso e título dos Graos para evitar duplicidades, e deseñar e implementar instrumentos que faciliten as súas tarefas | Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-09** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum dos Graos; garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6 do Grao de Infantil; buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum dos Graos ao profesorado idóneo; mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre as coordinacións do Prácticum da FFP e a FCE | Coordinadores xerais dos Prácticums (FFP e FCE) | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-10** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Actualizar o Plan xeral do Prácticum | Coordinador xeral do Prácticum (FFP) | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |
| **AM-11** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Ampliar a participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade. | Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-12** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Detectar e comunicar formalmente ao Decanato e aos departamentos implicados todas as incidencias que se detecten en canto á coordinación entre profesorado da | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso | Xullo 2020 | Executada |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | mesma materia. | | | |
| **AM-13** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información dos programas das materias dos Graos publicados na web, así como entre estes e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos. | Coordinadores de Título, Vicedecano. | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-14** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Organizar e difundir actividades de orientación académico-profesional para o alumnado dos Graos. | Coordinadores de título | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-15** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Establecer contacto cos titores externos do Prácticum dos Graos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. | Coordinadores do Prácticum, Profesorado supervisor | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-16** | Proposta de Mellora | Modificar a composición da Comisión de Calidade para mellorar a súa operatividade e darlle máis presenza ao alumnado. | Equipo Decanal Responsable de Calidade | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |
| **AM-17** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Modificar a metodoloxía de recollida de datos (instrumento e procedemento) para unha enquisa de satisfacción do alumnado con respecto ás coordinacións de curso nos Graos | Equipo Decanal, Coordinadores de título | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-18** | Proposta de mellora | Crear un programa (CompetenteS) para promover o bilingüismo no transcurso dos Graos en mestre de EP e EI, mediante o cal se establezan e avalíen as competencias lingüísticas a desenvolver polo alumnado en lingua galega e castelá nas diferentes materias adscritas ao programa. | Equipo Decanal Presidente da Comisión de Normalización Lingüística | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-19** | Propostas de mellora a causa da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria do | Asegurar o cumprimento das obrigas docentes nestas circunstancias excepcionais e a adquisición por parte do alumnado dos Graos das competencias previstas; verificar se o profesorado ten activa un aula virtual, se | Equipo Decanal Coordinadores de título | Abril 2020 | Executada |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Covid-19 | adaptou as súas guías docentes en canto a contidos, planificación, metodoloxía, bibliografía e avaliación, se desenvolveu materiais para a docencia en remoto, se emprega ferramentas para o ensino virtual e se mantén abertas canles de comunicación co alumnado e continúa coa súa función titorial. | | | |
| **AM-20** | Propostas de mellora a causa da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria do Covid-19 | Coñecer as necesidades do alumnado dos Graos e a súa problemática á hora de continuar coas actividades docentes en remoto e á hora de realizar actividades de avaliación non presencial | Equipo Decanal | Abril 2020 | Executada |
| **AM-21** | Propostas de mellora a causa da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria do Covid-19 | Proporcionar formación e recursos ao profesorado da Facultade para continuar coa docencia e a avaliación de xeito non presencial. | Equipo Decanal | Maio 2020 | Executada |
| **AM-22** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde. | Equipo Decanal | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |
| **AM-23** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Reformular e mellorar o procedemento da xornada de acollida nos Graos. | Equipo Decanal Coordinadores de título | Setembro 2019 | Executada |
| **AM-24** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Adoptar metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento. | Coordinadores de título | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-25** | Proposta de mellora | Participar activamente en programas de captación de estudantes | Equipo Decanal | Xullo 2020 | Executada |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **AM-26** | Informes de seguimento do MPES e MDAEN | Propoñer actividades formativas nos Mestrados (relatorios e outras actividades) a cargo de profesionais externos | Coordinadores dos títulos de Mestrado | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-27** | Informe de seguimento do MPES | Deseñar, organizar e avaliar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital) | Coordinador do título de Mestrado, Director da Biblioteca, Responsable servizo PFID | Marzo 2020 | Executada |
| **AM-28** | Informe de seguimento do MPES | Recoller información sobre as actividades de difusión da investigación e innovación educativa organizadas nas distintas especialidades docentes do MPES (ponentes convidados, organización de mesas redondas, etc.). | Coordinador do título de Mestrado, Profesorado do título | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |
| **AM-29** | Informe de seguimento do título de MDAEN | Realizar no MDAEN unha práctica de campo e actividades ao aire libre en Potes (Cantabria) cos estudantes e profesores Universidade de Cumbria, que manteñen un máster similar ao DAEN | Profesorado do título | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |
| **AM-30** | Informe de seguimento do título de MDAEN | Dentro do MDAEN, celebración do Día dos Bosques cunha plantación de árbores autóctonas | Coordinador do título de Mestrado | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |
| **AM-31** | Informe de seguimento MDAEN | Establecer unha lista de control para o examen e aprobación de proxectos de TFM no MDAEN | Comisión do título de Mestrado | Febreiro 2020 | Executada |
| **AM-32** | Informe de seguimento MDAEN | Facer unha acción de difusión por redes sociais e correo electrónico do MDAEN. | Coordinador do título de Mestrado | Xuño 2020 | Executada |
| **AM-33** | Informe de seguimento MDAEN | Animar aos estudantes para que participen nas enquisas de avaliación do título de MDAEN | Coordinador do título de Mestrado | Maio 2020 | Non executada (Covid-19) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **AM-34** | Proposta de mellora MDAEN | Solicitar o cambio de semestre de dúas materias do MDAEN:<br>P3281112 Bases e recursos para o desenvolvemento da Educación Ambiental (pasa ao segundo semestre)<br>P3281110 Equipamentos e organización de actividades (pasa ao primeiro semestre) | Coordinador do título de Mestrado, profesorado do título | Maio 2020 | Executada |
| **AM-35** | Proposta de mellora MDAEN | Permitir aos estudantes do MDAEN o coñecemento de empresas agrícolas exemplares e espazos singulares de conservación do patrimonio rural | Coordinador do título de Mestrado | Febreiro 2020 | Executada |
| **AM-36** | Proposta de mellora | Abordar a elaboración dun novo Plan Estratéxico que defina as prioridades da Facultade para o seguinte periodo | Equipo Decanal, Responsable de Calidade do Centro, Coordinador de Calidade, Coordinadores dos títulos de Grao e Mestrado | Xullo 2020 | Executada |
| **AM-37** | Informe de seguimento MPES | Introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do MPES | Coordinador do título de Mestrado, profesorado do título | Xullo 2020 | Non executada (Covid-19) |

## AM-01

<table>
<tr><td colspan="3">Obxectivo a conseguir: Desenvolver accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral</td></tr>
<tr><td>Responsable do obxectivo: Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos, Coordinadores do Prácticum</td><td>Data inicio: Outubro 2019</td><td>Data fin: Maio 2020</td></tr>
<tr><td colspan="3">Obxectivo estratéxico relacionado OE12 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral</td></tr>
<tr><td colspan="3">Procesos clave relacionados PC-03 Apoio aos estudantes</td></tr>
<tr><td>Indicador/es de medición<br>Número de accións realizadas</td><td colspan="2">Meta a conseguir<br>Manter ou aumentar o número de accións desenvolvidas no curso anterior</td></tr>
<tr><td colspan="3">Accións de mellora relacionadas (Código) AM-01</td></tr>
</table>

| ACCIÓN DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-01 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| **Análise causa**: Necesidade de continuar coa participación de profesionais externos en actividades formativas vinculadas cos títulos de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria | |
| **Definición/ descrición proposta**: Propoñer actividades formativas (relatorios, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional | |
| **Datas** | Finalización: Maio 2020; Inicio: Outubro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos, Coordinadores do Prácticum | |
| **Tarefa1** (AM-01.T1) | |
| **Descrición tarefa:** desenvolver actividades formativas (relatorios, talleres e outras actividades) coa participación de profesionais externos | |
| **Data prevista de finalización**: Maio 2020 | |
| **Responsable**: Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos, Coordinadores do Prácticum | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>No mes de outubro de 2019 desenvolvéronse dous relatorios con profesionais externos dentro da materia “Socioloxía da educación” para alumnado de Primaria e Dobre Grao: o 16 de outubro o Dr Dr. Antonio García-Allut falou sobre “O rol das ONGs na intervención social e a eduación medioambiental: o caso da Fundación Lonxanet”; e o 30 de outubro Indalecio Mejía Mejía (Docente en México. E Investigador na USC) presentou o tema "Educación, economía e desigualdade en América Latina e o Caribe”;<br>O 5 e o 6 de novembro de 2019 tivo lugar a presentación de Tereza Havrankova “Como usar tecnología en el aula de infantil y primaria. Modelo SAMR y aplicaciones para proyectos”. O 5 de novembro celebrouse asimesmo a conferencia “A biblioteca escolar nas aulas do S. XXI” impartida por Pilar Sampedro Martínex, e o 6 de novembro, a profesora de secundaria Irene Romo Poderós falou sobre os avances pedagóxicos na Segunda República no seu relatorio “La Revolución educativa”. O 8 de novembro Ana María Pérez Veiga presentou “Comunidades de Aprendizaxe no CPI Castroverde”. O 14 de novembro, Paula Neira Somoza falou de “Proxectos na Aula” e María Teresa Quelle Vidal impartiu a conferencia “A Educación Infantil 0-3 en Galicia – Rede A Galiña Azul”. O 15 de novembro celebrouse a conferencia “Transformando unha escola”, da man de María Bustelo Miguens. O 18 de novembro Miguel Ángel López González falou sobre “A escrita para nenas e nenos, as redes sociais e o traballo de mestre”. Asimesmo, o 20 de novembro Roberto Pascual Rodríguez presentou “O xogo dramático como ferramenta educativa en Educación Infantil”, e os días 21, 27 e 28 de novembro tiveron lugar tres conferencias sobre o cambio climático para o alumnado de cuarto curso de primaria a cargo de María Teresa Seijas Ferreiro.<br>Para a materia Prácticum II organizouse o 30 de xaneiro de 2020 unha charla-coloquio co profesional externo Iván Rodríguez Alvite (CPR A Milagrosa, Lugo) co título “Transformando as novas mentes”.<br>No mes de marzo estaba prevista (e xa organizada) a celebración na Facultade dunhas xornadas de voluntariado no eido educativo para o alumnado de Infantil e Primaria en colaboración co Servizo | |

| |
|---|
| de Participación e Integración Universitaria do Campus de Lugo, pero a situación de crise sanitaria obrigou a cancelar esta actividade.<br>Asimesmo, no segundo semestre estaba previsto desenvolver unha xornada para introducir a Campaña Mundial pola Educación (CME) con representantes da CME, da que forman parte as ONGs Axuda en Acción, Entreculturas, Educo e Taller de Solidaridad, e que conta co apoio da Xunta de Galicia desde a Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Esta xornada tivo tamén que ser cancelada |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: Por mor da situación de crise sanitaria derivada do Covid-19, que motivou a suspensión da actividade académica presencial, esta tarefa non se desenvolveu de xeito completo,e foi preciso cancelar algunhas das actividades planificadas. |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 dentro do Plan FORTE-FFP |

## AM-02

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir:** Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Responsable do obxectivo:** Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | **Data inicio: Abril 2019** | **Data fin: Xuño 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Informes de coordinación de Título e Curso | **Meta a conseguir**<br>Evitar solapamentos nos programas das materias | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-02** | | |

| | |
|---|---|
| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
| **Código** | AM-02 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa**: Cómpre detectar e solucionar problemas de reiteración ou solapamento de contidos que se produzan nas materias dos Graos | |
| **Definición/ descrición proposta**: Revisar a coordinación dos programas das materias dos Graos, de maneira que se eviten reiteracións ou solapamentos entre elas | |
| **Datas** | Finalización: Xuño 2020; Inicio: Abril 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SÍ<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | |
| **Tarefa1** (AM-02.T1) | |
| **Descrición tarefa:** Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente e solapamento de contidos | |
| **Data prevista de finalización**: Xuño 2020 | |
| **Responsable**: Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | |
| **Estado** Finalizada | |

| Comprobación tarefa |
|---|
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP, o labor realizado polas diferentes coordinacións de curso, que reciben comunicacións enviadas polos delegados de curso, permite recoller as incidencias rexistradas sobre coordinación docente e solapamentos de contidos. Esas incidencias recóllense no informe anual de seguimento elaborado polas coordinacións de título |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias:** Por mor da situación de crise sanitaria, os programas das materias do curso 20-21 das titulacións de Grao foron revisados polos coordinadores de curso atendendo ás *Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura para o curso 2020-2021* e mediante o emprego dunha **ficha** deseñada ao efecto dende as coordinacións de título, de feito que puideran ser detectadas incidencias antes da aprobación dos programas polos correspondentes departamentos e pola Xunta de Facultade (véxase Adendas aos Autoinformes de Seguimento dos Títulos de Grao). |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |
| **Tarefa2** (AM-02.T2) |
| **Descrición tarefa**: Traslado das incidencias relativas a coordinación docente ou solapamento de contidos aos departamentos responsables da docencia das materias afectadas ou ao propio profesorado para que se resolvan á maior brevidade posible. |
| **Data prevista de finalización**: Xuño 2020 |
| **Responsable**: Decano, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso |
| **Estado** Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP, detectouse unha incidencia en termos do posible solapamento de contidos en dúas materias do Dobre Grao a través de comunicacións remitidas polos delegados do curso. Esta incidencia foi trasladada ao profesorado responsable das materias e resolveuse satisfactoriamente, xa que se verificou que non existían de feito solapamentos. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |

## AM-03

| **Obxectivo a conseguir:** Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo:** Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | **Data inicio: Decembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Informes de coordinación de Título e Curso | **Meta a conseguir**<br>Axustar os sistemas de avaliación ás directrices establecidas nos programas das materias | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-03** | | |

| ACCIÓN DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-03 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa:** Necesidade de mellorar o sistema de avaliación en determinadas materias dos Graos | |
| **Definición/ descrición proposta**: Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia dos Graos sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Decembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada ; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| Responsables Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | |
| **Tarefa1** (AM-03.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Recollida de incidencias sobre desaxustes entre o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia dos Graos e o establecido no programa. Comunicación das incidencias aos responsables para proceder á corrección dos desaxustes detectados. | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP, o labor realizado polas diferentes coordinacións de curso, que reciben comunicacións enviadas polos delegados de curso, permite recoller as incidencias rexistradas sobre o proceso de avaliación. Esas incidencias recóllense no informe anual de seguimento elaborado polas coordinacións de título. No curso 2019-2020 non se detectaron incidencias a este respecto. | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias:** | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 | |

## AM-04

| **Obxectivo a conseguir:** Mellorar a formación académica e profesional do alumnado | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo**<br>Equipo Decanal<br>Coordinadores dos títulos de Grao<br>Responsable da Área de orientación laboral e emprego | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Maio 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE12 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-03 Apoio aos estudantes | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Número de actividades desenvolvidas, | **Meta a conseguir**<br>Manter ou aumentar o número de actividades | |

| | |
|---|---|
| Enquisas de satisfacción | desenvolvidas o curso anterior |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-04** | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-04 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| **Análise causa**: Necesidade de mellorar os mecanismos de orientación académica e profesional dos estudantes dos Graos | |
| **Definición/ descrición proposta**: Realizar sesións informativas de orientación académica e laboral dirixidas ao estudantado dos Graos (xornada de acollida, medidas de atención á diversidade e necesidades educativas especiais, procedemento de ingreso no corpo de Mestres) | |
| **Datas** | Finalización: Maio 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Responsable da Área de orientación laboral e emprego | |
| **Tarefa1** (AM-04.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Realizar sesións informativas de orientación académica e laboral dirixidas ao estudantado dos Graos | |
| **Data prevista de finalización**: Maio 2020 | |
| **Responsable**: Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Responsable da Área de orientación laboral e emprego | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP-Lugo desenvolveuse a xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso, que foi redeseñada e axustada en función dunha acción de mellora específica finalizada no curso 2019-2020 (AM-23), planificándose as actividades en dúas xornadas e seleccionando e redistribuindo a información proporcionada. Ademáis, o alumnado cubriu unha enquisa de satisfacción, obténdose resultados altamente positivos (nunha escala de 1 a 4, as respostas obtidas encádranse nas puntuacións 3 e 4 (bastante ou moi satisfeito). Os comentarios realizados polo alumnado apuntan á necesidade de mellorar certos aspectos da xornada, procedendo a unha nova reformulación cara ao curso seguinte.<br>Por outra banda, a FFP colaborou na difusión dun seminario online de elaboración de ferramentas para a busca de emprego organizado pola Área de Orientación Laboral e Emprego.<br>Por mor da situación de crise sanitaria, que restrinxiu a actividade académica, non foi posible levar a cabo todas as actividades que se adoitan desenvolver con respecto á formación e orientación académico-profesional do alumnado (orientación para o procedemento de ingreso no corpo de Mestres) | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias:** Por mor da situación de crise sanitaria, que interrompeu a actividade académica presencial, non foi posible levar a cabo todas as actividades que se adoitan desenvolver con respecto á formación e orientación académico-profesional do alumnado (orientación para o procedemento de ingreso no corpo de Mestres) | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 dentro do Plan FORTE-FFP | |

## AM-05

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir:** Mellorar a formación académica e profesional do alumnado | | |
| **Responsable do obxectivo** Coordinadores dos títulos de Grao<br>Director da Biblioteca | **Data inicio: Outubro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE12 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-03 Apoio aos estudantes | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Número de actividades desenvolvidas, Resultados da aprendizaxe (cualificacións TFGs, cualificacións dos cursos) | **Meta a conseguir**<br>Manter o número de actividades desenvolvidas o curso anterior | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-05** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-05 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| **Análise causa:** Necesidade de potenciar a adquisición de competencias informacionais por parte dos estudantes dos Graos | |
| **Definición/ descrición proposta**: Deseñar, organizar e avaliar cursos sobre competencias informacionais nos Graos, en particular de orientación e apoio para a elaboración de TFGs | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Outubro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinadores dos títulos de Grao, Director da Biblioteca | |
| **Tarefa1** (AM-05.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Organizar e desenvolver cursos de adquisición de competencias informacionais dirixidas ao estudantado dos Graos | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Coordinadores dos títulos de Grao, Director da Biblioteca | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP-Lugo desenvolvéronse en primeiro e cuarto curso de Infantil e Primaria os cursos para a adquisición de competencias informacionais a niveis básico e avanzado de xeito telemático. O curso avanzado está especialmente enfocado cara a mellorar a formación do alumnado para a elaboración dos TFGs.<br>No ano académico 2019-2020, o curso para o alumnado de primeiro desenvolveuse cun bo dato de matrícula e resultados (186 matriculados e 143 aptos nos dous Graos). O curso avanzado desenvolveuse durante o periodo de confinamento, polo que o número de matriculados e de alumnado que finalmente o superou non foi moi elevado (56 matriculados e 36 aptos nos dous | |

| |
|---|
| Graos). Porén, cómpre sinalar que os estudantes xa reciben unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademáis contan co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística.<br>Polo que respecta aos resultados da aprendizaxe que se desprenden das cualificacións obtidas nos TFGs, estes apuntan a un cumprimento satisfactorio dos obxectivos. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias:** |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 dentro do Plan FORTE-FFP |

## AM-06

| **Obxectivo a conseguir:** Participar en programas de captación de estudantes | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo**<br>Equipo Decanal,<br>Coordinador do Programa A Ponte na Facultade | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE03 Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC. | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-01 Análise de perfil de ingreso e captación | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Participación no programa A Ponte e en XuvenCiencia; número de centros contactados e accións desenvolvidas | **Meta a conseguir**<br>Dar a coñecer a oferta formativa dos Graos na FFP a futuro alumnado, mantendo ou incrementando os contactos cos centros de ensino medio | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-06** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-06 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| **Análise causa**: Conveniencia de continuar participando nos programas de captación de estudantes | |
| **Definición/ descrición proposta**: Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade | |
| **Tarefa1** (AM-06.T1) | |
| **Descrición tarefa:** Participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC | |
| **Data prevista de finalización:** Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade | |

**Estado** Finalizada

**Comprobación tarefa**

**Descrición Comprobación**

No curso 2019-2020 continuouse coa participación no programa A Ponte, desenvolvéndose as seguintes actividades:

**Encontros no Campus Terra**

Xornada do 5 de febreiro de 2019: centros participantes e número de alumnos

- CPR Sagrado Corazón – Ribadeo (9)
- IES Daviña Rey – Monforte (17)
- IES de Becerreá (3)
- IES de Monterroso (3)
- IES Illa de Sarón – Xove (8)
- IES María Sarmiento – Viveiro (27)
- IES Val do Asma – Chantada (10)

Total estudantes recibidos: 77 (29,61%)

Xornada do 7 de marzo de 2019: centros participantes e número de alumnos

- CIFP As Mercedes (Lugo) (10)
- CPI Dr. López Suárez – Friol (4)
- IES da Terra Chá – Castro (4)
- IES Sanxillao – Lugo (4)
- IES Lucus Augusti – Lugo (2)

Total estudantes recibidos: 24 (9,23%)

Xornada do 12 de abril de 2019: centros participantes e número de alumnos

- IES Enrique Muruais – A Pontenova (3)
- IES Gregorio Fernández – Sarria (2)
- IES Poeta Díaz Castro – Guitiriz (7)
- IES Leiras Pulpeiro – Lugo (29)
- IES Anxel Fole – Lugo (19)
- CPR Divina Pastora-Salesianos – Lugo (16)
- CPR San José – Lugo (8)

Total estudantes recibidos: 84 (21,48%)

**Visitas a centros**

Colexio Compañía de María – Vigo
29 de novembro de 2019
37 estudantes de 2º Bacharelato

CPR Plurilingüe Divino Maestro – Lugo
17 de xaneiro de 2020
24 estudantes de 4º ESO

IES Enrique Muruais – A Pontenova
28 de xaneiro de 2020

| |
|---|
| 33 estudantes de 1º-2º Bacharelato<br><br>IES do Camiño – Palas de Rei<br>31 de xaneiro de 2020<br>15 estudantes de 2º Bacharelato<br><br>III Xornadas de Orientación Académica e Profesional do Concello de Ferrol<br>Información sobre o Dobre Grao, por petición da organización<br>4 de marzo de 2020<br>60 estudantes de ESO e Bacharelato<br><br>IES A Pinguela – Monforte de Lemos<br>10 de marzo de 2020<br>27 estudantes de 2º Bacharelato<br>Con respecto a XuvenCiencia, por mor do Covid-19 esta actividade desenvolveuse cun programa máis reducido, e nesta ocasión non foi posible participar. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |

## AM-07

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir:** Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro | | |
| **Responsable do obxectivo**<br>Equipo Decanal | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE08 Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro. | | |
| **Procesos clave relacionados** PE-02 Revisión e mellora | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Número de estudantes nos órganos colexiados e comisións | **Meta a conseguir**<br>Manter e aumentar o número de estudantes nos órganos colexiados e comisións | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-07** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-07 |
| **Orixe** | Proposta de mellora |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz na que se encadra.<br>Directriz 1: Política e obxectivos de calidade |
| **Análise causa:** Necesidade de promover a participación dos estudantes nos órganos colexiados da Facultade, especialmente na comisión de calidade cun mínimo dun estudante por cada titulación | |
| **Definición/ descrición proposta**: Fomentar e incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: NON<br>Data Estado: Abril 2021 |

| |
|---|
| **Responsables** Equipo Decanal |
| **Tarefa1** (AM-07.T1) |
| **Descrición tarefa**: Fomentar e incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 |
| **Responsable**: Equipo Decanal |
| **Estado** Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>Non foi posible avanzar nesta acción durante o curso 2019-2020 por mor da situación de crise sanitaria derivada do Covid-19, que provocou o adiamento dos procesos electorais para o curso seguinte. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |

## AM-08

| **Obxectivo a conseguir:** Avanzar nos procesos de mellora da coordinación docente | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo** Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición** Documento Marco de funcións das diferentes coordinacións | **Meta a conseguir** Delimitación de funcións e mellora dos procedementos | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-08** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-08 |
| **Orixe** | Informes de seguimento GMEP e GMEI |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa** Problemática de reparto de funcións entre os diferentes tipos de coordinación dos Graos (título, curso e materia), que afecta á boa marcha dos procedementos. | |
| **Definición/ descrición proposta**: Delimitar as funcións das coordinacións de materia, curso e título dos Graos para evitar duplicidades, e deseñar e implementar instrumentos que faciliten as súas tarefas | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SÍ<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Equipo Decanal e Coordinadores dos títulos de Grao | |

| |
|---|
| **Tarefa1** |
| **Descrición tarefa**: Delimitar as funcións das coordinacións de materia, curso e título dos Graos para evitar duplicidades |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 |
| **Responsable**: Equipo Decanal e Coordinadores dos títulos de Grao |
| **Estado** Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP-Lugo, o equipo Decanal e os coordinadores dos títulos de Grao de Infantil e Primaria elaboraron un documento marco onde se delimitan as funcións das diferentes coordinacións (materia, curso e título), contando coa colaboración dos coordinadores de curso. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias:** |
| **Axustes/Novas tarefas**: |
| **Tarefa2** |
| **Descrición tarefa**: Deseñar e implementar instrumentos que faciliten as tarefas de coordinación |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 |
| **Responsable**: Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos e coordinadores de curso |
| **Estado** Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>O documento marco acompáñase dunha serie de documentos e directrices para facilitar os labores de coordinación nos seus diferentes niveis: listaxe de control para a revisión de programas das materias por parte das coordinacións; orientación sobre as táboas para a recollida de actividades transversais, ApS, etc.; protocolo para solicitar cambios de grupo interactivo; modelo de informe final para os coordinadores de curso; e enquisa de coordinación de materias do semestre/curso destinada ao alumnado. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 (implementar os instrumentos) |

## AM-09

| **Obxectivo a conseguir:** Mellorar a organización do Prácticum | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo:**<br>Coordinador Xeral do Prácticum | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE05 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum. | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Reunións de equipos de coordinación, listaxe de asignación de centros de prácticas | **Meta a conseguir**<br>Mellorar os protocolos de organización do Prácticum | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-09** | | |

| ACCIÓN DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-09 |
| **Orixe** | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa**: Necesidade de mellorar os protocolos de organización do Prácticum dos Graos | |
| **Definición/ descrición proposta**: Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum dos Graos; garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6 do Grao de Infantil; buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum dos Graos ao profesorado idóneo; mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre as coordinacións do Prácticum da FFP e a FCE | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SÍ<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinadores xerais dos Prácticums (FFP e FCE) | |
| **Tarefa1** (AM-09.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum dos Graos | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Coordinador Xeral do Prácticum | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>Os equipos de coordinación dos diferentes Prácticum reúnense habitualmente en distintos momentos ao longo do curso, por exemplo para a elaboración dos programas das materias para o curso seguinte. Cómpre engadir que existe notable fluidez comunicativa e toma de decisións compartidas dos diferentes equipos docentes do Prácticum a través do correo-e, o que en ocasións fai innecesaria a celebración de xuntanzas presenciais, máxime considerando a dificultade de conciliación dos tempos dispoñibles dos diferentes docentes responsables do Prácticum, algúns deles con outro traballo fóra da USC.<br>No curso 2019-2020, por mor da situación derivada da crise sanitaria, as reunións da coordinación xeral do prácticum, os coordinadores de materia e o profesorado supervisor tiveron lugar de xeito telemático, empregando a ferramenta Microsoft Teams e o correo-e institucional (véxanse Adendas aos Autoinformes de seguimento dos títulos de Grao). | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias**: | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 | |
| Tarefa2 (AM-09.T2) | |
| **Descrición tarefa**: garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6 do Grao de Infantil | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Coordinador Xeral do Prácticum | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación** | |

| |
|---|
| O alumnado está informado de que, no conxunto da carreira, a estadía dun dos Prácticum debe ser realizada nun centro educativo que se encargue do período 0-3 e outra das estadías debe ser realizada nun centro educativo que se encargue do período 3-6. A coordinación xeral do Prácticum procurou que as eleccións do alumnado ao respecto cumpriran con esta indicación |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |
| Tarefa3 (AM-09.T3) |
| **Descrición tarefa**: buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum dos Graos ao profesorado idóneo e mellorar a formación deste profesorado |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 |
| **Responsable**: Coordinador Xeral do Prácticum |
| **Estado** Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>No curso 2019-2020, por mor da crise sanitaria derivada do Covid-19 non foi posible implementar accións para mellorar a formación do profesorado participante no Prácticum. A tarefa adíase para o curso 2020-2021. Por outra banda, cómpre sinalar que a asignación de docencia faise dende os departamentos, polo que a Facultade non ten ningún tipo de capacidade de actuación neste sentido. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |
| Tarefa4 (AM-09.T4) |
| **Descrición tarefa**: Establecer mecanismos de coordinación intercentros para o Prácticum |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 |
| **Responsable**: Coordinador Xeral do Prácticum |
| **Estado** Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>Entre as coordinacións e os diferentes equipos docentes do Prácticum existe unha comunicación fluida e tómanse decisións compartidas a través do correo-e. Asimesmo, existe un proceso de coordinación por parte da Comisión Intercentros, que analiza e debate posibles incidencias xurdidas a este respecto e consensúa decisións. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |

## AM-10

| **Obxectivo a conseguir:** Adaptar o Plan Xeral do Prácticum á nova organización dos Graos | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo** Coordinador Xeral do Prácticum | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE05 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum. | | |

| | |
|---|---|
| **Procesos clave relacionados** PC-02 Planificación das ensinanzas | |
| **Indicador/es de medición**<br>Documento do Plan xeral do prácticum actualizado | **Meta a conseguir**<br>Actualización do Plan xeral do prácticum |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-10** | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-10 |
| **Orixe** | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa**: Cómpre actualizar o Plan xeral do Prácticum para axustalo ás características dos Prácticums nas novas edicións dos Graos | |
| **Definición/ descrición proposta**: actualizar o Plan xeral do Prácticum | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: NON<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinador xeral do Prácticum | |
| Tarefa1 (AM-10.T1) | |
| **Descrición tarefa**: actualizar o Plan xeral do Prácticum | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Coordinador Xeral do Prácticum | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>No curso 2019-2020, por mor da situación derivada da crise sanitaria, non foi posible completar esta tarefa. | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias**: | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 | |

## AM-11

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir:** Aumentar a participación do alumnado dos Graos en programas de mobilidade | | |
| **Responsable do obxectivo**<br>Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE07 Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade. | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |

| | |
|---|---|
| **Indicador/es de medición**<br>Número de prazas de mobilidade concedidas | **Meta a conseguir**<br>Manter ou aumentar o número de prazas de mobilidade concedidas |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-11** | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-11 |
| **Orixe** | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| **Análise causa**: Baixa participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade. | |
| **Definición/ descrición proposta**: Ampliar a participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade. | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | |
| **Tarefa1** (AM-11.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro. | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>O alumnado foi debidamente informado sobre todas as sesións e actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores, así como de todas as convocatorias de mobilidade, por medio da RAM, os coordinadores académicos de intercambios e os coordinadores de título, e engadindo a colaboración dos coordinadores de curso.<br>A mobilidade saínte aumentou de 5 alumnos no curso 2018-2019 a 8 no curso 2019-2020. Porén, a participación do alumnado en programas de mobilidade continúa a ser baixa, maiormente por cuestións económicas, de competencia lingüística, e de limitacións nas equivalencias entre os programas ofertados polas universidades de destino e o nosos planos de estudos. Unha razón específica para a baixa participación nos programas SICUE é a ausencia de bolsas. Por outra banda, o aumento da oferta académica de destinos é complicada, tendo en conta as limitacións dos nosos planos de estudos, que non contan con suficientes materias impartidas noutras linguas aparte da castelá e a galega, o que supón unha dificultade á hora de atopar universidades de destino que accedan a intercambios. | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias**: | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 | |

## AM-12

| Obxectivo a conseguir: Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo:** Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Informes de coordinación de Título e Curso | **Meta a conseguir**<br>Mellorar a coordinación entre docentes da mesma materia para contribuír á mellora da calidade da docencia | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-12** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-12 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa**: En materias dos Graos impartidas por varios profesores/as pódense producir problemas de coordinación | |
| **Definición/ descrición proposta**: Detectar e comunicar formalmente ao Decanato e aos departamentos implicados todas as incidencias que se detecten en canto á coordinación entre profesorado da mesma materia. | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | |
| **Tarefa1** (AM-12.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente entre profesorado das mesmas materias | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP, o labor realizado polas diferentes coordinacións de curso, que á súa vez reciben comunicacións enviadas polos delegados de curso, permite recoller as incidencias rexistradas sobre coordinación docente. Esas incidencias recóllense no informe anual de seguimento elaborado polas coordinacións de título. No curso 2019-2020 non se rexistraron incidencias. | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias**: | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 | |

| **Tarefa2** (AM-12.T2) |
|---|
| **Descrición tarefa**: Traslado de incidencias ao Decanato e aos departamentos sobre problemas de coordinación docente entre profesorado das mesmas materias |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 |
| Responsable: Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos |
| Estado Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>Non se rexistraron incidencias |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |

## AM-13

| **Obxectivo a conseguir:** Axustar a información dos programas das materias dos Graos ás Memorias Verificadas dos Títulos. | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo:** Coordinadores dos títulos de Grao, Vicedecano | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado:** OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-02 Planificación das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Informes de coordinación de Título e Curso | **Meta a conseguir**<br>Axustar a información dos programas das materias dos Graos ás Memorias Verificadas dos Títulos. | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-13** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-13 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa**: Necesidade de analizar o axuste entre a información dos programas das materias dos Graos publicados na web e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos. | |
| **Definición/ descrición proposta**: Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información dos programas das materias dos Graos publicados na web, así como entre estes e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos. | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada [Activa ou Finalizada]; Eficacia:<br>SI [SI/NON, só sae se está finalizada];<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinadores dos títulos de Grao, Vicedecano | |
| **Tarefa1** (AM-13.T1) | |

| |
|---|
| **Descrición tarefa**: Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información dos programas das materias dos Graos publicados na web, así como entre estes e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos. |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 |
| **Responsable**: Coordinadores dos títulos de Grao, Vicedecano |
| **Estado** Finalizada |
| **Comprobación tarefa** |
| **Descrición Comprobación**<br>Na FFP, a través das coordinacións de curso dase conta dos desaxustes que se detecten entre a normativa de programación e os programas das materias informando ao profesorado implicado e, de ser o caso, ao Equipo Decanal. Asimesmo, para reforzar a primeira revisión realizada polos departamentos, ínstase ao profesorado responsable das materias e aos coordinadores das mesmas a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos. Esta función dos coordinadores de materia aparece explicitada no Documento Marco de funcións das coordinacións (AM-13 2019-2020). |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 |

## AM-14

| **Obxectivo a conseguir:** Potenciar as accións de orientación académico-profesional do alumnado | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo:** Coordinadores dos títulos de Grao | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE12 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-03 Apoio aos estudantes | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Número de accións realizadas | **Meta a conseguir**<br>Manter ou aumentar o número de accións desenvolvidas no curso anterior | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-14** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-14 |
| **Orixe** | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| **Análise causa**: Necesidade de proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado dos Graos | |
| **Definición/ descrición proposta**: Organizar e difundir actividades de orientación académico-profesional para o alumnado dos Graos | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SÍ |

| | |
|---|---|
| | Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinadores dos títulos de Grao | |
| **Tarefa1** (AM-14.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Organizar e difundir actividades de orientación académico-profesional para o alumnado dos Graos | |
| **Data prevista de finalización**: Maio 2020 | |
| **Responsable**: Coordinadores dos títulos de Grao | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>Ao remate do curso 2019-20 desenvolveuse a sesión orientativa sobre as mencións cualificadoras para o alumnado de segundo,que por mor da suspensión da actividade académica presencial tivo lugar de xeito telemático, e foi complementada con información sobre as diferentes mencións posta a disposición do alumnado a través da páxina de coordinación de curso no campus virtual. Asimesmo, empregouse o campus virtual para orientar ao alumnado de primeiro sobre a corrección de traballos escritos, e desenvolvéronse sesións específicas (competencia en comunicación oral) con vistas ao desenvolvemento de competencias transversais, útiles desde o punto de vista académico e profesional.<br>En decembro de 2019 desenvolvéronse asimesmo dúas prácticas de campo interdisciplinares co alumnado de terceiro de primaria para traballar aspectos didácticos da paisaxe, asi como a evolución da paisaxe tendo en conta a dimensión natural e a socio-histórica. Estas actividades perseguen unha nova sensibilización, a través da cognición e a emoción, e un entendemento da educación interdisciplinaria mediante a praxe, contribuíndo á formación académico-profesional do alumnado. | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias:** | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 dentro do Plan FORTE-FFP | |
| **Tarefa2** (AM-14.T2) | |
| **Descrición tarefa**: deseño dunha presentación con información para a orientación académico-profesional do alumnado (mencións, saídas profesionais, etc.) e difusión da mesma. | |
| **Data prevista de finalización**: Maio 2020 | |
| **Responsable**: Equipo decanal, Coordinadores dos títulos de Grao | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**: A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración cos coordinadores dos títulos, recolleu información para a elaboración dunha presentación destinada a proporcionar orientación académico-profesional do alumnado de nova incorporación (AM-25 2019-2020), que se colgou na web do Campus Terra e se empregará como ferramenta de orientación académico-profesional para o alumnado da FFP. | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias**:. | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 dentro do Plan FORTE-FFP | |

## AM-15

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir:** Mellorar a organización do Prácticum | | |
| **Responsable do obxectivo:** Coordinador Xeral do Prácticum, Profesorado supervisor | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE05 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum. | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición** Alomenos dous contactos entre cada titor dos centros de prácticas e cada supervisor da FFP | **Meta a conseguir** Manter os contactos mínimos cos titores externos do prácticum | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-15** | | |

| | |
|---|---|
| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
| **Código** | AM-15 |
| **Orixe** | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| **Análise causa**: Malia aos avances realizados, cómpre mellorar a coordinación entre as Facultades e os colexios colaboradores. A dispersión dos centros de prácticas e a cantidade de alumnado da titulación dificulta a adecuada relación coas institucións onde se realizan as prácticas. | |
| **Definición/ descrición proposta**: Establecer contacto cos titores externos do Prácticum dos Graos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SÍ<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Coordinador xeral do Prácticum, profesorado supervisor | |
| **Tarefa1** (AM-15.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Establecer contacto cos titores externos do Prácticum dos Graos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Coordinador Xeral do Prácticum, profesorado supervisor | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>A coordinación xeral do prácticum mantense en contacto coas direccións dos centros, e todo o profesorado supervisor establece contacto co profesorado titor das entidades colaboradoras do Prácticum. Esta relación concrétase, en primeiro lugar, cunha carta de presentación e información, dirixida ás titoras e titores, sobre as tarefas que a/o estudante en prácticas debería realizar na correspondente entidade. Por outra banda, durante a fase de estadía do alumnado nos centros colaboradores, o profesorado supervisor contacta de maneira presencial, telefónica ou por correo-e coas titoras e titores do alumnado supervisado, nunha ou en dúas ocasións (habitualmente no inicio e no remate do período de estadía), tal e como se recolle nas guías docentes das materias. | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias**: | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 | |

## AM-16

| Obxectivo a conseguir: Modificar a composición da comisión de Calidade | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo:** Equipo Decanal<br>Responsable de Calidade | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE08 Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro. | | |
| **Procesos clave relacionados** PE-02 Revisión e mellora | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Número de integrantes da comisión de calidade, número de estudantes na comisión de calidade | **Meta a conseguir**<br>Reducir o número total de membros da comisión de calidade e aumentar o número de estudantes nesa comisión | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-16** | | |

| ACCIÓN DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-16 |
| **Orixe** | Proposta de mellora |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 1: Política e obxectivos de calidade |
| **Análise causa**: A cantidade de persoas implicadas na Comisión de Calidade dificulta o bo funcionamento da mesma | |
| **Definición/ descrición proposta**: Modificar a composición da Comisión de Calidade para mellorar a súa operatividade e darlle máis presenza ao alumnado. | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: NON<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Equipo Decanal, Responsable de Calidade | |
| **Tarefa1** (AM-16.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Modificar a composición da Comisión de Calidade para mellorar a súa operatividade e darlle máis presenza ao alumnado. O reaxuste implicaría, como mínimo, a baixa dos coordinadores de curso na composición da comisión. | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Equipo Decanal, Responsable de Calidade | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>Por mor da crise sanitaria derivada do Covid-19 non foi posible avanzar no desenvolvemento desta tarefa, que se adía para o curso 2020-2021 | |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 | |
| **Incidencias**: | |
| **Axustes/Novas tarefas**: manter para o curso 2020-2021 | |

## AM-17

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir:** Reformular os mecanismos de recollida de datos sobre satisfacción, queixas, suxestións, etc. para mellorar a calidade da docencia e a organización docente. | | |
| **Responsable do obxectivo:** Equipo Decanal<br>Coordinadores de título | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Enquisa de coordinación de curso | **Meta a conseguir**<br>Reformular os mecanismos de recollida de datos sobre satisfacción, queixas, suxestións, etc. para mellorar a calidade da docencia e a organización docente. | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-17** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-17 |
| **Orixe** | Informe de seguimento do GMEI e GMEP |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 1: Política e obxectivos de calidade |
| **Análise causa**: Baixa participación do alumnado e información moi xeral obtida sobre a satisfacción do alumnado con aspectos relativos á coordinación de curso | |
| **Definición/ descrición proposta**: Modificar a metodoloxía de recollida de datos (instrumento e procedemento) para unha enquisa de satisfacción do alumnado con respecto ás coordinacións de curso nos Graos | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Equipo Decanal, Coordinadores de título | |
| **Tarefa1** (AM-17.T1) | |
| **Descrición tarefa**: Modificar a metodoloxía de recollida de datos (instrumento e procedemento) para unha enquisa de satisfacción do alumnado con respecto ás coordinacións de curso nos Graos | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| **Responsable**: Equipo Decanal, Coordinadores de título | |
| **Estado** Finalizada | |
| **Comprobación tarefa** | |
| **Descrición Comprobación**<br>O equipo decanal, en colaboración cos coordinadores de título, deseñou unha enquisa de coordinación de materias do semestre/curso para o alumnado, que forma parte do documento marco de funcións das differentes coordinacións. A enquisa, que está deseñada para poder ser cuberta polo alumnado desde o seu dispositivo móbil, contempla distintas opcións para identificar ao alumnado de Infantil, Primaria ou Dobre Grao, contén ter preguntas sobre diferentes aspectos de coordinación de curso (horarios, solapamentos de contidos entre materias, carga de traballo, etc.) para marcar | |

| |
|---|
| a resposta nunha escala de 1 a 4, e incorpora apartados de observacións para engadir comentarios sobre materias concretas. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: |

## AM-18

| | | |
|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir:** Mellorar a competencia lingüística do estudantado dos Graos en galego e castelán | | |
| **Responsable do obxectivo:** Equipo Decanal<br>Coordinador da Comisión de Normalización Lingüística | **Data inicio: Setembro 2019** | **Data fin: Xullo 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-03 Apoio aos estudantes | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Número de materias integradas no programa. | **Meta a conseguir**<br>Manter ou aumentar o número de materias integradas no programa | |
| **Accións de mellora relacionadas**<br>**(Código) AM-18** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-18 |
| **Orixe** | Proposta de mellora |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado. |
| **Análise causa**: Necesidade de mellorar a competencia lingüística do estudantado dos Graos da facultade, a fin de capacitalo para impartir profesionalmente a súa docencia en galego e en castelán | |
| **Definición/ descrición proposta**: Crear un programa (CompetenteS) para promover o bilingüismo no transcurso dos Graos en mestre de EP e EI, mediante o cal se establezan e avalíen as competencias lingüísticas a desenvolver polo alumnado en lingua galega e castelá nas diferentes materias adscritas ao programa. | |
| **Datas** | Finalización: Xullo 2020; Inicio: Setembro 2019 |
| **Estado/Eficacia** | Estado: Finalizada; Eficacia: SI<br>Data Estado: Abril 2021 |
| **Responsables** Equipo Decanal, Presidente da Comisión de Normalización Lingüística da FFP | |
| **Tarefa1** | |
| **Descrición tarefa**: Crear un programa (CompetenteS) para promover o bilingüismo no transcurso dos Graos en Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria | |
| **Data prevista de finalización**: Xullo 2020 | |
| Responsable: Equipo Decanal, Coordinador da Comisión de normalización Lingüística | |
| Estado Finalizada | |

| Comprobación tarefa |
|---|
| **Descrición Comprobación**<br>No curso 2019-20 púxose en marcha o proxecto CompetenteS na FFP, despois do seu inicio piloto no 2016-17. Para este proxecto cóntase co profesorado dos dous graos que voluntariamente se preste a colaborar. O profesorado participante incluirá a seguinte información sobre o proxecto nos seus programas:<br>Obxectivos: Acadar e acreditar, por parte do alumnado, competencia en lingua castelá/galega, por formar parte a materia do proxecto CompetenteS impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade<br>Metodoloxía: Esta materia e o seu/a súa docente participan do proxecto CompetenteS impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade, co perfil de castelán/galego. Por iso o/a profesor/profesora desenvolverá a docencia da materia en lingua castelá/galega, á marxe de que parte dos textos escritos que o alumnado deberá ler puideran estar redactados noutra lingua<br>Avaliación (perfil lingüístico castelán): En virtude da participación desta materia no proxecto CompetenteS impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade (co perfil de castelán), as e os estudantes normalmente presentarán en castelán tanto as súas exposicións orais como os traballos escritos da materia. Ao mesmo tempo seranlles valoradas no apartado de participación activa as súas intervencións en castelán.<br>Avaliación (perfil lingüístico galego): En virtude da participación desta materia no proxecto CompetenteS impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade (co perfil de galego), e coa intención de que o/a profesor/profesora poida polo tanto avaliar o dominio por parte do alumnado da competencia T2 da USC (coñecemento instrumental da lingua galega, tanto a nivel oral como escrito), as e os estudantes normalmente presentarán en galego tanto as súas exposicións orais como os traballos escritos da materia. Ao mesmo tempo seranlles valoradas no apartado de participación activa as súas intervencións en galego.<br><br>O proxecto contou no curso 2019-2020 cun total de 21 materias de formación básica, obrigatorias e optativas adscritas, impartidas nos Graos de Primaria e Infantil e máis no Dobre Grao, tres delas con perfil de castelán e 18 con perfil de galego. |
| **Data Comprobación**: Abril 2021 |
| **Incidencias**: |
| **Axustes/Novas tarefas**: Manter para o curso 2020-2021 no plan FORTE-FFP |

## AM-19

| **Obxectivo a conseguir:** Mellorar a organización docente | | |
|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo:**<br>Equipo Decanal<br>Coordinadores de título | **Data inicio: Marzo 2019** | **Data fin: Abril 2020** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente | | |
| **Procesos clave relacionados** PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| **Indicador/es de medición**<br>Informe de cumprimento das obrigas docentes | **Meta a conseguir**<br>Asegurar o mantemento da calidade docente en circunstancias excepcionais | |
| **Accións de mellora relacionadas (Código) AM-19** | | |

| **ACCIÓN DE MELLORA** | |
|---|---|
| **Código** | AM-19 |
| **Orixe** | Proposta de mellora |
| **Ámbito de aplicación** | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.<br>Directriz 3: Garantía de aprendizaxe,ensinanza e avaliación centrados no alumnado. |
Polo que respecta ao **Sistema de Garantía de Calidade**, a implantación do SGC no ano 2011 posibilitou o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. Neste senso, cómpre deixar constancia de que, en setembro do 2018, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo mapa de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos clave e 6 procesos de soporte. O Manual do Sistema de Garantía de Calidade está dispoñible na páxina web da facultade, visible para calquera persoa interesada.

Por mor da situación de crise sanitaria derivada do Covid-19, que obrigou a establecer prioridades nas actividades académicas e de xestión, a acción de mellora **AM-07** (sobre o aumento da participación do alumnado nos órganos colexiados e comisións) non puido completarse, xa que os procesos electorais foron adiados. Consonte ás recomendacións realizadas no SGC, para o curso 2020-2021 proponse a continuidade desta acción de mellora encamiñada a fomentar e aumentar a representación do alumnado nas diferentes comisións e órganos colexiados (**AM-24** 2020-2021).

Do mesmo xeito, polas razóns anteriormente sinaladas non foi posible avanzar na accion de mellora **AM-16** do curso 2019-2020 (modificar a composición da Comisión de Calidade para mellorar a súa operatividade e darlle máis presenza ao alumnado), polo que se propón como acción aberta para o 2020-2021 (**AM-25**)

## D1.C. COORDINACIÓN DE CENTROS QUE IMPARTEN OS MESMOS TÍTULOS

Con respecto aos títulos que se imparten en varios centros da universidade, é preciso valorar se as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

Os títulos do Grao de Primaria e Infantil e o Mestrado MPES impártense en dous centros da USC: a Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (FFP-Lugo) e a Facultade de Ciencias da Educación de Santiago (FCE-Santiago). Estes centros procuran a maior coordinación posible das accións realizadas como consecuencia da implantación do SGC. O seguimento e revisión dos títulos (igual que o seu deseño e, no seu caso, extinción), desenvólvense conforme aos procesos do SGC da Facultade coordinadora (FCE-Santiago no caso do MPES, e no caso dos Graos a titulación está adscrita aos dous centros); a xestión académica (preinscrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízase consonte ás mecánicas establecidas en cada un dos centros que, pertencendo ambos á mesma Universidade, son moi similares. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos aplícanse nos dous centros.

As accións concretas levadas a cabo dentro da coordinación intercentros menciónanse na Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, no apartado de Guías Docentes e Coordinación (**D2.C**).

## D1.D. MECANISMOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN: SATISFACCIÓN, QUEIXAS, NECESIDADES, ETC.

Finalmente, cómpre valorar a adecuación e eficacia dos **mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.** O proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, establece o procedemento de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade, pola súa parte, completa esta información recollida a nivel institucional por medio de reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado, coordinadores de curso, titores de Prácticum), ou mediante a elaboración de comunicacións escritas enviadas polos delegados do alumnado aos coordinadores dos diferentes cursos ou do título no caso dos Graos dando conta de posibles incidencias, queixas, suxestións ou necesidades. Esta información, xunto coa procedente dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a derivada de queixas, reclamacións e suxestións formais dirixidas á OAR, conforma a base sobre a que se fai o seguimento anual do SGC e dos programas formativos. Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recolle información mediante enquisas son suficientes.

Os índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese é en xeral positivo, e o que require unha atención especial é manter uns niveis de participación significativos e tratar de aumentalos en certos grupos, especialmente o dos egresados. Así, por exemplo, nos **Graos de Infantil e o de Primaria**, con respecto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida, a participación global na enquisa foi do 48,84% no Grao de Infantil e do 31,25% no de Primaria no primeiro semestre (no segundo semestre a porcentaxe baixou ao 38,3% en Infantil e ao 24,4% en Primaria, aínda que cómpre ter en conta as circunstancias de emerxencia sanitaria nas que se desenvolveron as actividades académicas), e no Dobre Grao foi do 44,44% no primeiro semestre e do 43,64% no segundo. Aínda que o alumnado é informado da posta en marcha destas enquisas e animado a participar por medio de mensaxes que envía a propia Área de Calidade, tanto desde as coordinacións de título como desde as de curso ínstase ao alumnado a participar nelas por medio de avisos enviados a través do campus virtual e comunicacións verbais dos coordinadores de curso ao alumnado. Polo que concerne á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, as porcentaxes de resposta mantéñense en niveis similares ás do curso anterior, sendo do 42,31% no Grao de Infantil e do 41,38% no de Primaria. Con respecto ao grao de satisfacción do persoal de administración e servizos, na enquisa da FFP-Lugo participou o 45,4% (aumentando desde o 28,6% do curso anterior), e a enquisa de satisfacción dos egresados aumenta a participación, aínda que únicamente foi cuberta por 13 persoas no Grao de Primaria (9 no curso anterior) e 8 no Grao de Infantil (4 no curso anterior). Cómpre sinalar que o contacto cos egresados faise desde a Área de Calidade, e desde a Facultade non resulta sinxelo contactar cos mesmos unha vez que o alumnado remata os seus estudos.

No **MPES** a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no primeiro semestre do curso contou cunha participación do 27,87% (sendo a media global coa Facultade de Ciencias da Educación do 33%) e no segundo semestre

baixou lixeiramente a participación a un 25%. No caso das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida tivo unha participación do 63,64%. No caso dos egresados, só cubriu a enquisa o 15,38% o que significa un lixeiro aumento dende o curso anterior.

No **MDAEN**, na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia do primeiro semestre participou o 20%, o que supón unha baixada na participación con respecto ao curso anterior, o cal diminúe considerablemente (8%) no segundo semestre, probablemente debido á situación sanitaria. E No caso das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida obtívose unha participación do 42,86%. Dentro do MDAEN, a acción de mellora **AM-33** para o curso 2019-2020 céntrase precisamente en aumentar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación do título; non obstante, non se puido realizar pola situación sanitaria, polo que se mantén para o curso 2020-21 (**AM-21**).

En canto ao apartado de queixas, suxestións e reclamacións, cómpre indicar que a Facultade recibe un moi escaso número de queixas e reclamacións formais, e que estas adóitanse solucionar satisfactoriamente. Deste xeito, segundo se desprende dos datos que figuran na Memoria de Actividades da Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) correspondente ao curso 2019-2020, na Facultade de Formación do Profesorado resolvéronse en total 2 recursos (ámbolos dous no Grao de Primaria) e dúas queixas (unha no Grao de Primaria e outra no MPES). Un dos recursos, sobre o recoñecemento de estudos de materias do Grao en Pedagoxía da USC, foi desestimado, e o segundo, sobre unha anulación de matrícula, foi estimado achegando a documentación requirida. Polo que respecta ás queixas, o tema da queixa do Grao de Primaria foi o horario de titorías, e foi desestimada, e a queixa do Mestrado, referida ao período de prácticas, foi tamén desestimada. Para o MDAEN non se rexistraron queixas nin incidencias no curso 2019-20.

Como xa se mencionou anteriormente, á marxe dos recursos e queixas que constan na OAR, a Facultade dispón doutros mecanismos para coñecer a satisfacción dos grupos de interese, nomeadamente a través das coordinacións de curso e título para o caso dos Graos, que contan coa intervención dos delegados de curso. Estes contactan coas coordinacións de título ou curso para canalizar queixas, necesidades e suxestións do alumnado.

Na reunión da Comisión de Título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria na celebrada o 26 de xuño de 2019 debateuse a eficacia do método de recollida de datos sobre a marcha do curso a través de informes anuais dos delegados, e tendo en conta as observacións manifestadas neses informes dos delegados e as alegacións realizadas polo profesorado, as comisións valoraron a conveniencia de modificar a metodoloxía (o instrumento e o procedemento) de recollida de datos para que resulte máis obxectivo e asegure a participación real do alumnado. As Comisións propoñen que se podería pasar un cuestionario a todo o grupo de cada curso de xeito presencial e pedindo ao alumnado que desde o seu dispositivo móbil cumprimentase ese cuestionario elaborado cunha aplicación axeitada. A enquisa debería contemplar distintas opcións para identificar ao alumnado de Infantil, Primaria ou Dobre Grao, e podería ter preguntas para marcar a resposta nunha escala evitando os puntos intermedios (por exemplo de 1 a 4), e unha parte de observacións para engadir comentarios sobre materias concretas.

Esta iniciativa forma parte da mellora dos procedementos de xestión das coordinacións de curso e título, e inclúese nunha acción de mellora máis ampla que no curso 2018-2019 se deixou aberta para executar no curso 2019-2020 (**AM-08**), a cal abrangue a delimitación das competencias e responsabilidades das coordinacións de título, curso e materia. Dese xeito, durante o curso 2019-2020 na FFP-Lugo, o equipo decanal e os coordinadores dos títulos de Infantil e Primaria elaboraron un documento marco onde se delimitan as funcións das diferentes coordinacións (materia, curso e título), contando coa colaboración dos coordinadores de curso. Por outra banda, o documento marco acompáñase dunha serie de documentos e directrices para facilitar os labores de coordinación nos seus diferentes niveis: listaxe de control para a revisión de programas das materias por parte das coordinacións; orientación sobre as táboas para a recollida de actividades transversais, ApS, etc.; protocolo para solicitar cambios de grupo interactivo; modelo de informe final para os coordinadores de curso; e enquisa de coordinación de materias do semestre/curso destinada ao alumnado. A creación deste último documento pecha ademáis unha acción de mellora específica para o curso 2019-2020 (**AM-17**), a cal persegue concretamente aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción mellorando o mecanismo de recollida de datos. Unha vez deseñados os instrumentos que facilitan a recollida de datos e a coordinación nos seus distintos niveis, como acción de mellora aberta para o 2020-2021 proponse a implementación destes instrumentos de coordinación e a análise da súa eficacia (**AM-05** 2020-2021).

No curso 2019-2020 non foi posible recoller informes formais dos delegados ao final de curso sobre a marcha do mesmo por mor da situación de confinamento derivada da crise sanitaria que se produciu no segundo semestre. Porén, durante todo o semestre o equipo decanal e as coordinacións de título e curso mantivéronse en comunicación permanente co alumnado e os seus representantes para enviar información e detectar incidencias (ver **Adendas aos Autoinformes de Seguimento dos Títulos de Grao** que acompañan á presente Memoria), e o curso finalizou con normalidade dentro da situación excepcional vivida.

No MDAEN, realizase unha avaliación cualitativa ao finalizar o curso. Esta avaliación realízase de forma conxunta entre o alumnado do mestrado que fai un informe que é trasladado á Comisión Académida co Título a través dun representante que informa sobre marcha do curso e os seus puntos fortes e febles, o cal permite facer unha diagnose da súa planificación e desenvolvemento, e tomar decisións de cara a mellora do título.

No MPES a recollida de datos referentes á satisfacción, queixas e necesidades dos grupos de interese realízase mediante a Área de Calidade da USC, e eses datos reflíctense posteriormente na Memoria de seguimento do Título.

Nos diferentes apartados desta memoria, dependendo da súa temática, analízanse pormenorizadamente as queixas, suxestións e reclamacións presentadas durante o curso 2019-2020 por diferentes membros dos grupos de interese perante as coordinacións de curso e título, así como as procedentes das enquisas realizadas dende a Área de Calidade.

**Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos**

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
    - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacions no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire
    - cumprimento de guías docentes;
    - procedementos de coordinación,
    - análise do perfil real de ingreso/egreso,
    - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
    - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### D2.A. ADECUACIÓN DOS PROCEDEMENTOS

A Facultade de Formación do Profesorado ten implantados procedementos para o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Estes procedementos sistematízanse no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC, que establece as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos, e no proceso *PE-02, Revisión e mellora*, do SGC da Facultade, que guía o seguimento

anual dos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles. O proceso PE-02 está desenvolvido no Manual de Procesos da FFP.

Anualmente, seguindo este proceso *PE-02*, as Comisións de Título analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Faise un seguimento do cumprimento da memoria verificada do título (MVT), considéranse posibles modificacións ou actualizacións, e analízanse o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. No SGC concrétanse os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación*; *PC-02, Planificación das ensinanzas*; *PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas*, e *PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. Os informes destes seguimentos trasládanse á Comisión de Calidade do Centro, que os revisa e analiza, aprobando as accións de mellora derivadas.

As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme a estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (Comisións de Título e Comisión de Calidade).

### D2.B. CUMPRIMENTO DAS MEMORIAS VERIFICADAS

Con respecto ao cumprimento das memorias verificadas, a actividade docente orientada á consecución das competencias previstas estase a desenvolver en liñas xerais consonte o indicado nas Memorias de Verificación dos Títulos. A Acción de Mellora **AM-13** desenvolvida neste curso (Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias dos Graos publicadas na web, así como entre estas e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos) foi executada para o Grao de Infantil e Primaria, e proponse a súa continuidade (**AM-10** 2020-2021), comprobando o axuste da normativa de programación docente da USC e a información facilitada nos programas das materias ás Memorias Verificadas dos Títulos.

### D2.C. GUÍAS DOCENTES E COORDINACIÓN

- **GMEI e GMEP**

No caso dos Graos, as coordinacións de curso encárganse anualmente da revisión dos programas-guías docentes, e de detectar problemas de coordinación e solapamento entre materias e de coordinación entre profesorado que imparte a mesma materia, en colaboración coas coordinacións de título e contando coa participación dos delegados de curso. Os problemas detectados trasládanse directamente ao profesorado implicado, ou ben ao Decanato para que este tome as decisións oportunas (por exemplo, informar aos correspondentes departamentos). Este proceso de revisión e detección de problemas de coordinación a distintos niveis materialízase en accións de mellora específicas que se levan a cabo en cada curso académico e se renovan para o curso seguinte (**AM-02** e **AM-12** desenvolvidas no curso 2019-2020, que se manteñen para o curso seguinte como **AM-02** e **AM-09,** respectivamente). Ademáis, como xa se mencionou na análise da Directriz 1 (**D1.D**), no curso 2019-2020 realizouse a acción de mellora **AM-08** consistente en delimitar as funcións das coordinacións de materia, curso e título, xunto coa mellora dos procedementos de recollida de datos que forman parte do labor dos coordinadores (**AM-17** 2019-2020).

- **MPES**

O mecanismo de coordinación no caso do MPES é a Comisión Académica, da que forma parte profesorado, alumnado e PAS de ambos Campus. No curso 2019-20 a comunicación co profesorado mantívose a través de canles virtuais, especialmente no segundo semestre. A situación sanitaria provocou a necesidade de adaptar os programas das materias afectadas, de modo que a comunicación cos docentes de ditas materias e a coordinación do mestrado se viu incrementada para transmitir información relativa ás Resolucións Rectorais e Instrucións da Secretaría Xeral da USC. As adaptacións foron encamiñadas ao período de avaliación extraordinario referido ás materias do primeiro semestre e á avaliación ordinaria e extraordinaria das materias do segundo semestre.
O profesorado responsable das materias mantivo comunicación co alumnado a través do campus virtual para notificarlles

as adaptacións da docencia, e dende a coordinación do mestrado tamén se empregou esta canle para informar sobre avisos do Decanato e das coordinacións, axudas dispoñibles para o alumnado, peticións de participación en enquisas, anuncios de actividades programadas que continuaron a facerse de xeito virtual (orientación laboral, orientación sobre o Prácticum), etc.

- **MDAEN**

No Mestrado DAEN importa salientar os acordos internos entre o profesorado, que mediante as súas reunións vai establecendo protocolos de traballo que optimizan os procesos de formación. A Comisión do Título estableceu que a lo menos o profesorado fixera dúas reunións anuais para analizar a marcha do mestrado. É importante salientar a reunión celebrada o día 7 de maio de 2019, no que despois do debate da avaliación que facían os estudantes do mestrado, indicando ao que o seu xuízo eran os puntos fortes e máis débiles do mestrado, que permitiu tomar una serie de acordos que se concretaron en accións concretas que foron desenvoltas no curso 2019-2020: 1º) No mes de xuño cada coordinador/a de módulo reunirá ao seu profesorado co que establecerá un plan de actividade docente conxunta para o vindeiro curso. 2º) O 2 de xullo se reunirán os coordinadores de modulo e establecerán un plan de traballo que incluirá un calendario de actividades de avaliación que permita distribuir axeitadamente a traballo ao longo dos semestres. 3º) Se usará a páxina virtual de coordinación para dar información xeral sobre o mestrado. Especialmente nesa páxina haberá un documento que permita aos estudantes ter instrucións de como se organiza unha saída ao aire libre. 4º) Visibilizar a carga de traballo que ten cada materia, dándolle un valor a cada actividade. 5º) Reunión en setembro do profesorado para estudar a situación do mestrado a principio do curso. 6º) Reunión en decembro do profesorado do mestrado para avaliar o resultado do primeiro cuadrimestre. 7º) Formación de grupos. Deixar tempo para a formación de grupos. Os grupos poden variar de composición en cada módulo. Os estudantes con dispensa de escolaridade poderán traballar individualmente. 8º) Os estudantes con dispensa de escolaridade están obrigados a asistir ás actividades prácticas e sesións interactivas, conforme dispón a normativa da USC.

- **COORDINACIÓN INTERCENTROS**

A coordinación intercentros é unha das accións máis importantes para garantir a transferencia de boas prácticas e mecanismos de funcionamento entre os Campus de Santiago e Lugo: esta coordinación garántese mediante a celebración de reunións periódicas que melloren o intercambio de información sobre asuntos como incorporación do alumnado, profesorado, Prácticum, coordinación de materias e seguimento do título. Na reunión da Comisión Intercentros celebrada telemáticamente o 19 de xuño de 2020 tratáronse os seguintes temas: rotación de cargos de Presidente e Secretario, e debate e aprobación dos Informes de Seguimento 2018-19 dos títulos de Grao de Primaria e Infantil. A situación de pandemia non orixinou incidencias destacables a nivel intercentros, e a comunicación entre os membros da comisión con respecto ao seguimento dos títulos durante o periodo de interrupción da actividade presencial continuou a producirse de xeito telemático por medio das ferramentas de comunicación institucional. Cómpre salientar que a xeneralización do uso de ferramentas virtuais para a comunicación (concretamente Teams) por mor da situación de confinamento derivada do Covid-19 favoreceu a convocatoria de reunións informais de traballo intercentros para abordar temas relativos á calidade (elaboración dos informes de seguimento, asuntos relacionados coa memoria de calidade, etc.), o cal contribúe a unha mellor coordinación entre os centros de Lugo e Santiago e repercute positivamente nos propios procesos de calidade. Tendo isto en conta, a acción de mellora **AM-30** para o curso 2020-2021 persegue precisamente continuar co uso de ferramentas virtuais para favorecer a celebración e a asistencia a reunións intercentros, así como ás reunións dos diferentes órganos e comisións da FFP.

## D2.D. PERFIL INGRESO/EGRESO

- **GMEI e GMEP**

Para os Graos de Infantil e Primaria, as memorias verificadas indican que a selección dos alumnos de novo ingreso rexerase pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, pola que regula os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á universidade. Sinálase, así mesmo, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais.Non se observan disonancias remarcables entre

o perfil real do alumnado matriculado nos títulos e o perfil de ingreso establecido nas memorias verificadas.

En relación co perfil de ingreso e as ensinanzas de acceso, no caso da FFP-Lugo e de acordo cos datos da CiUG, no curso 2019-2020 o 56% do alumnado matriculado no Grao de Infantil provén da Formación Profesional (subindo desde o 44% do curso anterior) e o 44% do Bacharelato, mentres que no Grao de Primaria o 81% do alumnado provén do Bacharelato (tamén subindo desde o 74% do curso anterior) e o 19% de Formación Profesional. A razón do importante número de alumnado que provén da FP no Grao de Infantil está no feito de que moitos estudantes obteñen primeiro o título de FP de Educación Infantil e logo deciden completar os seus estudos na Universidade cursando o Grao. A nota media de acceso para o Grao de Infantil mantense en cifras similares ás do curso anterior, sendo de 7,972 en Bacharelato e 7,580 en FP, mentres que no Grao de Primaria foi de 8,484 en Bacharelato e 8,188 en FP. Polo que respecta ao Dobre Grao, no curso 2019-2020 o 100% do alumnado procedía do Bacharelato, e a nota media de acceso (10,937) continúa a ser alta, un feito que se explica polo límite de prazas existente e a elevada demanda desta dobre titulación.

O perfil formativo/egreso do título conserva a súa relevancia e interese no noso contexto social. No curso 2016-2017 implantouse a 2ª edición do plan de estudos, ofertada unicamente a estudantes do primeiro curso (inicio de estudos), xa a súa implantación é gradual, un curso cada ano académico. Esta modificación académica responde ás necesidades e condicións da profesión regulada. Polo que respecta ao índice de inserción laboral, os últimos datos dispoñibles sobre este apartado para os Graos de Primaria e Infantil corresponden á cohorte de egresados 2013-2014, é dicir, a primeira promoción de graduados e graduadas, e amosan un ascenso na taxa de afiliación á Seguridade Social desde o primeiro ano despois de egresar (marzo de 2015) ata o cuarto ano (marzo de 2018), aumentando asimesmo as porcentaxes do grupo de cotización de titulados. Os valores pasan polo tanto dunha taxa de afiliación do 25% (Infantil) e 26,3% (Primaria) no primeiro ano ao 47,2% (Infantil) e 40,2% (Primaria) do segundo, ao 57,6%(Infantil) e o 63,4% (Primaria) do terceiro, e ao 66% (Infantil) e o 71,1% (Primaria) do cuarto. Nos dous graos a porcentaxe de autónomos diminúe a medida que avanzan os anos, e a porcentaxe de indefinidos aumenta en Infantil nos dous últimos anos, pasando do 28,3% ao 32,8%, e baixa lixeiramente en Primaria, pasando do 14,9% ao 11,6%.

- **MPES**

No MPES contabilízanse 87 titulacións de acceso entre os dos dous campus Lugo e Santiago. As catro con maior número de estudantes foron o Grao en Historia (11), Grao en Matemáticas (10), Grao en Psicoloxía (10), e o Grao en Bioloxía (9), as catro pola USC, un 76,06% proceden de titulacións da USC. A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados foi de 2,82%, cifra que en relación co curso 2018-19 diminúe en tres puntos. A nota de media de acceso foi de 7,22, lixeiramente superior á do curso 2018-19 (6,92).
No tocante ao perfil de egreso, a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos e a súa cohorte de ingreso, foi de 89,83% en Lugo, porcentaxe similar á da FCE (91,85% en Santiago). A duración media na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos é de 1,12 año (media USC 1,47).

- **MDAEN**

No MDAEN, contabilizáronse 16 titulacións de acceso no curso 2019-20, sendo o caudal máis importante de titulados corresponde ao ámbito da educación, especialmente mestres/as de educación infantil e primaria. No curso 2019-2020, dos 25 estudantes matriculados, 20 proviñan de títulos de educación (80%), o que se mantén na liña do curso anterior. Dous estudantes proceden do grao en Bioloxía, 1 do grao en Belas Artes, 1 de Enxeñería Informática e 1 de Lingua e Literatura Galega. Un 23,53% dos estudantes proceden de fóra de Galicia, o que supón un incremento notable con respecto a cursos anteriores, no 2018-19 foi de 4,55%, e a porcentaxe de alumnado extranxeiro foi de 8,82% (tamén superior aos cursos previos). Ambos datos amosan que o esforzo por dar publicidade ao mestrado foi eficaz e dase por executada de forma eficaz a **AM-32** relativa á publicidade do mestrado nas redes sociais e correos electrónicos que, debido ao éxito, manténse como **AM-20** para o curso 2020-21.

## D2.E. RESULTADOS DE APRENDIZAXE DOS TITULADOS

Os valores analizados proceden dos respectivos informes de seguimento dos títulos e da Memoria do MDAEN.

- **GMEI e GMEP**

A demanda estable dos estudantes polos títulos de Grao ofertados ven refrendada tanto pola traxectoria da Facultade na formación de mestres como polos resultados obtidos polos egresados. A taxa de graduación sitúase no 80,95% no Grao de Primaria (subindo desde o 77,11% do curso anterior) e no 77,61 no Grao de Infantil (subindo tamén desde o 74,58% do curso anterior), sendo a duración media dos estudos de 4,13 anos en Primaria e 4,24 en Infantil. Os datos amosan unha boa xestión dos elementos e ferramentas que apoian o proceso formativo destes Títulos. As taxas de idoneidade da graduación e de eficiencia (rendemento dos egresados) mantéñense en valores moi positivos, sendo a taxa de idoneidade de 68,66% en Infantil e 71,43% en Primaria (subindo desde o curso anterior nos dous casos), e a taxa de eficiencia de 96,91% en Infantil (manténdose en valores similares aos do curso anterior) e de 96,76% en Primaria (ascendendo lixeiramente con respecto ao curso anterior).

- **MPES**

Pola súa banda, no MPES, a taxa de graduación acada o 91,85%, cunha duración media dos estudos de 1,12 anos e a taxa de éxito dos egresados de 97,47%

- **MDAEN**

No caso do MDAEN a taxa de graduación acada o 73,33%, e a duración media dos estudos 1,38 anos. Por outra banda, tamén presentan valores positivos tanto a taxa de éxito dos egresados (95,77%) o que da conta do bo desenvolvemento do título.

## D2.F. SATISFACCION, NECESIDADES, QUEIXAS E SUXESTIÓNS RELACIONADAS COAS TITULACIÓNS

- **GMEI e GMEP**

Con respecto aos índices de satisfacción dos grupos de interese coa titulación, valóranse os indicadores dispoñibles a nivel de título (isto é, conxuntos para a FFP-Lugo e a FCE-Santiago), que son en xeral positivos. No Grao de Infantil a satisfacción xeral do alumnado aumenta de 3 a 3,26 sobre 5 no curso 2019-2020,e a satisfacción do PDI mantense en valores similares aos do curso anterior, sendo de 3,92. No caso do Grao de Primaria, os valores son tamén de 3,26 por parte do alumnado (subindo desde 2,76) e mantéñense en 3,85 por parte do PDI. No Dobre Grao, o índice de satisfacción xeral tamén sobe, de 2,12 a 2,42 puntos, destacando como cuestións mellorables os horarios (1,44), a organización da titulación (1,67) e as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (1,78). Con respecto á primeira cuestión, o problema dos horarios coméntase máis polo miúdo nos apartados **D3.J.** e **D5.B.** como elemento do proceso ensino-aprendizaxe que se atopa á súa vez determinado polas infraestruturas e recursos dispoñibles. En canto á organización, detectáronse irregularidades na coexistencia de certas materias do plan de estudos, polo que se propón como acción de mellora aberta para o 2020-2021 o cambio de curso/semestre das mesmas no itinerario formativo do Dobre Grao (**AM-14** 2020-2021). Cómpre destacar que nos dous graos o ítem peor valorado por parte do alumnado é tamén o estado das infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (2,69 en Infantil , e 2,85 en Primaria). Por parte do profesorado, reciben igualmente a peor valoración as aulas e o seu equipamento (3,09 en Infantil e 3,20 en Primaria). Estes aspectos trataranse con máis detalle nas valoracións sobre a **Directriz 5** (recursos materiais e servizos).

Os índices de satisfacción dos egresados coas titulacións de Infantil e Primaria mantéñense en valores positivos: en Infantil, 3,43 puntos sobre 5 en formación teórica, e en Primaria 3,38 puntos sobre 5 (a media global da USC é de 3,73), e en Infantil 3,29 puntos e en Primaria 3,15 puntos sobre 5 en formación práctica (a media global da USC é de 2,66). A satisfacción xeral coa titulación da enquisa de egresados mantense igualmente en valores positivos, tanto en Infantil (3,50) como en Primaria (3,38), sendo a media da USC de 3,43.

- **MPES**

No MPES, en canto á satisfacción xeral do alumnado, a porcentaxe de resposta e de 20,40% o que supón un incremento considerable dende os últimos datos, acadando unha puntuación media de 2,66. Os aspectos que se amosan como prioritarios e aos que hai que prestar especial atención estarían referidos á organización da titulación (1,84), e o equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos (2,06). Mentres que os valores máis positivos obtivéronse na facilidade para a

matriculación (3,45), a atención prestada polo PAS (3,18) e a utilidade do campus virtual (3,26).
Atendendo ao profesorado, a porcentaxe de resposta sitúase no 42,59%, acadando unha puntuación media de 3,75. Os aspectos mellor valorados fan referencia á atención prestada polo PAS (4,11), ao campus virtual como facilitador da labor docente (4,20) e á regularidade co que o alumnado asiste ás clases (4,38). Pola contra, como aspectos peor valorados estaría o equipamento das aulas para a docencia (3,11), os horarios (3,26) e a distribución da carga de traballo (3,35).
En canto ao índice de satisfacción dos egresados coa titulación no curso 2019-20 foi de 3,38, 15,38%.

- **MDAEN**

Neste mestrado a satisfacción do alumnado coa titulación é de 3,91, pero cun nivel de participación moi baixo (8%). Atendendo ao profesorado (33,33% de resposta), a media é de 3,91. No que atinxe aos egresados, só respondeu 1 estudante valorando o seu grao de satisfacción con 5.

**Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:
Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
Admisión do alumnado (acción de captación).
Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
Mobilidade.
Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
Avaliación da aprendizaxe
Prácticas externas.
Traballos fin de grao/Mestrado (asignación, supervisión, avaliación).
Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
Os procedementos que rexen o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no SGC da Facultade e os procesos chave especifícanse no Manual de Procesos da FFP. Este apartado concerne en particular a cinco procesos chave (*PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*), e a través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

### D3.A. APLICACIÓN DE NORMATIVAS

A USC conta cunha ampla normativa relacionada cos estudantes e a calidade da docencia cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinalaremos, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes; a normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o acordo sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e Mestrado; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en

determinadas circunstancias e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado.

A aplicación destas normativas estase a desenvolver sen problemas e cos resultados previstos. Así, por exemplo, estanse a cumprir os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. En aplicación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, na USC existe un apoio titorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-titor e o alumno. A súa finalidade consiste en axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos, quedando excluidas as materias do Traballo Fin de Grao e das Prácticas externas tuteladas.

Con respecto ao regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM, cómpre sinalar que o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación esixiron un cambio da normativa da USC, que se materializou nun novo "Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na Universidade de Santiago de Compostela", aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016. Ao abeiro deste regulamento os TFG dos centros cunha elevada ratio de alumnado por docente poden solicitar unha avaliación alternativa. Para as titulacións do GMEI e GMEP concedeuse, por parte da vicerreitoría correspondente, que os TFG poidan ser defendidos ben ante un tribunal ou ben ante o PDI que o titoriza. Esta medida iniciouse no curso 2016-2017, sen supoñer unha merma nos niveis de calidade e esixencia. No curso 2019-2020, por mor da suspensión da actividade académica presencial, foi necesario realizar axustes no desenvolvemento, defensa e avaliación dos TFG, de xeito que se procedeu ao seguemento e defensa telemática, e a avaliación correspondeu en exclusiva aos titores. Os detalles dos axustes realizados recóllense no apartado correspondente das **Adendas aos Autoinformes de Seguimento dos Títulos de Grao** que acompañan ao presente documento.
No MPES, debido á situación sanitaria sobrevida, realizouse unha adaptación para a materia de TFM que permitíu aos estudantes escoller se desexaban ser avaliados polo seu titor ou titora ou se preferían ser avaliados por un tribunal. No segundo caso as porcentaxes de valoración modificáronse, sendo un 80% a nota do documento escrito e 20% a valoración da presentación oral do mesmo. As adaptacións dos TFM no ámbito do MDAEN consistiron en permitir a defensa dos TFM sen ter o periodo de prácticas concluído, así como que a súa avaliación recaeu exclusivamente sobre o titor ou titora, quen valorou o 50% o proceso de elaboración do TFM e o outro 50% o produto final. A concesión das matrículas de honra tivo lugar na Comisión Académica do Titulo para aquel alumnado que fose proposto polo titor con dita cualificación.
En canto á **Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos,** a Memoria verificada especifica que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36. No curso 2018/2019 tamén se desenvolveu segundo o establecido o regulamento das prácticas académicas externas, así como os Regulamentos do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria nos dous centros, Lugo e Santiago, aprobados ambos polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017. Finalmente, polo que respecta á instrución sobre a **dispensa de asistencia**, tamén cómpre sinalar que, malia que esta instrución precisa o carácter excepcional da concesión da dispensa da asistencia a clase, o certo é que, desde a súa entrada en vigor, todas as titulacións vense afectadas por un crecente número de solicitudes que é preciso aceptar por axustárense á literalidade do previsto nunha normativa pouco restritiva, polo que parece aconsellable proceder a unha revisión desa instrución regulamentaria. No curso 2019-2020 na FFP-Lugo solicitáronse en total 29 dispensas de asistencia para Primaria, Infantil e Dobre Grao, sendo todas elas aceptadas. E no caso dos mestradoes, 22 dispensas no MPES e 3 no MDAEN, todas elas alegando prestar servizos por conta allea.

## D3.B. ADMISIÓN E CAPTACIÓN

### GMEI e GMEP

Polo que concerne ás titulacións de Grao, aínda que non existen problemas de captación de alumnado, xa que o número de solicitudes de matrícula supera todos os anos ampliamente o número de prazas ofertadas, continúase coa participación do centro no Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC, no Campus XuvenCiencia, e participase en todas as

iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC. Esta actividade constitúe unha Acción de Mellora desenvolvida parcialmente durante o curso 2019-2020 (**AM-06**) – por mor do Covid-19 non se participou en XuvenCiencia pero si no Programa A Ponte -- e proponse a súa continuidade no curso 2020-2021 (**AM-04**).

O interese que despertan os estudos de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria constátanse atendendo aos datos estatísticos aportados pola CiUG (2019-20), que reflicten un total de 512 solicitudes para 82 prazas ofertadas en Infantil e 480 solicitudes para 82 prazas en Primaria. En Infantil, o número de alumnado admitido foi de 97, dos que finalmente se matricularon 83, e en Primaria admitíronse 98 e matriculáronse 85. Os datos confirman que a demanda de prazas nas titulacións é unha constante.

A dobre titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria tamén esperta grande interese, con 125 solicitudes para unha oferta de 16 prazas. Os estudantes de matrícula de novo ingreso foron 18. Ademáis, a nota media de acceso continúa a ser elevada, dada a limitación de prazas, situándose en 10,937 para o alumnado procedente do Bacharelato (neste curso non houbo alumnado procedente da Formación Profesional).

Por outra banda, e a petición do Campus Terra para a captación de alumnado, o equipo decanal, en colaboración cos coordinadores dos títulos, recompilou información para a elaboración de presentacións sobre a estrutura, requisitos e saídas profesionais dos Graos (**AM-25** 2019-2020), destinadas a proporcionar orientación académico-profesional do futuro alumnado da FFP e que se publicitaron na web do Campus Terra. A elaboración deste material aproveitouse como tarefa da acción de mellora **AM-14** destinada á orientación do alumnado da facultade.

**MPES**

Atendendo ao Mestrado en Profesorado, a nota media de acceso foi de 7,22, lixeiramente superior idéntica á do curso 2018-19 (6,92). Para a FFP ofertáronse 60 prazas, matriculándose un total de 71 alumnos, dos que 60 o facían por primeira vez. Do conxunto de matriculados, un 2,82% eran estudantes nacionais de fóra de Galicia, tres puntos por debaixo do ano pasado.

**MDAEN**

No caso do MDAEN, dando resposta á acción de mellora AM-32, publicitouse o mestrado en redes sociais así como polas canles que se viña facendo habitualmente, isto supuxo unha mellora considerable da matrícula no curso 2019-20 chegando a cubrirse todas as prazas (25) e quedando persoas en lista de agarda. A porcentaxe de matriculados que titularon na USC foi de 61,76%, considerablemente inferior ao dato do curso 2018-19 o cal amosa que a publicidade tivo efecto para captar alumnado de fóra da USC, cun 8,82% de estudantes procedentes do extranxeiro e un 23,53% de estudantes de fóra de Galicia. A nota media de acceso foi de 7,61, na liña dos cursos anteriores.

## D3.C. CURSO DE ADAPTACIÓN (CURSO PONTE)

Nos Graos de Infantil e Primaria, a modificación da memoria de verificación do título tramitada en 2012-13 afectou ao deseño do curso complementario ou "curso ponte", precisamente coa intención de mellorar a adquisición de competencias e coñecementos profesionais dos diplomados que os cursen, reforzando a formación referida ao primeiro ciclo de Educación infantil e posibilitando a adquisición dunha mención. No curso 2019-2020 matriculáronse 6 estudantes no Grao de Infantil e 36 no Grao de Primaria. Non hai datos dispoñibles sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación.

## D3.D. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL DO ALUMNADO

**GMEI e GMEP**

Na Facultade organízase ao remate do curso previo ao da elección de optativas por parte do alumnado unha sesión informativa sobre as mencións cualificadoras que se ofertan nos Graos, co fin de orientar ao alumnado na elección de materias optativas. No curso 2019-2020, e por mor da situación de crise sanitaria, o alumnado foi informado sobre as características das mencións por medio de presentacións, vídeos e trípticos postos á súa disposición no campus virtual, así como mediante unha reunión informativa celebrada telemáticamente por medio de Microsoft Teams. Esta acción orientadora forma parte da Acción de Mellora realizada no curso 2019-20 sobre iniciativas de orientación (**AM-04**), e

proponse a súa continuidade para o curso seguinte. Asimesmo, dentro desta acción de mellora en canto á orientación académica e laboral encádranse as sesións de orientación desenvolvidas na xornada de acollida ao alumnado de primeiro dos Graos (como acción de mellora **AM-23** para o curso 2019-2020 levouse a cabo unha reformulación da mesma, distribuindo os contidos en dúas sesións e incorporando unha enquisa de satisfacción que acadou resultados moi positivos, polo que se propón a súa continuidade cos axustes pertinentes), e as iniciativas levadas a cabo desde o Servizo de Formación e Orientacion Laboral para o alumnado da Facultade (que este curso por mor da situación de pandemia desenvolvéronse de xeito telemático). As charlas e actividades desenvolvidas coa participación de profesionais externos constitúen outras accións de mellora realizadas no curso 2019-20 para os Graos (**AM-01** e **AM-14**), e propostas para continuación. Outra acción de mellora desenvolvida no curso 2019-20 (**AM-05**) relacionada coa orientación académica do alumnado dos Graos son os cursos sobre competencias en información que organiza a Biblioteca da Facultade para o alumnado de primeiro (nivel básico) e cuarto (nivel avanzado), da que se propón a súa continuidade no curso seguinte. O curso para o alumnado de primeiro desenvolveuse no 2019-2020 cun bo dato de matrícula (186 matriculados e 143 aptos nos dous Graos).
Asimesmo, a formación do alumnado dos Graos polo que concerne ao desenvolvemento de competencias transversais útiles para o desempeño da súa profesión veuse enriquecida no curso 2019-2020 coa posta en marcha do proxecto CompetenteS (**AM-18** 2019-2020), unha iniciativa interdisciplinar destinada a promover o bilingüismo no transcurso dos Graos en mestre de Educación Infantil e Primaria a fin de capacitar ao alumnado para impartir profesionalmente a súa docencia en galego e en castelán.

Tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na FFP para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único **Plan Integral de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP (Plan FORTE-FFP),** que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos a este respecto. Dese xeito, plantéxase integrar nunha única acción de mellora (véxase **AM-01** na **Sección 3** deste documento, correspondente ao plan de melloras para o curso 2020-2021), as diferentes tarefas a desenvolver para afrontar unha serie de obxectivos relacionados.

O Plan FORTE-FFP, integra, polo tanto, tódalas iniciativas levadas a cabo en diferentes cursos académicos cos seguintes obxectivos:

Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.

Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.

Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.

Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

A distribución das diferentes actividades e iniciativas por cursos pódese observar no seguinte gráfico:

Figura 1. Plan FORTE-FFP




Consonte a esta proposta de integración, seis das accións de mellora desenvolvidas durante o curso 2019-2020 (**AM-01**, **AM-04**, **AM-05**, **AM-14**, **AM-18** e **AM-23**) continúan no curso seguinte como parte no Plan FORTE-FFP (**AM-01** 2020-2021), que integra asimesmo a tarefa realizada na **AM-25** (realización e difusión de presentacións sobre a estrutura, requisitos e saídas profesionais dos graos, inicialmente deseñadas para a captación de futuro alumnado, e reutilizadas para a orientación do alumnado da Facultade).

Cómpre sinalar, tamén en relación aos estudos de Grao, que a Facultade participa no Programa de Titores da USC, a través do que se dá acollida aos estudantes de novo ingreso, orientando e acompañando a este alumnado na súa incorporación á vida académica universitaria. Trátase dunha iniciativa con pouca implicación do alumnado que pode ser titor (aquel que teña superado como mínimo 60 créditos). Este programa é unha ferramenta útil para orientar aos alumnos que inician os estudos e que se difunde entre o alumnado e o corpo docente. Porén, o número de horas de formación e dedicación do alumnado titor (que adica un curso á formación e outro á orientación), a multiplicidade de tarefas asociadas, e a rixidez dos horarios de formación, ás veces incompatibles coa asistencia ás clases na facultade, dificultan a participación do alumnado neste programa. Aínda que o Programa de Titores intégrase como unha iniciativa de orientación dentro do Plan FORTE-FFP (alumnado titor), como acción de mellora específica para o curso 2020-2021 (**AM-15**) proponse contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a presencial), reducindo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas, etc.) e aportando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor.

**MPES e MDAEN**
No MPES leváronse a cabo actividades complementarias, consistentes en conferencias a cargos de expertos, e vinculadas, por unha banda, a dous dos módulos do Mestrado, e por outra, aos Prácticums I e II nas súas fases de presentación e preparación (**AM-26** 2019-2020, proposta para continuidade o curso seguinte como **AM-16**). Asimesmo, organizáronse cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital) (**AM-27**), propoñéndose a súa continuidade para o curso 2020-21 (**AM-17**).

No caso do Mestrado DAEN realizásonse varias accións formativan dentro do marco do mestrado. En primeiro lugar, conferencias con expertos de recoñecido prestixio para completar a formación dos estudantes arredor da responsabilidade legal e posibles riscos na futura actividade profesional (**AM-26**). Fixéronse as seguintes charlas: 1) Oscar Rivas, da Asociación Galega de Custodia do Territorio, sobre as asociacións de custodia na visita á Casa das Ínsuas en Rábade; 2) Guido Alfonso Tomasini, sobre bioconstrución no seu obradoiro na Pontenova e 3) Guido Álvarez Parga, sobre emprendemento empresarial en turismo. Asimesmo, nas visitas a determinadas instalacións participou activamente o seu persoal: Aula da Natureza de Corrubedo, Visita á palloza do Cebreiro, Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Terras do Miño, Arneiro (colonización Terra Cha), Parque Eólico de Sotavento, Centro del Lobo Ibérico (Sanabria), Alvarella Turismo, Museo Etnográfico de A Fonsagrada. Houbo tamén colaboración dos Concellos de a Fonsagrada, no aloxamento dos estudantes e documentación de rutas, así como do Concello de A Pontenova, para as rutas efectuadas no concello e explicacións dos fornos.
Tamén se realizaron actividades encamiñadas a que os estudantes melloraasen o seu coñecemento sobre empresas agrícolas e espazos singulares de conservación do patrimonio rural (**AM-35**) para iso contouse con empresas agrícolas punteiras como a granxa ecolóxica Casa da Fonte en Pantón e a queixería Airas Moniz de Chantada. En canto a patrimonio rural é histórico ás accións de formación son moitas: na excursión a Corrrubedo se visitou o Castro de Baroña, así como se explicou a enxeñaría dun muiño tradicional na comarca. No Cebreiro visitouse a aldea con explicacións sobre as pallozas. Na excursión ao Courel se visitou a aldea de Mercurín e de regreso os estudantes coñeceron o complexo do Mazo de Santa Comba no Corgo. Visitáronse os fornos de fundición da Pontenova. Na comarca da Fonsagrada se visitaron as aldeas abandonadas de A Fornaza e Romean, dos exemplos moi interesantes de antigas industrias rurais. Tamén se recorreu a parte baixa da ruta de sendeirismo de Liñares de Bidul, facendo o "camiño da República" que permitiu dar explicacións sobre a importancia da "enxeñaría abandonada" xa que transcorre por unha estrada cuxa construción non rematou, e da que quedan restos como a "casa do enxeñeiro", así como a ruta permite contemplar a antiga ferrería e fornos a carón do río Navia. Outra acción desenvolta na mesma expedición foi a visita ao Castro de Castañoso, único en Galicia xa que ten unha sauna.
Como consecuencia do confinamento pola situación sanitaria, foi imposible levar a cabo dúas saídas: a actividade en Potes cos estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (**AM-29** que se mantén como **AM-18** para o curso 2020-21) e a plantación de árbores pola celebración do día dos bosques (**AM-30** que continúa no curso 2020-21 como **AM-19**)

## D3.E. MOBILIDADE DO ALUMNADO

**GMEI e GMEP**
No curso 2019-2020 beneficiáronse da participación en programas de mobilidade nos Graos 8 estudantes saíntes na FFP: no Grao de Infantil, 3 alumnos SICUE; no Grao de Primaria, 4 erasmus (Alemania, Austria, Finlandia e Portugal), e 1 estudante erasmus en Finlandia no Dobre Grao. As cifras son lixeiramente superiores ás do curso anterior, onde se rexistraron 5 estudantes. No curso 2019-2020 non se rexistrou mobilidade entrante.

Por mor da situación de crise sanitaria derivada do Covid-19 non se dispón de datos sobre a satisfacción do alumnado saínte cos programas de mobilidade, sendo os datos máis recentes os do curso 2018-2019, onde estes programas acadan valores positivos no Grao de Primaria, aumentando de 3,27 a 3,60 puntos sobre 5. No caso do alumnado de Infantil, non hai datos dispoñibles dos últimos cursos, e tampouco hai resultados do Dobre Grao.

A participación xeral do alumnado en programas de mobilidade continúa a ser baixa, maiormente por cuestións

socioeconómicas, de competencia lingüística, e de limitacións nas equivalencias entre os programas ofertados polas universidades de destino e o nosos planos de estudos. No caso do SICUE, outra razón para a baixa participación é a ausencia de bolsas. Porén, aumentar o número de estudantes participantes en programas de mobilidade é unha acción de mellora realizada no curso 2019-2020 (**AM-11**). Nesta acción (que se mantén para o 2020-2021 como **AM-08** co obxectivo de fomentar a participación do estudantado) ampliáronse as canles para suministrar información ao alumnado contando coa colaboración dos coordinadores de curso.

**MPES e MDAEN**
No caso dos Mestrados, ao ser dun ano de duración, non se produce mobilidade saínte, xa que logo os Erasmus nos Mestrados teñen lugar no segundo ano.

## D3. F. METODOLOXÍA DA ENSINANZA E A AVALIACIÓN, E ADAPTACIÓN A NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

No concernente á metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe, os Programas das materias de Graos e Mestrados, dispoñibles na web da Facultade, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que configuran cada unha delas.

No caso dos **Graos**, os programas das materias dos cursos son revisados e actualizados periódicamente polo profesorado das propias materias, e revisados tamén posteriormente polos coordinadores de curso, os cales elaboran informes nos que se presta especial atención á adecuación dos programas ás competencias previstas, á cumprimentación de todos os apartados dos programas, e á atención ás diversas casuísticas de avaliación. Estes informes son posteriormente elevados aos Coordinadores de Título e incluidos nos informes xerais da marcha dos cursos que estes presentan perante as Comisións de Título nas súas reunións periódicas.

O mesmo acontece nos **Mestrados**. No caso do Mestrado en Profesorado, o principal instrumento que vela pola xestión do Mestrado é a comisión académica, que está constituída coa presenza e participación de representantes dos centros de impartición e ten sede no centro responsable da titulación (Facultade De Ciencias da Educación). Funciona como unha comisión intercentros. Este é un punto forte na coordinación do Mestrado, porque a súa fragmentación en dúas comisións perxudicaría ás dinámicas de traballo conxuntas e moita da labor que se realiza en cada centro non resultaría operativa. De feito, a elaboración de programas, calendarios e guías docentes de Prácticum e Traballo Fin de Mestrado comúns a ambos centros ven sendo unha boa práctica para a organización e funcionamento da titulación.

No caso do Mestrado DAEN existe un coordinador por cada módulo de materias o que promove que non se produzan solapamentos de contidos, que os programas respondan ás competencias previstas e vela porque a carga de traballos dentro de cada módulo non exceda ás horas das que dispón o alumnado para tal fin.

Polo que respecta aos **Graos de Primaria e Infantil**, a adecuación da metodoloxía de ensino e de avaliación vese avalada polos indicadores dos resultados da aprendizaxe e os do grao de satisfacción coa docencia recibida por parte do alumnado e impartida por parte do profesorado. Esto mesmo acontece en relación ao MDAEN e no MPES, aínda que con porcentaxes máis baixas no caso do segundo (ver apartados correspondentes nesta mesma sección: **D3.I**. e **D3.J**.).

A acción de mellora **AM-03** desenvolvida durante o curso 2019-20 e proposta para continuidade no 2020-21 (**AM-03**) relaciónase co procedemento de avaliación en materias con máis dun profesor nos títulos de Grao. Desde as coordinacións dos Títulos ínstase ás coordinacións de curso a trasladar información sobre a normativa de avaliación ao profesorado de materias compartidas, de xeito que o sistema de avaliación de cada unha desas materia sexas homoxéneo e conforme ao establecido no programa e na normativa.

Pola súa banda, e atendendo ao Obxectivo Estratéxico OE01 (Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente), cómpre destacar que no curso 2019-2020 desenvolveuse a acción de mellora **AM-24** relacionada coa adopción de metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade, así como co apoio das actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión

do coñecemento (proponse a súa continuidade para o curso seguinte como **AM-13**). En relación con estes aspectos, desde as coordinacións de título promoveuse a participación do profesorado dos Graos nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo, e no curso 2019-2020 a USC concedeu dous proxectos a docentes da FFP-Lugo.

No caso do **MPES**, a acción de mellora **AM-37** (sobre a introdución de estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do Mestrado) non puido levarse a cabo no curso 2019-2020 por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada do Covid-19, pero esta acción proponse para continuidade no curso seguinte (**AM-23**)

No **MDAEN** o curso 2019-20 executouse un intercambio de materias entre o primeiro e o segundo semestre (**AM-34**) ocasionada pola necesidade do alumnado de ter coñecementos sobre o equipamento preciso para as saídas ao exterior no momento inicial do mestrado. Así, o intercambio consistíu en que a materia de Bases e recursos para o desenvolvemerto da Educación Ambiental pasase ao segundo semestre e a materia de Equipamentos e organización de actividades, para o primeiro semestre.

En canto á adaptación a necesidades específicas, da detección de necesidades específicas ou adaptacións curriculares encárgase o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), que comunica ao profesorado as demandas formuladas polos/as estudantes neste sentido e recomenda liñas de actuación. No curso 2019-20 o SEPIU informou de 3 alumnos no Grao de Primaria con necesidades específicas, non dando conta de ningún alumno ou alumna que estivera a cursar calquera dos Mestrados impartidos na FFP.

## D3.G. PRÁCTICAS EXTERNAS (PRÁCTICUM)

### GMEI e GMEP

Un dos compoñentes máis importantes do título para a capacitación profesional dos estudantes dos Graos de Infantil e Primaria é o Prácticum (prácticas externas) cunha asignación de 42 créditos de carácter obrigatorio na Memoria verificada. Na 1ª edición do título as prácticas distribúense en tres períodos (12 créditos. 2º curso, 3ºcuadrimestre; 18 créditos. 3º Curso 6º cuadrimestre; 12 créditos. 4º curso, 7º cuadrimestre), e na 2ª edición (implementada a partir do curso 2016/2017) en dous períodos (18 créditos. 3º curso, 5º cuadrimestre; 24 créditos. 4º Curso 8º cuadrimestre). Cada centro conta cun Coordinador Xeral do Prácticum, co que colaboran os coordinadores de cada unha das materias que o compoñen. Este organigrama responde á complexidade que supón a organización das prácticas e a súa importancia formativa. Para facilitar o seu desenvolvemento asínanse convenios coa Administración educativa correspondente, coa finalidade de regular a presenza do alumnado en centros escolares e favorecer a colaboración entre a Universidade e as institucións educativas.

No curso anterior á primeira materia de prácticas e antes de comezar cada Prácticum organízanse reunións informativas co alumnado por parte da coordinación xeral de prácticas para explicar o proceso de elección dos centros e o desenvolvemento das mesmas. Como xa se comentou no parágrafo anterior, ademáis da coordinación xeral do Prácticum, cada Prácticum dos dous títulos conta cun coordinador específico, que se reúne co profesorado supervisor dese periodo de prácticas para deseñar os programas e guías docentes das materias e debater e resolver calquera incidencia, e os supervisores do alumnado na Facultade levan a cabo asimesmo reunións de preparación, seguemento e reflexión co seu alumnado, manténdose en contacto permanente á súa vez cos titores externos nos centros de prácticas, iniciativa correspondente á acción de mellora **AM-15** desenvolvida no curso 2019-2020 e proposta para continuidade no 2020-21 (**AM-11**). Pola súa banda, a acción de mellora **AM-09**, desenvolvida durante o curso 2019-2020 e proposta para continuidade no 2020-2021 (**AM-06**), está encamiñada a perfeccionar o desenvolvemento do Prácticum, particularmente en aspectos concernentes á coordinación e á organización. A Accion de mellora **AM-10** sobre a actualización do Plan Xeral do Prácticum non se puido completar por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada do Covid-19. Porén, no curso 2019-2020 traballouse dende a coordinación xeral do Prácticum nun documento borrador do devandito Plan, e a acción de mellora mantense aberta para o curso 2020-2021 (**AM-07**), no que se agarda poder completala trala correspondente revisión e debate do documento por parte da Comisión de Prácticum e TFG.

Asimesmo, con respecto ao Prácticum dos Graos, detéctase a necesidade de recoller información sobre o desenvolvemento das prácticas nos centros para axustar e mellorar os procesos formativos do Prácticum. Con esta

finalidade, proponse como acción de mellora aberta para o curso 2020-2021 (**AM-12**) a creación dun foro de intercambio de experiencias dos titores externos do Prácticum.

No curso 2019-2020, tamén por mor da crise sanitaria derivada do Covid-19, non foi posible obter datos sobre o índice de satisfacción coas prácticas externas. Porén, os últimos datos dispoñibles (2018-2019) amosan que as prácticas acadan índices de satisfacción elevados, tanto por parte do alumnado (4,38 de 5 en Infantil e 4,44 en Primaria) como por parte dos titores profesionais (4,36 en Infantil e 4,31 en Primaria). Os últimos datos dispoñibles da satisfacción dos titores académicos (curso 2017-2018) son igualmente positivos: 4,15 en Infantil e 4,80 en Primaria. Polo que respecta aos egresados dos graos, na enquisa do curso 2019-2020 non se contempla un ítem sobre as prácticas externas, pero os últimos datos dispoñibles (2018-2019) amosan que a satisfacción coas prácticas externas acada tamén valores elevados, situándose en 4 puntos de 5 en Primaria e 5 puntos en Infantil. No caso do Dobre Grao, non hai datos dispoñibles sobre o índice de satisfacción coas prácticas, e tampouco datos de egresados, xa que a dobre titulación non se implantou aínda na súa totalidade.

**MPES**

No caso do Mestrado en Profesorado de Secundaria, o Prácticum ten asignado un total de 12 créditos: 4 no primeiro semestre (Prácticum I), e 8 no segundo (Prácticum II). A xestión do mesmo realízase dende o vicedecanato do Mestrado de Profesorado (FCE-Santiago de Compostela) e a Coordinación do Mestrado (FFP_Lugo). Por parte do alumnado, este contido da formación adoita presentar un elevado índice de satisfacción, non obstante carecemos de datos para o curso 2019-20, sendo de 4,39 no curso 2018-19. Tampouco hai rexistrados datos para o curso 2019-20 sobre a satisfacción por parte dos titores profesionais con respecto á FFP nin a FCE, aínda que no informe de Santiago si aparece recollido este dato para o curso anterior 2018-19 cun nivel de satisfacción de 4,23. Dado que os titores non se asignan por Campus, senón por toda a xeografía galega, é moi probable que un profesional titorice simultaneamente a un alumno de Lugo e a outro de Santiago.

**MDAEN**

Pola súa parte, o MDAEN ten un só Prácticum, de 6 créditos, que se desenvolve no segundo semestre; a asignación de titor faise dende a coordinación de prácticum; sendo o alumnado o que elixe a institución de destino, procedéndose a asinar un convenio no caso de que este non exista. En canto á satisfacción media do alumnado coas prácticas, non existen datos para o curso 2019-20, sendo de 3,5 no curso 2018-19.
Finalmente, sinalar que a universidade non está ofrecendo datos sobre a satisfacción dos titores profesionais de prácticas externas do MDAEN, e se descoñece nestes momentos outros datos sobre o seu nivel de satisfacción máis que os contactos que o coordinador do prácticum mantén con eles, existindo unha relación positiva e ausencia de queixas.

## D3. H. TFG e TFM (ASIGNACIÓN, SUPERVISIÓN E AVALIACIÓN)

**GMEI e GMEP**

Na FFP-Lugo existe a figura do coordinador ou coordinadora dos TFG da titulación tanto de Primaria como de Infantil. Tendo en conta o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require un esforzo ímprobo que, ademais, goza dun escaso recoñecemento académico (20 HDE). A asignación de titorizacións realízase tendo en conta as preferencias do alumnado e o seu expediente académico. Polo que respecta aos procesos de supervisión e avaliación, por mor do elevado número de alumnado e o escaso número de docentes que poden asumir esas tarefas, solicitouse un cambio do regulamento que afecta á avaliación e que se puxo en marcha a partir do curso 2016-17, do que se da conta nun parágrafo anterior, dentro do apartado dedicado ao desenvolvemento das distintas normativas (**D3.A.**). Como xa se mencionou nese apartado, a suspensión da docencia presencial motivada pola crise sanitaria do Covid-19 motivou a realización de axustes no proceso de supervisión e avaliación dos TFGs no curso 2019-2020. Os cambios detállanse nas **Adendas aos Autoinformes de Seguimento dos Títulos de Grao** que acompañan ao presente documento.

O grao de satisfacción dos docentes coa titorización dos TFGs acada un 4,34 de 5 en Primaria (subindo desde o 3,25 do curso anterior) e un 4,21 en Infantil (subindo tamén desde o 3,80 do curso anterior). Se ben non son cifras baixas, os valores son inferiores aos doutros ítems, o cal pode explicarse pola carga de traballo e a escaseza de docentes dispoñibles

para asumir estas tarefas, o cal obriga ocasionalmente aos docentes a asumir titorizacións de traballos fóra das súas liñas de investigación.

Cómpre sinalar que a Biblioteca da Facultade organiza un curso de formación en competencias informacionais a nivel avanzado para orientar ao alumnado de cuarto curso dos Graos de Primaria e Infantil na realización do TFG. A información xeral sobre os cursos da Biblioteca proporciónase no apartado de orientación académica e profesional (**D3.D.**) nesta mesma sección. O curso encádrase na acción de mellora realizada para os Graos **AM-05** (2019-2020), e proposta para continuidade no 2019-2020 dentro do Plan FORTE-FFP (**AM-01**). No curso 2019-2020, o número de matriculados e de alumnado que finalmente superou o curso avanzado foi de 56 e 36 respectivamente, sumando os dous Graos. Porén, cómpre sinalar que o curso se desenvolveu durante o periodo de confinamento, e que, por outra banda, o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademáis conta co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística. En todo caso, como se detalla no parágrafo seguinte, o alumnado superou esta materia con resultados altamente satisfactorios.

Os resultados acadados polos estudantes dos Graos nesta materia continúan a ser satisfactorios. No curso 2019-2020 defendéronse un total de 91 traballos no Grao de Infantil. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 58,24% (53), seguida de Sobresaliente, cun 27,47% (25), Aprobado, cun 8,79% (8), Matrícula de Honra, cun 4,39% (4), e Suspenso, cun 1,09% (1). Pola súa banda, no Grao de Primaria defendéronse 117 TFGs. A cualificación máis frecuente foi a de Notable cun 43,58% (51 traballos), seguida de Sobresaliente cun 42,73% (50), Aprobado cun 8,54% (10), Matrícula de Honra cun 4,27% (5), e Suspenso cun 0,85% (1).

- **MPES**

No que respecta ao Mestrado en Profesorado, tamén se realiza dende a biblioteca un curso en competencias dixitais (**AM-27** 2019-2020, proposta para continuidade como **AM-17** 2020-2021), co mesmo obxectivo que nos graos. No proceso de asignación de titorización, séguese o criterio de expediente académico, que se van amosando como positivo; no que atinxe a avaliación, emprégase unha rúbrica de avaliación, aprobada pola Comisión de Título e incorporada á Guía do TFM o curso 2018-19.
No que coresponde aos resultados, no MPES defendéronse un total de 60 TFM (22 na especialidade de FP, 20 na especialidade de Ciencias, e 18 na de Linguas). Houbo 1 suspenso (1,66%), 7 aprobados (111,66%), 24 notables (40%), 28 sobresaíntes (46,66%),%). Considerando o curso anterior, percíbese un aumento nos sobresaíntes e non houbo ningunha matrícula de honra. Nesta ocasión a ausencia de matrículas de honra débese ao sistema de avaliación de TFM alternativo desenvolvido pola situación da pandemia ocasionada polo COVID, que deu a posibilidade de que os TFM se presentasen ante o titor ou titora sen acadar dita cualificación.

- **MDAEN**

No MDAEN, cada alumno dispón dun titor ou titora que o orientará na elección e realización do seu proxecto fin de mestrado, sendo estes os que propoñerán unha oferta ampla de posibles traballos a desenvolver que, con independencia dos seus obxectivos, metodoloxías e contidos concretos, deberán axustarse formalmente ao modelo xeral de proxecto fin de mestrado. O procedemento a seguir consiste en: a comezos de decembro ofértase ao alumnado unha listaxe de profesorado coas liñas de traballo e investigación e, nunha reunión conxunta, cada estudante elixe titor conforme a nota de corte ata completar a cota de cada titor. Por outra banda, e coa finalidade de harmonizar os criterios de avaliación do TFM, tamén se deseñou para o MDAEN unha lista de control para a aprobación dos proxectos de TFM pola comisión académica (**AM-31**) que, unha vez aprobada pola Comisión de Título, está publicitada na páxina web da Facultade dende o curso 2018-19. Dos 26 TFM defendidos 1 acadou a cualificacón de matrícula de honra (3,57%), 10 acadaron a cualificación de sobresaínte (38,46%), 13 de notable (50%), 2 aprobados (7,69%) e non houbo suspensos.

Finalmente e no que respecta ao grao de satisfacción dos docentes coa titorización, esta se amosa como altamente satisfactoria, situándose no 4,61 sobre 5 no MPES e no 4,56 no caso do MDAEN.

## D3. I. RESULTADOS DA APRENDIZAXE

Os indicadores de resultados para o curso 2019-2020 en todas as titulacións impartidas na Facultade ofrecen valores moi positivos en xeral, en comparación coa media da USC, tal e como se desprende da táboa seguinte:

| | Grao en Mestre/a de Educación Infantil | Grao en Mestre/a de Educación Primaria | Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria | Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria | Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza | Media USC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Taxa de rendemento** | 96,14% | 91,69% | 98,33% | 97,29% | 96,51% | 88,71% |
| **Taxa de éxito** | 98,24% | 96,05% | 99,44% | 99,83% | 99,60% | 94,17% |
| **Taxa de avaliación** | 97,86% | 95,45% | 98,89% | 97,95% | 96,90% | 94,21% |
| **Taxa de graduación** | 77,61% | 80,95% | --- | 91,85% | 73,33% | 58,53% |
| **Duración media dos estudos** | 4,24 | 4,13 | --- | 1,12 | 1,38 | 5,06 |
| **Taxa de abandono durante o primeiro curso** | 18,75% | 5,45% | 0,00% | --- | --- | 16,64% |
| **Taxa de abandono RD 1393/2007** | 19,40% | 15,87% | --- | 5,08% | 13,33% | 23,31% |

Como se aprecia na táboa, os indicadores presentan valores satisfactorios excepto a taxa de abandono no primeiro curso que foi no GMEI de 18,75%, non obstante ese valor non dista da media da USC. A razón para estas cifras atópase no feito de que unha certa porcentaxe de alumnado decide continuar os seus estudos no Campus de Santiago e solicita o traslado, fundamentalmente por cuestións económicas e de proximidade á súa residencia, xa que moitos destes estudantes viven na área de Santiago ou en zonas máis próximas a Santiago que a Lugo.

## D3. J. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS SOBRE O PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE

**GMEI e GMEP**

O índice de satisfacción coa docencia recibida por parte do alumnado e coa docencia impartida por parte do profesorado mantéñense en valores elevados nos Graos de Infantil e Primaria. Así, no curso 2019-2020 a satisfacción do alumnado acadou un 4,33 de 5 en Infantil no primeiro semestre e un 3,91 no segundo (no que se suspendeu a actividade docente presencial), un 4,2 en Primaria no primeiro semestre e un 4,09 no segundo, e un 4,35 no Dobre Grao no primeiro semestre e un 4,20 no segundo, mentres que a do profesorado chegou ao 4,19 en Infantil e ao 4,10 en Primaria.

Con respecto aos ítems mellor e peor valorados polo alumnado na enquisa de satisfacción, cómpre sinalar que por mor da situación de suspensión da actividade académica presencial no segundo semestre, o alumnado cubriu dúas enquisas, unha por semestre, coa segunda delas incluíndo ítems relacionados coa situación excepcional sobrevida. No caso do alumnado de Infantil, no primeiro semestre valórase positivamente a axuda recibida en titorías (4,5) e a explicación da programación e os criterios de avaliación (4,5), e o ítem peor valorado é a mellora do nivel de partida do alumnado (4,15). No segundo semestre o ítem peor valorado refírese á utilidade dos materiais subministrados para preparar a materia (4,02) e o mellor valorado foi o desenvolvemento dos contidos consonte ao cronograma temporal (4,51). O alumnado de Primaria no primeiro semestre valora positivamente o cumprimento do programa (4,34), e os ítems peor valorados refírense á mellora do nivel de partida (3,85) e aos recursos didácticos que faciliten a comprensión da materia (3,85). No segundo semestre o ítem mellor valorado foi a resolución de dúbidas, e o peor valorado a carga de traballo (3,93). Pola súa banda, o alumnado do Dobre Grao no primeiro semestre valora positivamente o cumprimento do programa (4,58) e a axuda recibida en titorías (4,55), mentras que os ítems peor valorados son que o docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa (3,70) e a mellora do nivel de partida (3,89). No segundo semestre valorase positivamente o desenvolvemento dos contidos de acordo co programa (4,51) e como ítems peor valorados atópanse a carga de traballo (4,1) e a utilidade dos materiais subministrados para a preparación da materia (4,02). En liñas xerais, pódese observar que os ítems peor valorados acadan, non obstante, valores elevados nos dous semestres, sendo os ítems peor valorados no segundo semestre explicables pola necesidade de adaptar a docencia á modalidade virtual.

Con respecto ao profesorado, os ítems mellor valorados, tanto no Grao de Infantil como no de Primaria, son o trato correcto co alumnado (4,88 en Primaria e 4,97 en Infantil), a accesibilidade dos docentes para o alumnado (4,88 en Primaria e 4,86 en Infantil) e a información proporcionada sobre os criterios de avaliación (4,82 en Primaria e 4,85 en Infantil). Entre os ítems peor valorados polos docentes atópanse a experiencia previa no uso das tecnoloxías para a docencia e a avaliación en remoto (3,43 en Primaria e 3,50 en Infantil), os materiais e servizos de apoio (3,34 en Primaria) e o nivel previo do alumnado (3,56 en Infantil). Os materiais e servizos coméntanse na **Directriz 5** desta Memoria.

No caso dos Graos de Infantil e Primaria, as queixas recibidas durante o curso 2019-20 no primeiro semestre por medio dos delegados de curso refírense, sobre todo, á falta de espazos dispoñibles, e ao elevado número de alumnos por aula, así como á carga de traballo. Os problemas de infraestruturas e recursos humanos trátanse máis polo miúdo nas seccións correspondentes (**Directrices 4 e 5**).

O alumnado do Dobre Grao sinala ademáis como aspectos a mellorar a carga de traballo e a configuración dos horarios de clase (horarios pouco equilibrados e coincidencia horaria entre algunhas materias optativas). Os atrancos organizativos derivados da configuración dos horarios de clase son ben coñecidos polo Decanato, sen fácil solución debido aos problemas de espazo e á insuficiencia de profesorado, ao que cómpre engadir os condicionamentos de horarios propios do profesorado asociado, e a necesidade de elaborar uns horarios compatibles para o alumnado que cursa o Dobre Grao, que ten que compartir horarios co alumnado do Grao de Infantil e o Grao de Primaria.

Polo que respecta á carga de traballos, que comenta tanto o alumnado do Grao coma o do Dobre Grao, cómpre ter en conta, no caso do Dobre Grao, que se trata dunha cuestión complexa, xa que este alumnado está a cursar dous graos a un tempo, e cada materia ten as súas esixencias de avaliación, non podendo facer distincións entre o alumnado matriculado. Porén, no Documento Marco de funcións das coordinacions (elaborado dentro da acción de mellora **AM-08** 2019-2020) establécese como función das coordinacións de curso a recollida e difusión entre o profesorado do curso de información sobre a carga total de traballos que ten o alumnado para cada semestre, de xeito que o profesorado poida tomar as medidas oportunas para redistribuir as tarefas ou modificar os prazos de entrega.

No segundo semestre, no que a docencia presencial se viu interrompida, os coordinadores de curso solicitaron do alumnado a comunicación de incidencias a través dos delegados, e unicamente se rexistraron algúns comentarios do alumnado sobre a carga de traballo de certas materias, que foron solventados satisfactoriamente recorrendo a unha certa flexibilidade nos prazos de entrega. Tampouco se rexistraron incidencias destacables por parte do profesorado, de acordo cos informes de curso elaborados polos coordinadores e que se inclúen como anexos nas **Adendas aos Autoinformes de Seguimento dos Títulos de Grao** que acompañan a este documento.

**MPES e MDAEN**

Atendendo ao MPES á satisfacción do alumnado sitúase no 3,69, no primeiro semestre, e 3,90 no segundo semestre. Os aspectos mellor valorados, respectivamente, son o cumprimento co programa e o plan de traballo previsto e que os contidos desenvolvéronse acordo co cronograma previsto antes da crise da Covid-19. Mentras que os aspectos peor valorados son, no primeiro semestre, que o docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa e, no segundo semestre, a resolución de dúbidas por parte do docente. Pola súa banda, o profesorado indica ter un nivel máis elevado de satisfacción que o alumnado (4,34) especialmente nos aspectos vinculados coa comunicación cos estudantes, como manter un trato correcto cos estudantes, manter unha comunicación axeitada cos estudantes e amosarse accesible aos estudantes. Os docentes amosanse menos satisfeitos cos aspectos relacionados coa docencia virtual, é dicir, en canto á súa experiencia no uso de tecnoloxías para a docencia en remoto e co desenvolvemento da docencia non presencial tras a declaración do estado de alarma.

No MDAEN, o alumnado afirma ter un elevado nivel de satisfacción tanto no primeiro semestre (4,33) mentras que baixa no segundo (3,5). Esta baixada de satisfacción do primeiro ao segundo semestre débese a unha valoración moi baixa da atención recibida por parte dos docentes, o cal viuse afectado pola nova situación de docencia virtual que supuxo un nivel de adaptación tanto no colectivo de docentes como de alumnado, dificultando os primeiros contactos virtuais. En ambos semestres os ítems reciben puntuacións moi próximas á media, sen que ningún destaque especialmente por ser o peor

valorado. Os aspectos máis valorados están relacionados co desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma temporal da materia, no primeiro semestre, e no segundo semestre non destaca ningún aspecto como mellor valorado, pero son varios ítems os que reciben as puntuacións máis elevadas como a participación crítica do alumnado nas clases, a resolución de dúbidas por parte dos docentes e os materiais subministrados.

No caso das titulacións de Mestrado, as incidencias que trasladan os estudantes responden a cuestións concretas e diversas, que adoitan ser resoltas directamente pola coordinación do título correspondente, sen necesidade de intervención por parte do Decanato/s (Lugo, no caso de MDAEN, Lugo e Santiago, no caso do MPES). Isto faise a través do delegados (se a incidencia non é especialmente importante), ou a través dos representantes de alumnado nas Comisións Académicas, se precisa unha toma de decisión por parte deste órgano.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e Mestrado.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
A garantía e mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos vinculados aos programas formativos (persoal académico e persoal de administración e servizos de apoio) réxese, na Facultade de Formación do Profesorado, polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do Manual de Procesos da FFP. Porén, este ámbito non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometido a procesos de nivel superior, que se recollen no Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC, particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*. Corresponde á Facultade, no marco das súas competencias, tal e como se recolle no seu SGC, avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta, e as condicións nas que desenvolve o seu labor.

## D4. A. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

O PDI da Facultade conta coa cualificacion apropiada para desenvolver as súas funcións con relación aos títulos impartidos. Porén, cómpre mencionar a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. Esta situación conleva dúas consecuencias para o profesorado: por unha banda, a presenza de docentes con contratos precarios dificulta a súa estabilidade e, por outra banda, a falta de docentes imposibilita o desconto de HDE en aqueles docentes que asumen coordinacións. Polo tanto, proponse como tarefa específica da acción de mellora aberta para o curso 2020-2021 (**AM-32**), encamiñada ao aumento do profesorado permanente, establecer contactos coas instancias pertinentes para buscar solucións á carencia e precariedade do profesorado e aumentar o número de docentes permanentes a tempo completo, xa que este aumento contribuiría ao recoñecemento e aplicación do desconto por horas docentes equivalentes ao profesorado.

### D4.A.1. TIPOLOXÍA DO PROFESORADO

- **GMEI e GMEP**

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total atópase en grave descenso con respecto ao curso anterior, pasando do 22,45% ao 18,37% no Grao de Infantil e do 22,58% ao 16,95% no Grao de Primaria, unhas cifras moi baixas debidas ás taxas de reposición insuficientes, a precariedade dos contratos e o estancamento da promoción do profesorado existente. Estas cifras contrastan significativamente coa media da USC que se sitúa no 58,76%.

No **Grao de Primaria** o 57,63% dos 58 profesores do Grao son doutores. Os docentes que poden ter experiencia investigadora recoñecida conforman o 45,45%. As categorías docentes ás que pertencen os 57 docentes son as seguintes: Catedrático/a da Universidade (1), Titular de Universidade (6), Titular de Escola Universitaria (3), Profesor Contratado Doutor (12), Profesor Axudante Doutor LOU (9), Asociado de Universidade LOU (14), Contratado Interino (6), Lector (1), Interino (5) e Colaborador (1).

A táboa que se amosa a continuación recolle a distribución porcentual segundo as categorías de PDI, así como as horas impartidas. Só 9 docentes son funcionarios, o que equivale a un 15,51% sobre o total. Así mesmo, existe unha elevada porcentaxe de profesorado non permanente 37,93% (22 profesores e profesoras) que imparten máis da metade das horas totais do Grao de Primaria, especificamente un 59,59%.

| Grao de Mestre/a en Educación Primaria* | | | |
|---|---|---|---|
| **PDI-Categoría** | **Número** | **Total (%)** | **Horas (%)** |
| **Asociado de Universidade LOU** | 14 | 18,18% | 20,31% |
| **Catedrático de Universidade** | 1 | 1,01% | 1,01% |
| **Colaborador** | 1 | 4,04% | 4,63% |
| **Contratado Interino -T3** | 6 | 8,08% | 8,74% |
| **Lector** | 1 | 3,03% | 1,01% |
| **Profesor Axudante Doutor LOU** | 9 | 18,18% | 18,59% |
| **Profesor Contratado Doutor** | 12 | 21,21% | 22,35% |
| **Profesor interino** | 5 | 8,08% | 7,62% |
| **Titular de Escola Universitaria** | 3 | 6,06% | 7,24% |
| **Titular de Universidade** | 6 | 12,12% | 8,5% |
| **Total** | **58** | **100,00%** | **100,00%** |

* Datos extraídos do documento 2502229_E15_2019-2020

No **Grao de Infantil**, o 59,18% dos 40 profesores do Grao son doutores. Os docentes que poden ter recoñecida a súa experiencia investigadora corresponden ao 38,89%. As categorías ás que pertence o PDI son as seguintes: Catedrático de Universidade (2), Titular de Universidade (3), Titular de Escola Universitaria (2), Profesor Contratado Doutor (8), Profesor Axudante Doutor LOU (8), Asociado de Universidade LOU (7), Contratado Interino (3), Lector (1), Colaborador (2) e Profesor

Interino (4).

Como se pode apreciar na seguinte táboa, dun total de 40 profesores e profesoras que imparten docencia na titulación só hai 7 docentes (17,5%) que sexan funcionarios. Igualmente, compre destacar que unha alta porcentaxe é profesorado non permanente, en concreto, 25 docentes (62,5%).

| Grao de Mestre/a en Educación Infantil* | | | |
|---|---|---|---|
| PDI-Categoría | Número | Total (%) | Horas (%) |
| Asociado de Universidade LOU | 7 | 18,18% | 14,93% |
| Catedrático de Universidade | 2 | 3,64% | 2,82% |
| Colaborador | 2 | 7,27% | 3,14% |
| Contratado Interino -T3 | 3 | 9,09% | 13,29% |
| Lector | 1 | 1,82% | 0,52% |
| Profesor Axudante Doutor LOU | 8 | 16,36% | 12,44% |
| Profesor Contratado Doutor | 8 | 20% | 20,95% |
| Profesor interino | 4 | 9,09% | 12,41% |
| Titular de Escola Universitaria | 2 | 3,64% | 7,86% |
| Titular de Universidade | 3 | 10,91% | 11,65% |
| **Total** | **40** | **100,00%** | **100,00%** |

* Datos extraídos do documento 2502228_E15_2019-2020

- **MPES**

No **MPES**, no curso 2019-20 participaron un total de 23 docentes, correspondéndose a maior porcentaxe coa categoría profesional de profesor asociado (39,53%), seguidos dos Axudantes doutores (18,60%), interino (11,63%), titulares e catedráticos de universidade (ambos co 6,98%), contratado interino (T3) (6,98%), e colaboradores e contratados doutores (ambos co 4,65%). No que respecta á porcentaxe de PDI funcionario, descende a 16,76%, con respecto a cursos anteriores. Tamén descende a porcentaxe de profesorado doutor (50% fronte ao 54,17% no curso anterior).

A carga docente para cada unha das figuras docentes recóllese na seguinte táboa:

| Mestrado Profesorado de Educación Secundaria* | | | |
|---|---|---|---|
| PDI-Categoría | Número | Total (%) | Horas (%) |
| Asociado de Universidade LOU | 8 | 39,53% | 40,04% |
| Catedrático de Universidade | 1 | 6,98% | 4,86% |
| Colaborador | 1 | 4,65% | 2,81% |
| Contratado Interino -T3 | 2 | 6,98% | 6,03% |
| Profesor Axudante Doutor LOU | 3 | 18,60% | 22,76% |
| Profesor Contratado Doutor | 2 | 4,65% | 5,24% |
| Contratado Interino | 3 | 11,63% | 11,55% |
| Titular de Universidade | 3 | 6,98% | 6,73% |
| **Total** | **23** | **100,00%** | **100,00%** |

* Datos extraídos do documento 4311008_E15_2019-2020

- **MDAEN**

En canto ao **MDAEN,** durante o curso 2019-20**,** tivo 21 docentes dos que 16 eran doutores (76,19%). Sete docentes eran funcionarios (33,33%) (Titulares e Catedráticos de Universidade), 6 contratados doutores, 2 axudantes doutores, 3 profesores contratados interinos e 3 asociados. A continuación inclúese unha taboa recompilatoria referente á categoría do PDI que imparte docencia no Mestrado, así como o cómputo de horas.

| Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza* | | | |
|---|---|---|---|
| PDI-Categoría | Número | Total (%) | Horas (%) |
| Asociado de Universidade LOU | 3 | 14,29% | 20,9% |
| Catedrático de Universidade | 2 | 9,52% | 17,59% |
| Contratado Interino -T3 | 3 | 14,29% | 13,49% |
| Profesor Axudante Doutor LOU | 2 | 9,52% | 11,11% |
| Profesor Contratado Doutor | 6 | 28,57% | 18,52% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Titular de Universidade | 5 | 23,81% | 18,39% |
| **Total** | **21** | **100,00%** | **100,00%** |

* Datos extraídos do documento 4312425_E15_2019-2020

No **conxunto da facultade**, como se observa na seguinte táboa, a porcentaxe de profesorado funcionario no curso 2019-20 sitúase nun alarmante 19,27% de media no centro, cifra moi inferior ás observadas en cursos precedentes e, como xa se mencionou anteriormente, sensiblemente máis baixa que a media da USC (58,76%). Isto débese en boa medida ás xubilacións, amortizacións de prazas de PDI funcionario e reposición con categorías de PDI estruturais como é o caso de Axudantes Doutores.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria** | - | - | 29,82 | 30,51 | 24,24 | **18,46** |
| **Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)** | 35,56 | 30,95 | 26,09 | 26,00 | 22,45 | **18,37** |
| **Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)** | 33,96 | 32,00 | 29,09 | 31,48 | 22,58 | **16,95** |
| **Mestrado Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza** | 33,33 | 36,36 | 34,78 | 31,82 | 30,43 | **33,33** |
| **Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L]** | 47,83 | 45,83 | 35,00 | 31,58 | 25,00 | **16,67** |
| **Total** | **36,84** | **34,78** | **29,85** | **29,56** | **23,48** | **19,27** |

Por outra banda, unha análise comparativa por titulacións (ver táboa seguinte) desvela que no curso 2019-20 a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total foi de 59,17%, acadando un mínimo do 50% en tódolos títulos, mentras que a media da USC que é de 83,73%. Esta baixa porcentaxe de PDI doutor débese ao elevado número de figuras docentes que non requiren ser doutores sobre todo de profesores asociados, colaboradores, interinos e tres titulares de escola universitaria.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria | - | - | 68,42 | 69,49 | 63,64 | **58,46** |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L) | 60,00 | 59,52 | 67,39 | 68,00 | 67,35 | **59,18** |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L) | 56,60 | 62,00 | 67,27 | 68,52 | 59,68 | **57,63** |
| Mestrado Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza | 75,00 | 68,18 | 73,91 | 77,27 | 69,57 | **76,19** |
| Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L] | 65,22 | 75,00 | 70,00 | 68,42 | 54,17 | **50,00** |
| Total | **60,90** | **64,49** | **68,66** | **68,89** | **62,95** | **59,17** |

## D4.A.2. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS RELATIVAS AO TRABALLO DESENVOLVIDO

A información sobre este apartado pódese atopar na correspondente sección da **Directriz 3** (**D3.J**), onde se analiza a satisfacción do PDI coa docencia impartida. Concretamente, o ítem da satisfacción co traballo desenvolvido acada no Grao de Primaria un 4,10 de 5 puntos e no Grao de Infantil un 4,19.
A satisfacción do PDI dos Mestrados coa labor docente desenvolvida valórase de xeito similar á dos Graos, cun 4,34 de 5 no MPES e un 4,49 no MDAEN.

## D4.A.3. FORMACION E MOBILIDADE DO PDI

Na enquisa ao PDI dos Graos sobre a docencia impartida, o interese en recibir formación acada puntuacións elevadas (4,75 sobre 5 en Primaria e 4,32 en Infantil). De xeito similar, no MDAEN este ítem valórase cun 4,62, e no MPES cun 4,5.

Con respecto á formación continua do profesorado, na FFP-Lugo o PDI do Grao de Infantil participou nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC nunha porcentaxe moi superior á do curso anterior, pasando do 41,30% ao 66,67%, mentras que a participación do PDI do Grao de Primaria tamén subiu do 36,07% ata o 65%. Estes

incrementos poden explicarse pola necesidade de formación relacionada coa docencia en remoto derivada da situación ocasionada pola Covid-19.

No MPES a participación do PDI en cursos de formación aumentou tamén significativamente, pasando do 36,99% do curso anterior ao 60,51%, e no MDAEN pasou do 52,17% ao 57,14%.

A nivel de centro, a satisfacción xeral do PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2018-2019 acada 4,46 puntos sobre 5, situándose polo tanto en valores positivos.

A situación derivada do Covid-19 impulsou a necesidade de maior formación por parte do PDI para afrontar a docencia e a avaliación en remoto. Unha acción de mellora desenvolvida no curso 2019-2020 (**AM-21**) foi precisamente a organización dun curso para o emprego do Campus Virtual en tarefas de docencia e avaliación. Esta acción permanece aberta para o curso seguinte (**AM-26** 2020-2021) co fin de continuar a formación do profesorado en relación con contornas virtuais de aprendizaxe e avaliación.

Polo que respecta á mobilidade do PDI, no curso 2019-2020 a porcentaxe de profesorado participante en programas de mobilidade foi, no Grao de Primaria, do 3,51% dun total de 57 docentes. No Grao de Infantil aumentou do 1,59% ata o 5% (sobre un total de 40 docentes). No MPES a participación foi do 4,76% dun total de 21 docentes. A participación nos programas de mobilidade continúa a ser baixa, aínda que cómpre sinalar que esta situación pode deberse a que, por mor da escaseza de profesorado, os docentes non poden participar en programas de mobilidade sen perxudicar directamente aos seus compañeiros/as de área, xa que estes teñen que encargarse da súa docencia.

### D4.A.4. ACTIVIDADE INVESTIGADORA

No Grao de Infantil, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total descende do 45% do curso anterior ao 38,89%, e no de Primaria descende tamén lixeiramente, pasando do 47,83% ao 45,45%, unhas cifras que poden explicarse pola precarización laboral e o estancamento da promoción do profesorado comentados anteriormente. No caso do Mestrado DAEN a porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total mantense no 84,62%, mentres que no Mestrado de Profesorado de Secundaria atopámonos tamén no 2019-2020 cun descenso ata o 42,86%.
Na seguinte táboa pódese observar a evolución nas porcentaxes do PDI con sexenios sobre o PDI total nos últimos anos. En liñas xerais, a porcentaxe descende nas diferentes titulacións con respecto ao curso anterior, sendo a media da USC do 84,72%.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria** | - | - | 40,74 | 51,85 | 48,00 | **47,83** |
| **Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)** | 15,56 | 35,00 | 33,33 | 45,45 | 45,00 | **38,89** |
| **Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)** | 16,98 | 37,50 | 38,46 | 50,00 | 47,83 | **45,45** |
| **Mestrado Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza** | 44,44 | 69,23 | 71,43 | 78,57 | 84,62 | **84,62** |
| **Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L]** | 34,78 | 64,29 | 60,00 | 55,56 | 55,56 | **42,86** |
| **Total** | **21,54** | **47,89** | **44,90** | **51,42** | **53,33** | **50,60** |

A nivel de centro realizouse unha enquisa para coñecer a pertenza a grupos e proxectos de investigación do PDI. Entre o profesorado participante, un 75% afirma formar parte no curso 2019-2020 dun grupo de investigación, indicando un total de 16 grupos de investigación, dos cales tres están adscritos á facultade (GEFIL, MESTURA, EDUNARTEX). Unha maior parte dos docentes que responderon son membros dos grupos de investigación, mentras que só tres son IP e dous actúan como colaboradores externos.

| **Grupos de investigación con participación na FFP** |
|---|
| GI-2171 Grupo de investigación educativa MESTURA |
| GI-2124 Educación, Naturaleza, Arte y Excursionismo (Edunartex) |

| |
|---|
| GI-1667 Razoamento, Discurso e Argumentación (RODA) |
| GI-1867 Grupo Galego de Estudos para a Formación e Inserción Laboral (Gefil) |
| GI-1439 Grupo de Investigación Stellae |
| GI-1762 Lingüística Aplicada ao Ensino e Aprendizaxe do Inglés, Tradución e Deseño Textual (LAEAITDT) |
| GI-1806 Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía (NeuroCogA-Aging) |
| GI-1927 Cidadanía E Comunicación |
| GI-1451 Terceira Xeración |
| GI-1447 Pedagoxía Social e Educación Ambiental (SEPA) |
| GI-1589 Química Supramolecular Y Fisicoquímica De Coloides |
| GI-1875 Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa |
| GI-1438 Grupo de investigación de Tecnología Educativa(TecnoEduc) |
| GI-1657 Historia agraria e política do mundo rural (HISTAGRA) |
| GI-1584 Química Bioinorgánica e Supramolecular (SUPRABIOIN) |
| GI-2173 MetalingüisTICa |

En canto á participación en proxectos de investigación no curso 2019-2020, como se amosa na seguinte figura, houbo un 86% de participación, sendo a maior participación nos proxectos do plan nacional de I+D+i (58,06%), seguidos dos proxectos do plan autonómico (22,58%), outras actividades de investigación (16,12%) e proxectos europeos (3,22%).




## D4.A.5. NECESIDADES DE PERSOAL: DETECCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI da FFP é suficiente e axeitado para atender ás necesidades dos títulos que oferta, aínda que sería desexable poder contar cun maior número de profesorado estable. Cómpre ter en conta que a contratación de profesorado e as súas condicións (categoría da contratación, posibles promocións, traslados de Campus, etc.) non dependen da Facultade. Con respecto ás necesidades de persoal, a Facultade (a través do equipo Decanal) mantense en contacto cos Departamentos e Vicerreitorías correspondentes para notificar necesidades específicas de persoal docente, unhas necesidades que son tamén detectadas nos informes sobre a marcha dos cursos por parte do alumnado delegado, e nos informes que elaboran os coordinadores de curso sobre a revisión dos programas das materias. Por outra banda, de acordo co Obxectivo Estratéxico OE10 da prórroga do Plan Estratéxico (Plan Estratéxico 2016-2022), proponse como acción de mellora aberta para o 2020-2021 a solicitude de creación dun Vicedecanato centrado na xestión das titulacións e a calidade da Facultade (**AM-28** 2020-2021). A devandita solicitude xustifícase, entre outras razóns, polo elevado número de alumnos, que contrasta coa escaseza de profesorado con vinculación permanente, o feito de que nos últimos anos o profesorado da Facultade adoita superar a súa capacidade docente e non pode reducir HDEs, e a complexidade da organización académica do centro debido á insuficiencia de espazos e infraestruturas.

## D4.B. PERSOAL DE APOIO Á DOCENCIA (PAS): SUFICIENCIA E ADECUACIÓN, FORMACIÓN, SATISFACCIÓN E DETECCIÓN DE NECESIDADES

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente, e conta non so coa cualificación apropiada, senón tamén cun elevado nivel en canto a anos de experiencia para desenvolver as súas funcións en relación cos títulos impartidos. Porén, cómpre sinalar que sería desexable poder contar cunha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde (o centro conta con dúas persoas en quenda de mañá e unha de tarde). Esta foi unha acción de mellora proposta para o curso 2019-2020 (**AM-22**) pero que por mor da situación de crise sanitaria derivada do Covid-19 non se puido completar, quedando aberta para o curso 2020-2021 (**AM-27**). A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Na quenda de tarde o persoal de conxerxería ten que atender ao alumnado e profesorado de dous graos, de dous mestrados e de cuarto ciclo. Aparte de desempeñar outras tarefas, o persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Asemade, cómpre considerar que, durante o período de confinamento, o traballo do persoal de conserxería veuse acrecentado polas continuas demandas de información do alumnado, os axustes nos calendarios e normativas, etc.

No curso 2019-2020 o PAS da FFP-Lugo contou cun total de 11 membros. Con respecto ao seu grao de **satisfacción** co traballo desenvolvido, a enquisa foi cuberta polo 45,45% do persoal, e a valoración experimenta un ascenso con respecto ao curso anterior, sendo a valoración media de 4,60 sobre 5, e a valoración global de 4.

A participación do PAS en **accións formativas** no curso 2019-2020 acadou o 57,14%. Polo que respecta ao grao de satisfacción do persoal de administración e servizos coas accións formativas, a enquisa foi cuberta polo 51% dos participantes sobre o total de matriculados, e a satisfacción global sitúase en índices positivos, sendo de 7,64 sobre 10, manténdose valores moi semellantes respecto ao curso anterior 2018-2019 (7,84).

Cómpre finalmente destacar a boa disposición e a implicación do PAS en tarefas de apoio directo aos programas formativos. En particular, é preciso sinalar os cursos de Competencias Informacionais que se levan a cabo dende a Biblioteca da Facultade, que permiten aos estudantes ampliar e mellorar os seus coñecementos, aplicándoos nas diversas asignaturas.

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
    - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
    - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
    - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión;

laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
    - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento…) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado…) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do Manual de Procesos da FFP recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atendelas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles.

### D5.A. RECURSOS E SERVIZOS

No curso 2019-20, e en liña co Obxectivo Estratéxico OE15 (Aumentar a dispoñibilidade de espazos e recursos materiais), procedeuse á adquisición do seguinte equipamento para aulas e espazos de traballo da Facultade, e acometéronse as reformas que a continuación se indican:

| FACULTADE | CAMPUS | EQUIPAMENTO /OBRAS |
|---|---|---|
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 06/09/19 A185096 FACT A/1284<br>1 Destrutora de papel pequena para Conserxería |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 02/10/19 A185087 Fact 60195480<br>Teléfono inalámbrico para Conserxería |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 31/10/19 A185085 Fact 19696<br>Plastificadora LM340 |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 11/11/19 A306499 FACT GA-G99358/177<br>1 Gravadora despacho Vicedecano |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 12/11/19 A185094 FACT 09884<br>2 CPU Tacens H310M I3 8Gb con teclado, ratón. Aula 29 e 22<br>1 Disco SSD 240 Conserxería |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 29/11/19 A306481 FACT F19030392<br>2 sillas confidente azul<br>8 sillóns con respaldo alto<br>2 sillóns confidente giratorio negro |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 03/12/19 A185092 FACT C/09950<br>2 Proxectores Conserxería<br>1 Impresora despacho Decana<br>1 Impresora Conserxería<br>1 Impresora despacho 122 |

| | | |
|---|---|---|
| | | 1 Impresora despacho 129<br>1 Impresora despacho 113<br>1 CPU despacho Xestora |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 10/12/19 A306472 FACT C/09963<br>7 Monitor LG 24MK400h<br>1 MACBOOK PRO 13" MUHN2Y/A<br>1 SCANNER BROTHER ADS24OON<br>3 CPU 13-9100F, SSD 480GB 8 GB RAM<br>1 ALTAVOCES LOGITECH Z 150 |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 19/12/19 A306475 FACT 190000587<br>1 Destructora de papel grande<br>1 Cizalla<br>1 Encuadernadora de espiral |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 26/12/19 A185058 FACT 444<br>3 Armarios metálicos con portas de persiana e 4 estantes |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 21/10/19 A239368 FACT 49<br>Substitución de zócalos de linóleo na planta soto e escaleiras da Facultade |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 28/11/19 A185081 FACT A/62<br>Unión aulas 24 e 24B da Facultade |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 28/11/19 A306474 FACT A/60<br>Arreglo de desconchados e pintura das paredes da Facultade. |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 27/12/19 A306460 FACT A/80<br>Sellado de canalóns de zinc |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 31/12/19 A228837 FACT 1100324<br>Cambio de pavimento na Aula de Plástica da Facultade |
| **Fac. Formación do Profesorado** | Campus Lugo | 03/02/20 A306452 FACT 1100328<br>Aplicación de barrera de vapor con sistema eponal (pto nº 11000983) no cambio de pavimento na Aula de Plástica. |

No relativo aos servizos, cómpre destacar o **Campus Virtual** e a **Biblioteca**, servizos xerais de apoio á docencia moi relevantes para o desenvolvemento dos programas formativos da Facultade. O Campus Virtual é unha ferramenta proporcionada polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, utilizado na inmensa maioría das materias. En xeral, este servizo é valorado positivamente por alumnado e profesorado. Na última enquisa de satisfacción dos egresados que contempla este ítem (correspondente ao curso 2018-2019), o alumnado de Infantil e Primaria valora o Campus Virtual e a Secretaría Virtual con 4 puntos sobre 5, o do MPES outorga un 3,26 e o do MDAEN un 5. Polo que respecta á utilidade do Campus Virtual para o labor docente, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación o Campus Virtual valórase tamén moi positivamente (4,31 en Infantil, 4,23 en Primaria, 4,05 no MPES e 3,81 no MDAEN). Cómpre ter en conta que durante o período de suspensión da actividade académica presencial por mor do Covid-19, o Campus Virtual pasou a ser unha ferramenta básica para a docencia e a avaliación en remoto, e para facilitar o seu emprego desenvolveuse un curso específico de formación para o PDI como acción de mellora desenvolvida no curso 2019-2020 (**AM-21**).

Polo que concerne á biblioteca, conta cunha excelente dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal da biblioteca ocúpase anualmente, antes do inicio do curso, de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do Centro. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias. A satisfacción co servizo de biblioteca valórase positivamente nas enquisas realizadas aos egresados dos Graos de Primaria e Infantil con 4 puntos sobre 5 na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019. Do mesmo xeito, na última enquisa dispoñible que contempla este ítem para os

egresados dos Mestrados (2018-2019), os egresados do MPES valórano cun 3,39 e os egresados do MDAEN cun 4, sendo en xeral valores positivos.

A Facultade conta asimesmo cun servizo de **cafetería/comedor** tamén positivamente valorado polos egresados dos Graos na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019 (4 puntos sobre 5 no Grao de Infantil e 5 puntos no Grao de Primaria). No MPES os egresados do curso 2018-2019 valoraron este servizo cun 2,88 e os do MDAEN cun 4.

Polo que respecta aos **Servizos de Xestión Académica**, a USC conta cun servizo centralizado, denominado Servizo de Xestión Académica, para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC. Este é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. No ámbito específico da Facultade, a **Unidade de Xestión do Centro** atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto eficiente e máis próximo aos estudantes.

Con respecto aos **Servizos de Orientación Académica e Profesional**, a USC conta con servizos xerais encargados destas cuestión, tales como o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a Área de orientación laboral e emprego, que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o Servizo de axudas e servizos ao alumnado, responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. Pola súa banda, a Oficina de Información Universitaria (OIU) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e os dirixe a uns ou outros en función das necesidades. Polo que respecta á Facultade, a orientación académica e profesional proporcionada ao alumnado e as accións de mellora relacionadas con ela explícanse con detalle na Directriz 3 da memoria, nos respectivos apartados de Orientación Académica e Profesional, Practicas externas (Prácticum) e TFG/TFM.

Destaca asimesmo o **programa de acollida** ao alumnado de primeiro curso dos Graos de Primaria e Infantil que ten lugar todos os anos ao inicio do curso académico, con respeco ao cal pechouse como acción de mellora para o curso 2019-2020 unha reforma da súa estrutura e contidos, e implementouse un procedemento para a recollida de información procedente do alumnado sobre a súa utilidade e aspectos mellorables con resultados positivos (**AM-23** 2019-2020). A acción mantense para o curso 2020-2021 dentro do Plan FORTE-FFP (**AM-01**).

## D5.B. VALORACIÓN DE ADECUACIÓN E SUFICIENCIA DE RECURSOS E SERVIZOS, E DETECCIÓN DE NECESIDADES

Os servizos cos que conta actualmente a Facultade poden considerarse adecuados en liñas xerais. Polo que respecta ás infraestuturas e recursos, aínda que continúa a haber certos problemas, especialmente de espazos (que condicionan, por exemplo, os horarios) e hai marxe de mellora, dende a Facultade, e tendo en conta os orzamentos dispoñibles, todos os anos procúrase adquirir e renovar material e acometer obras necesarias para acondicionar e mellorar os espazos de traballo, tal e como consta na relación de obras e adquisicións que figura no apartado de recursos e servizos (**D5.A**) nesta mesma sección.

Máis preocupante resulta o espazo para a docencia da área de Didáctica da Expresión Corporal, xa que se está a usar unha instalación da Consellería de Educación da Xunta de Galicia que presenta graves problemas de limpeza e mantemento e sobre a que a Facultade non ten capacidade de actuación. Esta situación foi trasladada á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo en maio de 2019, e no curso 2019-2020 trasladouse de novo o problema sobre o pavillón ao Xerente da USC e á Vicerreitoría do Campus de Lugo.

A problemática co espazo para o desempeño da docencia de educación física, xunto coas melloras enfocadas ao

equipamento das instalacións para mellorar a docencia en remoto, promovida pola Covid-19, quedan recollidas como unha acción de mellora (**AM-29)** para o curso 2020-21 e que repercutirá na docencia dos seguintes cursos académicos.

Asimesmo, a dotación dos equipos informáticos con ferramentas para a comunicación virtual durante o periodo de confinamento motivado polo Covid-19 facilitou a celebración de reunións telemáticas, o cal incrementou a participación dos axentes implicados e contribuíu a visibilizar o traballo dos diferentes grupos e comisións, á mellora do traballo en equipo e a un mellor coñecemento e implicación dos participantes no labor desenvolvido, particularmente polo que concerne ao funcionamento do SGC. Tendo en conta os bos resultados obtidos, promover o aumento da participación nas reunións dos diferentes órganos recorrendo a ferramentas virtuais proponse como acción de mellora a desenvolver no curso seguinte (**AM-30** 2020-2021) e nos vindeiros cursos académicos.

## D5.C. SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE

Cómpre sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, a Facultade debe tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, a FFP ten actualizado o seu Plan de Autoprotección, e na web da Facultade, na pestana correspondente a ese Plan, pódese atopar información sobre o Plan de Autoprotección, os protocolos de actuación en caso de emerxencia e evacuación, as accións formativas desenvolvidas, os informes dos simulacros de emerxencia, e os planos de sinalización. Por outra banda, a Facultade pasa cada cinco anos unha revisión específica do Servizo de prevención de riscos laborais para a identificación de posibles fontes de risco, e toda a información relativa á avaliación de riscos pódese atopar asimesmo na web da Facultade. De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

No relativo á accesibilidade universal, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Non obstante, aínda hai campo de mellora na adecuación das instalacións.

## D5.D. PRÁCTICAS EXTERNAS

Polo que respecta ao grao de satisfacción do alumnado que realiza prácticas externas coas instalacións e medios materiais nos centros de prácticas, no curso 2019-2020 non se puido obter información por mor da situación de crise sanitaria xenerada polo Covid-19, sendo os datos máis recentes os do 2018-2019: dese xeito, no Grao de Infantil outórganse 4,38 puntos sobre 5, e no Grao de Primaria 4 puntos. En canto aos Mestrados, tampouco hai datos para o curso 2019-20, pero a satisfacción coas prácticas externas do MPES foi de 4,39 e no MDAEN de 3,5.

O Grao de Infantil contou no curso 2019-20 con 79 centros para a realización de prácticas. Pola súa banda, para o Grao de Primaria contouse coa colaboración de 69 centros e para o Dobre Grao con 17 centros.

Nos Graos de Primaria e Infantil, o procedemento de asignación comeza no curso anterior, cando dende a Coordinación Xeral de Prácticum contáctase cos centros para que indiquen a súa dispoñibilidade de prazas para o curso seguinte.

Cómpre lembrar que, no curso 2019-2020, e por mor da situación de confinamento derivada da crise sanitaria, foi preciso realizar axustes nas tarefas desenvolvidas no Prácticum II, tal e como se reflicte nas **Adendas aos Autoinformes de Seguimento dos Títulos de Grao** que acompañan ao presente documento.

No MPES, a organización do Practicum supón unha colaboración estreita entre o centro universitario responsable do mestrado e os centros de prácticas onde o alumnado realiza este módulo formativo. Dita colaboración está regulada na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio). Aqueles centros e docentes interesados en colaborar deben solictarlo, se cumpren cos requisitos recolleitos na citada Orde, para ser acreditados. Esta convocatoria é anual, para que os datos duns e doutros poidan ser convenientemente actualizados, e permite ao alumnado do Mestrado contar cunha oferta moi ampla de distintos tipos de centros repartidos por toda Galicia. Os prazos entre a publicación da listaxe oficial por parte da Consellería e o comezo das prácticas é bastante reducido. Isto

provoca que a elección por parte do alumnado e a asignación de centro a cargo da coordinación de título teñan que resolverse nun breve período de tempo, coa complexidade que esta dinámica supón para un número tan alto de estudantes. Desde a coordinación da titulación convócase ao alumnado a varias reunións informativas para explicar os procesos de elección dos centros de prácticas e asignación de supervisor/a universitario/a a cada estudante. A coordinación das prácticas en cada centro se ocupa de distribuír ao alumnado que acolle entre as persoas titoras. Normalmente a comunicación entre os/as supervisores/as universitarios e os/as titores/as dos centros adoita resolverse a través do correo electrónico. Este procedemento funciona de maneira satisfactoria e non se rexistran incidencias, aínda que é desexable que se fomente a cooperación entre centros e universidade de maneira máis directa, tanto para facer balance do Prácticum como para fomentar unha implicación máis construtiva na súa preparacion, seguimento e avaliación.
Neste mestrado, o Prácticum II non se puido levar a cabo pola Covid-19 ao que se deu resposta mediante as *Modificacións introducidas ao abeiro do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19*. Estas modificacións consistiron nun plan de actividades alternativas que o alumnado puidese desenvolver de forma asíncrona e virtual, sendo este plan perfilado por cada docente implicado na materia (Ver ADENDA ao Autoinforme de Seguimento do Mestrado en formación do profesorado do curso 2019-2020).

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas, o MDAEN dispón de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servizos profesionais vencellados directamente aos ámbitos característicos da titulación (actualmente existen 49 convenios activos). Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos.

No curso 2018-2019, foron 10 as institucións que participaron no Prácticum. Porén, no curso 2019-2020 non houbo outra posibilidade máis que facer o prácticum de xeito virtual conforme ao protocolo que foi aprobado na sesión da Comisión do Título do día 1 de abril de 2020 (Ver ADENDA á memoria de calidade (2019-20) do Título de Master en Dirección de Actividades Educativas na Naturaleza).

## D5.E. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS DOS GRUPOS DE INTERESE SOBRE RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Nas enquisas ao PDI dos Graos sobre a docencia impartida, unha das puntuacións máis baixas pertence ao ítem sobre se o material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo) son axeitados para o desenvolvemento da materia (4,15 no Grao de Infantil e 3,34 no Grao de Primaria sobre 5 puntos, sendo neste último Grao a puntuación máis baixa).

Como xa se mencionou na sección **D2.E**. (satisfacción, necesidades, queixas e suxestións relacionadas coas titulacións), nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación, o Dobre Grao destaca como cuestión mellorable as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro, outorgando 1,78 puntos sobre 5. Asemade, nos dous Graos o ítem peor valorado por parte do alumnado nas enquisas de satisfacción coa titulación é o estado das infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (2,69 en Infantil, e 2,85 en Primaria). Por parte do profesorado, nas enquisas de satisfacción coa titulación reciben igualmente a peor valoración as aulas e o seu equipamento (3,09 en Infantil e 3,20 en Primaria). Pola súa banda, na enquisa de satisfacción dos egresados dos Graos do curso 2018-2019 (a última dispoñible con este ítem para valoración específica), estes tamén lle dan unha puntuación inferior á doutros ítems ás infraestruturas e materiais (3 puntos tanto en Primaria como en Infantil).

De xeito similar, o PDI dos Mestrados outorga ás aulas e ao seu equipamento a puntuación máis baixa nas enquisas de satisfacción coa titulación (3,43) no MDAEN e 3,16 no MPES.

Pola súa banda, o PAS valora con 4,08 puntos sobre 5 as condicións do seu posto de traballo (instalacións, mobiliario), e con 4,17 puntos os recursos.

Aínda que polo xeral as puntuacións non son excesivamente baixas, certamente amosan que existe marxe de mellora, e como xa se sinalou en apartados anteriores, dende a Facultade continúanse a facer todos os esforzos posibles para que os

recursos e os servizos vaian acadando paulatinamente mellores niveis de suficiencia e adecuación. Como se menciona na sección **D5.B**, as accións de mellora **AM-29** e **AM-30** (abertas para o curso 2020-2021) encamíñanse cara á mellora da calidade docente e da organización docente a través da modernización de recursos materiais e a reforma de infraestruturas e espazos.

| **Directriz 6. Información pública** |
|---|
| **Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..** |

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A xestión da información pública da Facultade desenvólvese conforme ao proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do Manual de Procesos da FFP, como garantía de que toda a información relevante das titulacións que se imparten nela faise pública, revísase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese.
A información máis xeral para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible desde a páxina principal da Universidade.

A nivel da Facultade, mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudantes, PDI e PAS). Polo que respecta ao alumnado, nas distintas seccións da web do centro facilítase toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum, TFG e TFM, mobilidade, programas das materias) e nas pestanas superiores hai ligazóns a páxinas de interese para o alumnado como a Secretaría Virtual, o Campus Virtual, o correo electrónico institucional, a Biblioteca, servizos da USC, etc.). Esta información actualízase antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula. Co obxectivo de manter unha trazabilidade, particularmente para os procesos de avaliación institucional, pódese tamén acceder á información de cursos precedentes.

A información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, Manuais do sistema, Actas de reunións da Comisión de Calidade, Memorias de Calidade, Informes de Seguimento e Acreditación) está publicada na web da Facultade, na sección 'Calidade'. Na sección 'O Centro', dentro da pestana 'Goberno', pódese atopar información correspondente a cada un dos órganos e comisións, e noutras pestanas desa mesma sección proporciónase tamén información sobre infraestruturas, servizos e persoal de apoio (PAS).

Con respecto ao grao de satisfacción dos grupos de interese coa información pública dispoñible, pódese valorar como referencia máis recente a satisfacción dos egresados do curso 2018-2019, xa que no curso 2019-2020 a enquisa non inclúe un ítem específico sobre este aspecto: en Infantil sube de 2,90 a 3,63 puntos no curso 2018-19, e en Primaria descende lixeiramente de 3,65 a 3,23, polo que se pode afirmar que o indicador se mantén en valores positivos. Polo que respecta aos Mestrados, non hai datos actuais sobre este parámetro. No MDAEN a valoración deste ítem foi de 3,13 puntos no curso 2018-19 e no MPES a puntuación do curso 2017-18 de 2,84 puntos sobre 5.

Nas enquisas a profesorado e alumnado sobre as titulacións de Infantil e Primaria no curso 2019-2020, a información dispoñible sobre a titulación valórase con 3,38 por parte do alumnado de Infantil (sobe dende o 2,92 do curso anterior) e 3,97 por parte do profesorado (similar á do curso anterior), e no caso de Primaria o alumnado outorga un 3,06 (sobe dende o 2,71 do curso anterior) e o profesorado un 4,09 (similar á do curso anterior). No caso do Dobre Grao este ítem valórase por parte do alumnado cun 2,11. Con respecto ao MPES, nas enquisas ao alumnado sobre a titulación, a información dispoñible valórase cun 2,84, e por parte do profesorado cun 3,91, e no caso do MDAEN o alumnado valora con 4 a información pública dispoñible e os docentes cun 4,29. Estas puntuacións, especialmente no caso do alumnado, aínda non sendo en xeral excesivamente baixas, amosan a existencia de marxe de mellora, especialmente polo que concerne á información dispoñible sobre o Dobre Grao. Porén, cómpre ter en conta que o alumnado do Dobre Grao non cursa unha titulación específica, senón unha combinación de dúas titulacións, polo que algunha información relativa a estes estudos atópase dentro das titulacións específicas que a compoñen. En calquera caso, agárdase poder mellorar a cantidade e a calidade da información dispoñible cos cambios que se están a producir na web da Facultade (**AM-31**), xa que no momento de elaborar a presente Memoria (abril-maio 2021) está a producirse unha migración de contidos, así como cambios na disposición e localización da información e nos datos subministrados.

## 3. Plan de Melloras do Centro 2020-2021

No momento de elaborar esta memoria, a actividade da USC (docente, investigadora, de xestión, e laboral en xeral) continúa a desenvolverse con restricións debido á pandemia do COVID-19. É posible que algunhas das accións ou tarefas do Plan de Melloras Anual 2020-2021 que se recollen neste documento teñan que ser adiadas ou reformuladas para o seguinte curso por mor da situación sanitaria. Por outra banda, os Obxectivos Estratéxicos das accións de mellora abertas foron axustados á listaxe de obxectivos que figura na prórroga do Plan Estratéxico (Plan Estratéxico 2016-2022).

Para o curso 2020-2021 propóñense un total de 32 accións de mellora na FFP, entre accións novas e accións que se manteñen do curso anterior. As accións **AM-01** a **AM-15** (15 accións) corresponden aos títulos de Grao (GMEI e GMEP), as accións **AM-16** a **AM-23** (8 accións) corresponden aos títulos de Mestrado (MPES e MDAEN), e as accións **AM-24** a **AM-32** (9 accións) propóñense como accións de mellora de centro, xa que concernen a todas as titulacións e ao funcionamento xeral da Facultade.

| LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2020-2021 (FFP) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTA** | **ESTADO** |
| AM-01 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Proposta dun plan integral de formación e orientación académico-profesional para o estudantado dos Graos (FORTE-FFP) que pivota sobre catro obxectivos desenvolvidos por medio de tarefas específicas. | Equipo Decanal, Coordinadores dos Titulos de Grao, Coordinador Xeral do Prácticum, Profesorado dos títulos, Director da Biblioteca FFP | Xullo 2021 | Activa |
| AM-02 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Revisar a coordinación dos programas das materias dos Graos, de maneira que se eviten reiteracións ou solapamentos entre elas | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso | Xullo 2021 | Activa |

| LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2020-2021 (FFP) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTA** | **ESTADO** |
| AM-03 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia dos Graos sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa | Coordinacións dos títulos de Grao, Coordinadores de curso | Xullo 2021 | Activa |
| AM-04 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC | Equipo Decanal e Coordinador do Programa A Ponte na Facultade | Xullo 2021 | Activa |
| AM-05 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Unha vez delimitadas as funcións das coordinacións de materia, curso e título dos Graos para evitar duplicidades, implementar instrumentos que faciliten as súas tarefas | Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao | Xullo 2021 | Activa |
| AM-06 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum dos Graos; garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6 do Grao de Infantil; buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum dos Graos ao profesorado idóneo; mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre as coordinacións do Prácticum da FFP e a FCE | Coordinadores xerais dos Prácticums (FFP e FCE) | Xullo 2021 | Activa |

| LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2020-2021 (FFP) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTA** | **ESTADO** |
| AM-7 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Actualizar o Plan xeral do Prácticum | Coordinador xeral do Prácticum (FFP) | Xullo 2021 | Activa |
| AM-8 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Fomentar a participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade. | Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | Xullo 2021 | Activa |
| AM-9 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Detectar e comunicar formalmente ao Decanato e aos departamentos implicados todas as incidencias que se detecten en canto á coordinación entre profesorado da mesma materia. | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso | Xullo 2021 | Activa |
| AM-10 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias dos Graos publicadas na web, así como entre estas e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos. | Coordinadores de Título, Vicedecano. | Xullo 2021 | Activa |
| AM-11 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Establecer contacto cos titores externos do Prácticum dos Graos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. | Coordinadores do Prácticum, Profesorado supervisor | Xullo 2021 | Activa |
| AM-12 | Informes de segumento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Crear un foro de intercambio de experiencias cos titores externos do Prácticum | Coordinador xeral do Prácticum | Xullo 2021 | Activa |
| AM-13 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Adoptar metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas | Coordinadores de título | Xullo 2021 | Activa |

| LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2020-2021 (FFP) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTA** | **ESTADO** |
| | | TIC para a difusión do coñecemento. | | | |
| AM-14 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Cómpre proceder ao cambio de curso de certas materias dos Graos de Infantil e Primaria no itinerario do Dobre Grao para asegurar unha aprendizaxe progresiva e facilitar o acceso a bolsas por parte do alumnado | Equipo Decanal | Xullo 2021 | Activa |
| AM-15 | Proposta de Mellora | Contactar cos responsables do programa A Ponte e achegar suxerencias de mellora para o Programa de Titores que contribúan a aumentar a participación do alumnado neste programa. | Equipo Decanal | Xullo 2021 | Activa |
| AM-16 | Informes de seguimento do MPES e MDAEN | Propoñer actividades formativas nos Mestrados (relatorios e outras actividades) a cargo de profesionais externos | Coordinadores dos títulos de Mestrado | Xullo 2021 | Activa |
| AM-17 | Informe de seguimento do MPES | Deseñar, organizar e avaliar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital) | Coordinador do título de Mestrado, Director da Biblioteca, Responsable servizo PFID | Xullo 2021 | Activa |

| LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2020-2021 (FFP) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ID | ORIXE | DESCRICIÓN | RESPONSABLE SEGUIMENTO | DATA FIN PREVISTA | ESTADO |
| AM-18 | Informe de seguimento do título de MDAEN | Realizar no MDAEN unha práctica de campo e actividades ao aire libre en Potes (Cantabria) cos estudantes e profesores Universidade de Cumbria, que manteñen un máster similar ao DAEN | Profesorado do título | Xullo 2020 | Activa |
| AM-19 | Informe de seguimento do título de MDAEN | Dentro do MDAEN, celebración do Día dos Bosques cunha plantación de árbores autóctonas | Coordinador do título de Mestrado | Xullo 2020 | Activa |
| AM-20 | Informe de seguimento MDAEN | Facer unha acción de difusión por redes sociais e correo electrónico do MDAEN. | Coordinador do título de Mestrado | Xuño 2020 | Activa |
| AM-21 | Informe de seguimento MDAEN | Animar aos estudantes para que participen nas enquisas de avaliación do título de MDAEN | Coordinador do título de Mestrado | Maio 2020 | Activa |
*4. Como excepción ao previsto no artigo 6.7 da normativa de TFG e TFM, e só para o curso 2019-2020, os Centros poderán acordar que os TFG e TFM, ademais de poderen ser defendidos diante dun tribunal, poidan ser avaliados polo titor ou titora. De ser este o caso, os Centros deberán acordar así mesmo as características desta avaliación e poderán fixar unha puntuación máxima para as distintas modalidades de presentación. Estes acordos deberán ser adoptados antes do 31 de maio e comunicados á Vicerreitoría de Organización Académica, así como ao estudantado afectado para que este poida optar por unha das modalidades previstas.*
*5. En todos os casos, a defensa poderá realizarse por medios presenciais ou telemáticos, de acordo co que se dispoña ao respecto.*

Saúdos
***Dr. Santiago López Gómez***
*Dpto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación*
*Vicedecano*
*Facultade de Formación do Profesorado*
*Ramón Ferreiro, s/n. 27071 - Lugo*
*Telf. 982821038*

<table>
<tr><td colspan="4">ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</td></tr>
<tr><td>ACTA Nº: 003/20</td><td>Data:<br>27/04/2020</td><td>Convocatoria:<br>24/04/2020</td><td>Hora: 11:00-12:00h<br>Lugar: videoconferencia Teams</td></tr>
<tr><td colspan="2">Asisten:<br>- Dna. Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao<br>- Dn. Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil<br>- Dn. Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria<br>- Dn. Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil<br>- Dna. Eva Mª Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum<br>- Dn. Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria<br>- Dna. Eva Comesaña Rodríguez; Representante do alumnado<br>- Dn. Gonzalo García Castro; Representante do alumnado</td><td colspan="2" rowspan="2">Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano<br><br>ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):<br><br>1.- Modificación do calendario e criterios de avaliación/defensa do TFG<br>2.- Modificación do calendario de entrega do Prácticum II</td></tr>
<tr><td colspan="2">Desculpan asistencia:</td></tr>
</table>

Tendo en conta o sinalado no Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria por mor da COVID-19 debátese e reflexiónase sobre os seguintes asuntos:

**ASUNTOS:**

***1.- Modificación do calendario e criterios de avaliación/defensa do TFG***

Debátese a proposta que os coordinadores de TFG de Primaria e de Infantil traen á reunión e acórdase:

Co fin de minimizar os posibles problemas que poidan xurdir nunha defensa do TFG utilizando medios telemáticos e co ánimo de facilitar e garantir a identidade do alumnado na mesma **será exclusivamente o Titor/a o responsable de avaliar ao alumno/a na defensa do TFG. Quedan suspendidos os tribunais na convocatoria de xuño/xullo. O titor/a poderá calificar o TFG ata a súa máxima calificación (10 puntos)**. Dada a excepcionalidade da situación e considerando as dificultades derivadas da mesma para a realización do TFG incorpórase á avaliación do TFG o seguimento do proceso de elaboración. Polo tanto, **o Producto final do TFG coa súa defensa terán un peso ponderado do 50% da calificación e o outro 50% virá dado polo do Proceso** da súa elaboración. As evidencias do Proceso resultarán do seguimento (correos-e, titorías, borradores,...) do mesmo e sempre terán como base as competencias sinaladas na materia.

**Modifícase o calendario para a solicitude, entrega e defensa do TFG da primeira oportunidade**, fixándose nas seguintes datas:

- **Solicitude: do 26 de xuño ao 30 de xuño**
- **Entrega/depósito: do 26 de xuño ao 02 de xullo**
- **Defensa: do 5 de xullo ao 24 de xullo**

O calendario da segunda oportunidade permanece sen cambios, tal e como estaba aprobado:

- Solicitude: do 20 ao 24 de xullo
- Entrega/depósito: do 20 ao 28 de xullo
- Defensa: do 03 ao 30 de setembro

Ao respecto do calendario de defensa, recórdase que que as Directrices para a organización da docencia e a avaliación, curso 2019-2020: Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19, establecen que: "*Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos (...) que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM*". A estes efectos, aquel alumnado que, estando en deposición de realizar a defensa do TFG, desexe solicitar a súa realización anticipada respecto ao calendario aprobado, deberán cursar unha solicitude ante a Comisión de Practicum e TFG.

Co fin de garantir que a defensa sexa un acto público cando se abran as actas virtuais engadirase a información de que *aquela persoa (profesorado ou alumnado) que queira presenciar, en calidade de convidado/a, a defensa dun TFG concreto debe*

*enviar ao titor/a e coordinador de TFG un correo-e con 24 horas de antelación para que á volta de correo se lle remita un vínculo que lle de acceso á reunión telemática do acto de defensa.*

Os coordinadores de TFG remitirán ao profesorado e alumnado indicacións ampliando estas directrices e concretando algunhas cuestións ao respecto.

Recoméndase que o profesorado faga unha reunión previa co alumno/a para garantir o bo funcionamento das aplicacións telemáticas (Teams, Skype empresarial ou calquera outra aplicación institucional).

O acto de defensa debe sempre ser gravado. O alumno/a no comezo do acto debe indicar o seu nome e apelidos, nº de DNI e sinalar que autoriza a gravación da defensa do seu TFG.

Recórdase, como indica o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 que *"Será posible presentar e defender os TFG e os TFM aínda que non se completara e superara o período de prácticas curriculares. En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG ou no TFM quedará condicionado á efectiva superación das prácticas".*

***2.- Modificación do calendario de entrega do Prácticum II***

Tendo en conta que o calendario non tería que modificarse na dada de entrega da 1ª oportunidade esta se mantén e so se modifica a data de entrega da 2ª oportunidade. As datas fixadas son as seguintes:

- 1ª oportunidade: 25 de maio
- 2ª oportunidade: 6 de xullo

Remata a reunión sen outros asuntos tratados.

Lugo, a 27 de abril de 2020

Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

**Asunto a tratar pola Comisión Prácticum e TFG**

1+

LJ

LAGO BALLESTEROS JOAQUIN
Lun 04/05/2020 20:12
Para: LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA; GONZALEZ SEQUEIROS PABLO **y 5 más**

Boa tarde a todos,

escribiume a profesora Lucía Moure Rodríguez para solicitar, perante a Comisión de Practicum e TFG, que se autorice a defensa anticipada do TFG que realizan conxuntamente as alumnas Paula Blanco Otero e Elena Martínez Pena, do curso ponte. Estas alumnas acóllense ao especificado nas *Directrices para a organización da docencia e a avaliación, curso 2019-2020: Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19*, nas que se establece que: ***"Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos (…) que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM"***.

Fixen a consulta a Ana Brao para asegurarme de que as alumnas cumpren os requisitos e, efectivamente, así é. Sen embargo, Ana advírteme do seguinte: "Pois eu penso que non debemos entrar nesa dinámica. Iso é se os centros o autorizan, e sería un pouco caótico, porque habería que facer un novo calendario para incluír o anticipado. Porque claro, tampouco é cousa de facelo á carta. E ten en conta que hai que comunicar á Secretaría Xeral e todo iso. Date conta de que o tratan coma algo 'excepcional'. Eu penso que é un rollo... Pero bueno... se o decidides así... será..."

Non sei como o vedes vós.

Saúdos,

Joaquín Lago Ballesteros
Facultade de Formación do Profesorado

## Solicitud adelanto defensa de TFG

1

Ver 2 mensajes más

NR

NAVARRO PATON RUBEN
Mié 10/06/2020 18:31

**Para:** LAGO BALLESTEROS JOAQUIN; LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA **y 5 más**

SOLICITUDE DEFENSA anticip...
18 KB

Buenas tardes,
me han escrito dos alumnos tutorizados por la Profesora Maria del Carmen Caldeiro, con su visto bueno, para adelantar la defensa para antes del 18 de junio, ya que a partir de esa fecha se encontrará de baja y no podrá ser ella quien los evalúe si es después.
Por ello os solicito que, o bien nos reunamos virtualmente, si así lo estimamos oportuno, o bien lo solucionemos mediante correo electrónico manifestando lo que estimemos oportuno al respecto. Bajo mi punto de vista deberíamos aceptarlo por el motivo que debe ser evaluado todo el proceso que han seguido y quien mejor que su tutora para que lo haga, además que ya lo tienen terminado.

Si lo hacemos mediante aprobación de correo electrónico en cuanto todos hayamos indicado nuestro parecer, y si es que si lo aceptamos, lo tramitaré con Ana Brao para que lo comunique a la Secretaría Xeral.
Espero vuestras respuestas (reunión virtual; resolverlo mediante correo electrónico (creo que esta última es más operativa, pero sólo es mi opinión))

Por otro lado deberíamos pensar que haremos para ese alumnado que no tendrá tutor/a para las defensas, bien en julio, bien en septiembre.

saludos
Rubén

## III. Outras reunións

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

# Informes finais de coordinacións de curso (reunión co profesorado).
# **Grao de Mestre/a en Educación Infantil**

CURSO 2019-2020

# INFORME REUNIÓN FINAL DO CURSO 19/20
# 1º GRADO EN MESTRE DE EDUCACIÓN INFANTIL

O 23 de xullo todo o profesorado de primeiro curso foi convidado a participar nunha reunión virtual polo correo electrónico para valorar y facer balance do acontecido nas súas materias durante o curso 2019/2020. O período para enviar as valoracións rematou o 28 de xullo as 20 horas. Sinalar que este ano a docencia estivo fortemente influenciada polo período de confinamento como consecuencia da pandemia provocada pola COVID-19. Os comentarios recibidos móstranse a continuación:

**Prof. Fran Candia. "Infancia, Familia e Escola" e "Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación Infantil".**
En verdade non houbo nada reseñable que comentar, xa que ambas materias son do 1º semestre e non se viron afectadas pola pandemia. No tocante ás probas finais de segunda oportunidade fixéronse dixitalmente (ambas foron probas abertas, a primeira con tempo limitado, e a segunda con varias horas) sen tampouco maiores atrancos: empregouse a ferramenta Cuestionario de Moodle e Teams en IFE, e o Campus Virtual en TICEI, e sen maiores inconvenientes

**Profª. Eva Barreira "Didáctica y Profesión Docente".**
O único que cabería comentar deste 1º curso de GMEI, sobre todo no primeiro cuatrimestre polo que a min me compete neste caso, foron as dificultades ocasionadas pola cobertura de docentes debido a baixas e cambios de posto, algo do que non é responsable a Facultade (nin moito menos os docentes) pero sobre o que deberiamos seguir facendo presión, dende onde e cara quen corresponda. Polo demáis, todo ben.

**Prof. Pablo Cesar Múñoz. "Procesos de Mejora y uso de las TIC" e coordinador do título.**
El curso 2019-20 ha resultado ser atípico, ya que ha venido marcado por la crisis sanitaria del COVID-19, lo que ha supuesto una readaptación de la materia, siguiendo para ello las diferentes Resoluciones Rectorales establecidas y que tuvieron especial calado en la modificación del plan de estudios, especialmente en lo referente a aspectos como la metodología y el sistema de evaluación.

En relación a la metodología, se adaptaron los procesos de enseñanza-aprendizaje a un sistema en línea de carácter eminentemente asíncrono, utilizando para ello diferentes herramientas del campus virtual, así como la creación de vídeos explicativos ad hoc especialmente para las prácticas de la asignatura. En todo momento se informó al alumnado de los cambios realizados y del cronograma de tareas a realizar. Los docentes de la materia tratamos de seguir los mismos horarios ya establecidos cambiando únicamente la metodología y forma de comunicación.

Por otra parte, la evaluación sufrió cambios y modificaciones adaptados a las nuevas circunstancias y que fueron, en líneas generales, bien acogidos por los estudiantes. De hecho, el alumnado, ante la situación de docencia en línea solicitó modificaciones a nivel evaluativo, que tras su análisis por parte del profesorado, nos parecieron razonables y bien argumentadas, por lo que se eliminaron algunas tareas obligatorias.

En conjunto y a tenor de las calificaciones obtenidas, los resultados en cuanto al rendimiento en el aprendizaje han sido positivos, ya que tan solo ha suspendido la asignatura un estudiante. La principal dificultad para el alumnado ha sido la comunicación no presencial para la elaboración de trabajos en grupo, especialmente del proyecto audiovisual que debían realizar, ya que no

están acostumbrados a trabajar de forma colaborativa en situaciones on-line. No obstante, pese a todos estos hándicaps, finalmente las prácticas, trabajos y proyecto realizados han sido más que aceptables. Así pues, la implicación de los estudiantes fue, en general, adecuada,y prueba de ello es que la inmensa mayoría ha seguido los procesos de evaluación continua solicitados en la materia.

De cara al próximo curso se desconoce cuál será el escenario en el que nos movamos, no obstante, ya se ha realizado el correspondiente plan de contingencia, plasmado en el programa de la asignatura por lo que los aprendizajes adquiridos en este segundo semestre servirán de sustrato para mejorar la práctica docente.



Fdo: Pablo García Marín

Lugo, 28 de xullo de 2020.

**INFORME REUNIÓN FINAL DO CURSO 19/20**
**2º GRADO EN MESTRE DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Non se achegou por parte da coordinadora de 2º curso informe ou acta da reunión final co profesorado de dito curso.

**INFORME DE DESENVOLVEMENTO DO CURSO. 3º DO GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**CURSO 2019/2020**

Coordinación: Montse Pena Presas

Para a realización deste informe, convocouse unha recollida de información virtual (a través da ferramenta de correo electrónico da USC) co profesorado do curso, iniciada o mércores 22 de xullo e finalizada o luns 27 de xullo ás 16.00. Boa parte do profesorado, cuxos nomes se amosan a continuación, manifestouse no sentido de que non había incidencias sinalábeis e de que o curso transcorrera con normalidade a pesar sa súa excepcionalidade. Así o fixeron:

-Carme Ares Vázquez (Lingua galega para a docencia)

-Pablo García Marín (Motricidade infantil)

-María González Blanco (Educación emocional)

-Patricia María Iglesias Souto (Iniciación á lectura e á escritura)

-María de los Ángeles López de la Calle (Música na educación infantil)

-Miguel Ángel Martínez Quintanar (Educación en valores e cidadanía)

-Teresa Susana Vázquez Regueiro (Titoría e orientación educativa)

-David Varela Vázquez (Teoloxía Católica e a súa Pedagoxía)

-Mar Viña Rouco (Idioma estranxeiro para a educación infantil: inglés)

Tamén contestaron á petición de información, Francisco Candia (docente da materia Educación en contextos rurarais) e Xesús Ferreiro (docente da materia Educación Estética), que sen sinalar especificamente ningunha incidencia, achegaron máis datos sobre o desenvolvemento das súas materias. En canto a Educación en contextos rurais, o profesor Candia sinalou o pouco alumnado da materia neste curso académico, o que xustifica polo traballo que lles pide, a condición de se expresar en galego e o feito de que exista proba final obrigatoria. Igualmente, resaltou a normalidade coa que se desenvolveron as clases vía Teams despois de Semana Santa, realizando todas as horas que constan na ficha da materia e o xeito en como se avaliaron traballos e exames, a través de corre electrónico, campus virtual e esta mesma ferramenta. En conxunto, valora positivamente a experiencia.

En canto á materia Educación estética, o seu docente Xesús Ferreiro Núñez, non ten ningunha achega específica, pero sinala -aínda que sabe que esta cuestión excede á coordinación-, sque ería desexable que as sesións CLE e CLIS d a materia optativa fosen seguidas (cuestión que excede á coordinación) para poder realizar saídas e visitas institucionais sen ter que pedirlle e informar ao resto de profesorado dalgunha das actividades previstas fóra da aula con certa marxe de tempo.

Pola parte da profesora que elabora este informe, como docente de dúas materias neste curso (a obrigatoria Literatura infantil e dramatización e a optativa Literatura e arte), quérese sinalar tamén que o desenvolvemento destas aconteceu sen ningunha incidencia importante. Porén, polo feito de contar con dúas materias que se imparten á vez no segundo semestre (tendo a optativa aproximadamente unha matrícula dunhas 40 persoas, a metade practicamente que a obrigatoria), tivo algunha queixa puntual por parte do alumnado do traballo encargado durante o confinamento, cando este se axustaba perfectamente aos requerimentos de horas (tanto de docencia como de

traballo autónomo) especificados nas respectivas fichas. A cuestión solventouse sen inconvenientes, flexibilizando a entrega de actividades para que o alumnado estivese máis tranquilo. Aínda así, considérase que, para o vindeiro curso, de retomarse unha situación de confinamento (escenario 3) ou mesmo de distanciamento social (escenario 2) quizais sería recomendable que dende a facultade se lle lembrase o estudantado que, presencialmente ou a través da rede, as materias teñen unhas esixencias horarias que cómpre cumprir. (Evidentemente, isto xa foi recordado ao grupo a título persoal pola docente a través da aula virtual).

Respecto ao desenvolvemento do curso por parte do alumnado, tan só se lamenta non ter información por parte deste, o que se xustifica porque o momento de realizar esta recollida de información comezou demasiado tarde (debido ao retraso xeral nas tarefas que provocou a COVID-19) e á coordinación non lle pareceu adecuado contactar cos seus representantes para que levasen a cabo esta tarefa a estas alturas do mes de xullo.

Asínase este informe en Santiago de Compostela, a 27 de xullo de 2020

Montse Pena Presas

INFORME FINAL 4º CURSO DO GRAO EN MESTRE E MESTRA DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2019/20

**Valoración do primeiro semestre por parte do ALUMNADO:**

Na última semana de clase do primeiro semestre, se lle solicita á delegada de 4º curso que recolla información sobre o desenvolvemento das materias cursadas ate o momento, coa fin de tivesen presentes os aspectos positivos e mellorables do mesmo. O informe do alumnado é bastante breve e resalta o seguinte:

- O semestre foi moi intenso pola cantidade de materias e traballos que deberon realizar, pero que en xeral o levaron bastante ben.
- En varias materias tiveron a ocasión de interatuar co alumnado de infantil, o cal lles resultou moi gratificante e lles permitíu reflexionar sobre os proxectos que planifican. Polo que recomendan que isto se faga en máis materias.
- Das materias optativas din que cubriron as súas expectativas e que houbo algún desencontro con algún ou algunha docente, pero que quedou resolto entre eles.
- Sobre o TFG e Prácticum sinalan que sería convinte que se iniciasen antes, pero só como suxerencia, máis que nada polos nervios que sinten sobre como se van desenvolver ditas materias.

**Valoración do curso polo PROFESORADO:**

Debido ás circunstancias do desenvolvemento do curso, demórase ata finais de xullo o que sería a reunión final, polo que se substitúe por unha consulta a través do correo electrónico. Nesa consulta se lle solicita aos coordinadores das materias que fagan as súas achegas sobre o desenvolvemento do curso ou indiquen algunha indicencia.

Ante esta consulta todos os docentes indican que o curso se desenvolveu sen incidencias e con poucos comentarios, os cales se sinalan a continuación:

- As materias de Aprendizaxe da Matemática e de Aprendizaxe das Ciencias da Natureza iniciaron este curso un traballo interdisciplinar que tivo boa acollida polo alumnado.
- A profesora Paloma Blanco indica que un grupo de alumnas, tras finalizar o Prácticum II, lle amosou a súa preocupación por ter que facer dúas propostas didácticas, o que sería unha para o Prácticum e outra para o TFG. Como elas sinalaron, pese a que é un prácticum longo, pedirlle á docente dous momentos diferentes para executar as súas propostas resulta complicado, posto que algunhas xa tiveron as súas dificultades para implementar unha, que ao final non puideron facer pola situación de emerxencia sanitaria. Enténdese que este grupo de alumnas non é representativo, pero a información que transmitiron parece relevante para considerala para o futuro.

# V. Informes sobre as cualificacións do alumnado

MEMORANDO M#33

# DISTRIBUCIÓN DE NOTAS NO GRAO EN MESTRE EN EDUCACIÓN INFANTIL



**20 de decembro de 2020**

# Autores

VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN,
TENOLOXÍAS E SUSTENTABILIDADE

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6.
15782 Santiago de Compostela
Tel: 881 811301
Correo electrónico: vr.planificacion@usc.gal

## 1. LIMIAR

Máis aló da percepción que se teña do resultado da avaliación do proceso ensino-aprendizaxe que tivo lugar no segundo semestre do curso 2019-2020, é importante monitorizar os resultados finais en función da distribución de cualificacións.

Co obxectivo de analizar a distribución normalizada das cualificacións nas titulacións oficiais de Grao durante o curso 2019-2020 fíxose unha táboa coas cualificacións no intervalo 0 a 10 en tramos de 0,1, cuantificando o número de notas tras as dúas oportunidades de cada convocatoria. Así mesmo, fíxose a mesma análise para o curso 2018-2019 para ter un marco de referencia e, polo tanto, unha visualización do impacto da COVID-19 nos resultados de avaliación do proceso ensino-aprendizaxe

## 2. DISTRIBUCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

Os perfís da distribución para o Grao en Mestre en Educación Infantil amósanse na Figura 1. O valor numérico da media implica unha suba do 5,7%, de xeito que a nota media subiu do 7,47 ao 7,89. O perfil de cualificacións é moi simétrico, sendo practicamente superposto no rango de sobresalientes. O número de cualificacións onde se activou a cláusula da salvagarda da nota media do expediente unha vez superada a materia foi do 32,1%.




| | Curso 2018-19 | Curso 2019-20 | |
|---|---|---|---|
| $x_m = \int_0^\infty x \cdot E(x)dx =$ | 7.47 | 7.89 | 5.7% |
| $\sigma^2 = \int_0^\infty x^2 \cdot E(x)dx - x_m^2 =$ | 2.14 | 1.50 | |

**Figura 1.** *Distribución normalizada das cualificacións no curso 2018-19 e 2019-20 para o Grao en Mestre en Educación Infantil.*

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (LUGO)

# ADENDA ao Autoinforme de Seguimento do Título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria do curso 2019-2020

**Documento elaborado por Paula López Rúa (coordinadora do título de Primaria)**

# CONTIDOS


0. Limiar
1. Datos do Grao
2. Informe sobre as modificacións das materias do título por mor da suspensión do ensino presencial
3. Indicacións de actuacións e accións de coordinación
4. Adaptación das programacións docentes
5. Adaptacións do Prácticum II e o TFG
6. Comunicacións ao alumnado: avisos, axudas, actividades, etc.
7. Comunicacións ao profesorado
8. Reunións de comisións e profesorado
9. Enquisas
10. Revisión dos programas do curso 2020-2021
11. Cualificacións do alumnado no curso 2019-2020
12. ANEXOS
    I. Comunicacións ao alumnado
    II. Reunións sobre o Prácticum
    III. Reunións sobre o TFG
    IV. Outras reunións
    V. Informes sobre as cualificacións do alumnado

## 0. Limiar

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e ao decreto do Estado de Alarma, suspendeuse o ensino presencial dende o 14 de marzo de 2020. Esta suspensión fixo que Centros e Titulacións realizaran modificacións e puxeran en marcha iniciativas para adaptarse á nova situación. Estes cambios e actuacións recóllense nunha serie de accións de mellora executadas durante o curso 2019-20, xunto con outro tipo de iniciativas e actividades que contribuíron ao desenvolvemento do curso sen incidencias destacables, e das que se informa de xeito complementario no presente documento.

# 1. Datos do Grao

| Denominación do título | Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria |
|---|---|
| Mencións/Especialidades (FFP) | • Lingua Estranxeira: Inglés<br>• Audición e Linguaxe<br>• Educación Física<br>• Dirección e Xestión de Centros |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro | Facultade de Formación do Profesorado |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 240 ECTS |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2010/2011 |

**NOTA: No Grao de Mestre/a en Educación Primaria e no Grao de Mestre/a en Educación Infantil hai materias que corresponden ao Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria. As adaptacións feitas son válidas para os Graos e o Dobre Grao**.

## 2. Informe sobre as modificacións das materias do título por mor da suspensión do ensino presencial

A Facultade de Formación do Profesorado conta con catro titulacións: Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Grao en Mestre/a de Educación Primaria, Máster en Profesorado de Educación Secundaria e Máster en Dirección de Actividades Educativas na Naturaleza.

Neste informe presentase a información detallada das materias do segundo semestre do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria polo que respecta á existencia de aula virtual activa, modificación do programa, metodoloxías e ferramentas empregadas para a docencia virtual, e canle o procedemento para a comunicación co alumnado.

Dun xeito global, a situación do título é a seguinte:

1) Todas as materias contan con Aula Virtual.
2) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma teñen introducidas as modificacións no programa, e nunha o profesor indica ter enviado as modificacións ao departamento.
3) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma teñen materiais para a docencia en remoto.
4) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma realizan titorías virtuais. Aínda que algúns docentes indican que non as realizan, isto débese a que entenden como titorías virtuais as titorías programadas, pero están atendendo ao alumnado a través de diferentes ferramentas
5) O correo electrónico, o Campus virtual, Skype empresarial, Teams, Whatsapp, Kahoot, Camtasia Studio, Hangouts, e teléfono son os medios de comunicación co alumnado.

Este informe foi elaborado a partir dos datos enviados dende a Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional e os propios da Facultade obtidos a través de enquisas ao profesorado (ver apartado 9), e informouse del aos departamentos implicados nas materias analizadas

# Informe de coordinación da titulación do Grao de Mestre/a en EDUCACIÓN PRIMARIA sobre o cumprimento de obrigas para a docencia non presencial das materias do 2º semestre do curso 2019/20

## 1º CURSO

| Código | Nome | Aula Virtual activa | Guía Docente Adaptada | Materiais docencia en remoto | Canles comunicación alumnado | Ferramentas empregadas | Realización de titorias virtuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **G3151106** | Psicoloxía do Desenvolvemento (6-12 anos) | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual | SÍ |
| **G3151107** | Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |
| **G3151108** | Escola, Comunidade e TIC | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Grabacións video-presentacións, Campus Virtual | SÍ |
| **G3151120** | Ensino e Aprendizaxe de Linguas en contextos Multilingües | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |
| **G3151122** | Fundamentos da Educación Física | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual | SÍ |

## 2º CURSO

| Código | Nome | Aula Virtual activa | Guía Docente Adaptada | Materiais docencia en remoto | Canles comunicación alumnado | Ferramentas empregadas | Realización de titorias virtuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **G3151121** | Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SI |
| **3151223** | Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Inglés) | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual | SÍ |
| **G3151224** | Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Francés) | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |
| **G3151226** | Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual | SÍ |

| Código | Nome | Aula Virtual activa | Guía Docente Adaptada | Materiais docencia en remoto | Canles comunicación alumnado | Ferramentas empregadas | Realización de titorias virtuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G3151228 | Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |
| G3151328 | Música na Educación Primaria | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |

## 3º CURSO

| Código | Nome | Aula Virtual activa | Guía Docente Adaptada | Materiais docencia en remoto | Canles comunicación alumnado | Ferramentas empregadas | Realización de titorias virtuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G3151227 | Ensino e Aprendizaxe da Xeometría | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, Faststone | SÍ |
| G3151323 | Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos (1) | | | | | | |
| G3151441 | Educación en Contextos Rurais | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, Teams, correo-e | SÍ |
| G3151448 | Educación Emocional | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual | SÍ |
| G3151449 | Educación en Valores e Cidadanía | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual | SÍ |
| G3151451 | Historia, Patrimonio e Educación en Galicia | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |
| G3151452 | Lingua Galega para a Docencia | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |
| G3151453 | Titoría e Orientación Educativa | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, Hangouts, Teams, correo-e | SÍ |
| G3151445 | Teoloxía Católica e a súa Pedagoxía (2) | | | | | | |
| G3151460 | Inglés: Comprensión e Expresión Escrita | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, Correo-e | SÍ |
| G3151461 | Inglés: Comprensión e Expresión Oral | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, Correo-e | SÍ |
| G3151330 | A Calidade nos Centros Escolares | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | NON(3) |
| G3151331 | Dirección de Centros Escolares | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Hangouts, Teams, correo-e | NON(3) |
| G3151468 | Xogos Populares e Xogos Regulados en Educación Primaria | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |

| Código | Nome | Aula Virtual activa | Guía Docente Adaptada | Materiais docencia en remoto | Canles comunicación alumnado | Ferramentas empregadas | Realización de titorias virtuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **G3151469** | Actividades Motrices e Recreativas na Natureza | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |
| **G3151480** | Trastornos da Linguaxe, Fala e Voz na Infancia | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, Teams | SÍ |
| **G3151481** | Detección e Avaliación dos Problemas da Linguaxe na Infancia | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ | Campus Virtual, correo-e | SÍ |

(1) A materia atópase actualmente sen docente responsable. Outro docente do departamento está a atender ás tarefas máis urxentes. Contactouse co Departamento implicado para solventar a situación.
(2) Materia común a Primaria e Infantil. A enquisa enviouse a Infantil.
(3) A docente non especifica a realización de titorías virtuais pero mantén abertas canles de comunicación co alumnado.

# 4º CURSO

| Código | Nome | Aula Virtual activa | Guía Docente Adaptada | Materiais docencia en remoto | Canles comunicación alumnado | Ferramentas empregadas | Realización de titorias virtuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **G3151492** | Prácticum II | SÍ | SÍ | Depende do que cada supervisor considere pertinente | SÍ (Supervisores) | Teams, correo-e, teléfono, Aula CESGA | SÍ (Supervisores) |
| **G3151424** | TFG<br>O sistema non permite facer modificacións no programa | SÍ | NON | Depende do que cada titor considere pertinente | SÍ (Titores) | Hangouts, Teams, Skype, correo-e, teléfono | SÍ (Titores) |

# 3. Indicacións de actuacións e accións de coordinación

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

- **Indicación das actuacións levadas a cabo en relación con aquelas materias das que non se dispón de ningunha información ou das que se ten constancia de que non se está a realizar ningunha actividade.**

  Todas as materias do Grao están a realizar as adaptacións precisas para poder desenvolver a docencia de xeito non presencial. No caso da materia sen docente, estanse a tomar as medidas oportunas para solventar a situación á maior brevidade.

  No que concerne ao Prácticum e TFG, mantéñense as liñas de actuación que xa se ían desenvolver (atención virtual ao alumnado, que en circunstancias normais se atoparía de prácticas nos centros).

- **Indicación das accións de coordinación que se estean a desenvolver para garantir unha distribución proporcionada das tarefas que se lle piden aos estudantes nas distintas materias pertencentes a un mesmo curso**.

  A nivel interno da Facultade solicitouse información sobre as accións para a docencia non presencial desenvolvidas por cada docente (materiais, planificación e contacto co alumnado), recibíndose unha resposta en xeral satisfactoria.

  Enviarase un correo informativo ao profesorado, ben dende o Decanato, a coordinación de título ou as coordinacións de curso, suxerindo un encargo razoable de tarefas non presenciais ao alumnado.

## 4. Adaptacións das programacións docentes

Tendo en conta as diversas Resolucións Rectorais e Instrucións da Secretaría Xeral da USC, dende a titulación do Grao de Mestre/a de Educación Primaria da FFP realizáronse as diversas modificacións solicitadas nos programas ou guías docentes, de cara a súa adaptación á nova realidade derivada da suspensión da docencia presencial.
Os cambios realizados poden verificarse no apartado de "Observacións" dos respectivos programas das materias do 2º cuadrimestre a través da seguinte ligazón:

- **FFP, Educación Primaria:**
https://www.usc.gal/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=16982&codEstudio=16336&valor=9&orde=true&ano=70

## 5. Adaptacións do Prácticum II e o TFG

Como materias de características especiais, o Prácticum e o TFG requiren dun apartado específico para dar conta das súas adaptacións á situación xenerada polo COVID-19.

En relación ás accións realizadas no Prácticum, tanto de Primaria como de Infantil, as sesións previstas de seguemento e reflexión leváronse a cabo por parte dos supervisores de xeito virtual (correo USC, *Teams*, etc.) sen incidencias. Polo que respecta á avaliación, seguíronse as recomendacións da Conferencia de Decanos de Educación (http://www.conferenciadecanoseducacion.es/wp-content/uploads/2020/04/1-guia-code-actividades-adaptadas-pde-g-inf-prim-m-sec.pdf) para a adaptación do Prácticum á situación excepcional provocada pola COVID. Neste caso, situámonos no Escenario 1, e como actividades complementarias propuxéronse, coa flexibilidade necesaria, as seguintes: AC1a; AC1b; en relación co apartado *"3) En relación con las Actividades de intervención guiada o autónoma",* de maneira xeral, combináronse todas as opcións, pero focalizouse sobre todo na AC3a. As necesarias modificacións da materia debatéronse e acordáronse en sucesivas reunións da Comisión do Prácticum e TFG e reunións das coordinacións cos supervisores do Prácticum (ver Apartado 8 . Evidencias en Anexo II).

En liñas xerais, acordáronse as seguintes modificacións:

1. Nas memorias, priorizar o deseño e a planificación da proposta, así como o seu carácter innovador, fronte á posta en práctica. Asimesmo, aproveitando a situación de non presencialidade, tanto no prácticum de Primaria como no de Infantil ínstase ao alumnado a adaptar a súa proposta docente a un escenario de ensino-aprendizaxe non presencial sempre que sexa posible.
2. Manter a data de entrega da memoria e contactar co profesorado titor para o envío por correo electrónico ao profesorado supervisor dos informes de avaliación do alumnado. Sobre o procedemento de entrega das memorias, habilitouse un espazo na páxina da materia no Campus virtual para que o alumnado subise as súas memorias, e outra sección para as cualificacións nas dúas oportunidades da convocatoria.

Con respecto ao TFG, a titorización do alumnado continuou durante o periodo de docencia non presencial a través de mecanismos virtuais (correo USC, Teams, etc.) tamén sen incidencias.

Polo que concerne á avaliación, nas correspondentes xuntanzas da Comisión de Prácticum e TFG (véxase Apartado 8. Evidencias en Anexo III) tomáronse as decisións de adiar os prazos de solicitude de defensa, entrega de traballos e defensas, así como de que fosen os respectivos titores dos TFGs os que se encargasen da avaliación de todos os traballos titorizados, empregando para a defensa mecanismos virtuais (plataforma *Teams*). Habilitouse asimesmo un espazo na páxina da materia no Campus Virtual para a publicación das actas individualizadas de cualificación dos TFGs. As matrículas de honra outorgáronse tendo en conta a cualificación obtida no TFG e, como criterio auxiliar no caso de haber máis candidatos que matrículas, a nota media do expediente.

## 6. Comunicacións ao alumnado: avisos, axudas, actividades, etc.

Durante todo o periodo lectivo no que se viu interrompida a docencia presencial e ata a fin do curso (xullo 2020) mantívose a comunicación co alumnado dos diferentes cursos do título mediante o emprego do foro de novas do Campus Virtual por parte dos coordinadores de curso e título, que empregaron esta ferramenta para o envío de mensaxes de distinta natureza: avisos do Decanato e das coordinacións, axudas dispoñibles para o alumnado, peticións de participación en enquisas, anuncios de actividades programadas que continuaron a facerse de xeito virtual (orientación laboral, sesión informativa sobre as mencións, orientación sobre o Prácticum), etc., tal e como se reflicte na seguinte táboa-resumo (ver evidencias no Anexo I). Por outra banda, o equipo decanal tivo unha reunión con representantes do alumnado para aclarar cuestións sobre a marcha do curso, as prácticas, os TFGs, e os procedementos de avaliación.

| Destinatarios | Data | Asunto |
|---|---|---|
| Alumnado do Grao de Primaria | 26/03/2020 | Comunicación do Decanato sobre a COVID-19 |
| Alumnado do Grao de Primaria | 26/03/2020 | Comunicación de problemas por parte do grupo/clase |
| Alumnado do Grao de Primaria | 30/03/2020 | Incidencias na docencia online |
| Alumnado do Grao de Primaria | 01/04/2020 | Uso da biblioteca e recursos en liña |
| Alumnado do Grao de Primaria a través dos seus representantes | 14/04/2020 | Reunión mantida por Skype Empresarial entre o equipo decanal e os representantes do alumnado para aclarar cuestións e dúbidas sobre a marcha do curso, as prácticas, os TFGs e a avaliación |
| Alumnado do Grao de Primaria | 15/04/2020 | Dispoñibilidade de medios e recursos tecnolóxicos: enquisa |
| Alumnado de segundo curso do Grao de Primaria | 01/05/2020 | Aviso da coordinación do Prácticum da posta a disposición de vídeos explicativos para o alumnado sobre o Prácticum I como sesión Pre-Prácticum de cara ao vindeiro curso |
| Alumnado do Grao de Primaria | 02/05/2020 | Calendario de probas finais non presenciais |
| Alumnado do Grao de Primaria | 11/05/2020 | Novas axudas para o desenvolvemento da docencia virtual e préstamo de material informático e de conexión a servizos de Rede |
| Alumnado do Grao de Primaria | 15/05/2020 | COVID-19: recollida de material por parte do alumnado |
| Alumnado do Grao de Primaria | 30/05/2020 | Información para o alumnado sobre aulas con reforzo de rede sen fíos |

| | | |
|---|---|---|
| Alumnado do Grao de Primaria | 04/06/2020 | Seminario de orientación laboral |
| Alumnado de Segundo curso do Grao de Primaria | 04/06/2020 | Información virtual sobre as mencións |
| Alumnado do Grao de Primaria | 05/06/2020 | Reapertura do servizo de préstamo da biblioteca |
| Alumnado de Segundo curso do Grao de Primaria | 05/06/2020 | Sesión virtual de consultas sobre as mencións a través de Teams |
| Alumnado de Segundo curso do Grao de Primaria | 15/06/2020 | Vídeos explicativos do Prácticum para o vindeiro curso |
| Alumnado do Grao de Primaria | 19/06/2020 | Seminario online: elaboración de ferramentas para busca de emprego |
| Alumnado do Grao de Primaria | 15/07/2020 | Recordatorio de axudas ao alumnado con dificultades económicas sobrevidas e imprevistas |

# 7. Comunicacións ao profesorado

Do mesmo xeito, o equipo decanal e as diferentes coordinacións mantiveron contacto co profesorado das titulacións durante este periodo de interrupción de actividades presenciais, fundamentalmente a través do correo USC, facilitando información de diversa natureza, orientacións e recomendacións, como se recolle na táboa que segue:

| Remitente | Data | Asunto |
|---|---|---|
| Decanato | 18/03/2020 | Indicacións sobre a docencia non presencial na Facultade |
| Decanato | 23/03/2020 | Seguemento da docencia non presencial: informe |
| Decanato | 24/03/2020 | Resolución reitoral de 23 de marzo sobre modificación de guías docentes |
| Decanato | 26/03/2020 | Prazos para a modificación das guías docentes (Instrucción) |
| Decanato | 26/03/2020 | Planificación da docencia: segunda quincena |
| Decanato e Coordinacións de Título | 02/04/2020 | Modificacións das guías e programas dos graos |
| Decanato | 15/04/2020 | Enquisa de necesidades de avaliación do profesorado |
| Decanato | 15/04/2020 | Recollida de suxestións sobre documento de procesos de avaliación |
| Decanato | 17/04/2020 | Informe reunión de decanos co equipo reitoral |
| Decanato | 20/04/2020 | Documentación sobre procedementos de avaliación |
| Decanato | 20/04/2020 | Aclaracións en relación coa avaliación da segunda oportunidade das materias de primeiro cuadrimestre |
| Decanato | 23/04/2020 | Acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020 (elimínanse todas as probas presenciais) |
| Decanato | 24/04/2020 | Formación para o deseño de probas de avaliación non presenciais |
| Decanato | 28/04/2020 | Novo calendario de exames 2019/2020 |
| Decanato | 30/04/2020 | Resultados da enquisa da Facultade sobre dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos do alumnado da FFP |
| Decanato | 01/05/2020 | Guía protección de datos de docencia, avaliación, investigación e teletraballo nas universidades |
| Decanato | 04/05/2020 | Calendario probas avaliación non presenciais |

| | | |
|---|---|---|
| Decanato | 06/05/2020 | Modificación calendario avaliación TFG |
| Decanato | 06/05/2020 | Acceso á Facultade de Formación do Profesorado |
| Pablo C. Muñoz Carril (Coordinador Título Infantil) | 11/05/2020 | Curso sistemas de evaluación en línea con Moodle para o profesorado |
| Decanato | 03/06/2020 | Plan de reinicio da actividade na FFP |
| Decanato | 05/06/2020 | Reapertura do servizo de préstamo da biblioteca |
| Decanato | 10/06/2020 | Recollida de suxestións ao documento de bases de docencia presencial segura para a reunión co equipo reitoral |
| Decanato | 2/07/2020 | Instrucións para defensa de TFGs por Teams |
| Rubén Navarro Patón (coordinador TFG Primaria) | 6/07/2020 | Anuncio de creación de espazo no Campus Virtual para publicación de actas individualizadas de TFG |
| Decanato | 08/07/2020 | Anuncio do Proxecto CompetenteS 2020-2021 |
| Decanato | 14/07/2020 | Recordatorio Proxecto CompetenteS 2020-2021 |
| Decanato e Coordinacións de Título | 14/07/2020 | Directrices para a elaboración de programas das materias do curso 2020-2021 |

## 8. Reunións de comisións e profesorado

Durante o periodo de interrupción das actividades presenciais no curso 2019-2020 leváronse a cabo de xeito virtual (mediante a ferramenta *Teams* ,Skype empresarial e a lista de correo USC) reunións ordinarias e extraordinarias de diferentes comisións, así como de profesorado da Facultade (membros do equipo decanal e coordinacións de título, profesorado supervisor do Prácticum, etc.), co propósito de solucionar cuestións derivadas da situación excepcional provocada pola crise sanitaria. As reunións das Comisións de Título e Calidade recóllense nas actas aportadas como evidencia que se adxuntan aos autoinformes de seguimento. Outras reunións celebradas resúmense na seguinte táboa, e as evidencias adxúntanse nos Anexos II (Reunións sobre o Prácticum), III (Reunións sobre o TFG), e IV (Outras reunións) do presente documento:

| Asistentes | Data | Ferramenta | Asunto |
|---|---|---|---|
| Comisión de Prácticum e TFG | 19/03/2020 | Skype empresarial | Toma de decisións sobre a alternativa de traballo para o alumnado de Prácticum II que non vai acudir aos centros e, por conseguinte, compensar as horas presenciais establecidas. |
| Coordinación e supervisores Prácticum II Primaria | Do 20/03/2020 ao 25/03/2020 | Lista de correo USC e Teams | Elaboración das fichas de avaliación dirixidas ás titoras e titores e debate sobre a adaptación da materia ante a situación provocada pola COVID |
| Coordinación e supervisores Prácticum II Primaria | Do 26/03/2020 ao 27/03/2020 | Lista de correo USC | Debate sobre posibles adaptacións da materia á situación de suspensión da actividade presencial nos centros |
| Comisión de Prácticum e TFG | 31/03/2020 | Lista de correo USC | Posta en común e suxestións sobre o documento da Conferencia de Decanos |
| Coordinación xeral do Prácticum, coordinación Prácticum II Primaria e supervisores | 02/04/2020 | Teams | Presentación da proposta complementaria de avaliación formulada pola Comisión de Prácticum e TFG para a materia de Prácticum II |
| Coordinación e supervisores Prácticum II Primaria | Do 03/04/2020 ao 06/04/2020 | Lista de correo USC | Debate e acordo para a adaptación final da guía docente do Prácticum II ante a situación derivada da COVID |
Os supervisores/as de Prácticum I manifestan, vía correo-e, o seu acordo coa proposta realizada e, en base a esta, elaborar o programa e a Guía Docente para a materia destinada ao vindeiro curso académico, que se concretará no punto seguinte.

c. *Modificacións a introducir no Programa para o vindeiro curso mediante proposta elaborada por Coordinación de Materia.*

Analízase o programa da materia e establécense as modificacións acordadas nesta reunión por parte dos asistentes. Acórdase elaborar un documento no que se inclúan ditas decisións e modificacións para o seu envío posterior aos docentes supervisores/as (***documento adxunto a esta Acta***), co obxectivo da súa verificación e toma de acordos.

Acórdase realizar outra reunión se fose preciso.

**2. *Outras cuestións que se considere pertinente abordar.***

Manifèstanse as posibles dificultades de acollemento do alumnado no Prácticum para o vindeiro curso académico, poñendo de exemplo outras comunidades autónomas que xa manifestaron as súas inquedanzas e "negativas" ante esta cuestión.

Igualmente, analízase o calendario académico e de Prácticum, considerando as posibles circunstancias provocadas pola COVID-19 e a posibilidade de que o curso académico se inicie máis tarde do establecido con carácter oficial a día de hoxe. Infórmase que isto provocará a adaptación do calendario de Prácticum pero que ata que non haxa informacións concretas, non se modificará ningunha cuestión.

**3. *Rogos e preguntas.***

Preguntas vinculadas con outras temáticas alleas ao motivo da reunión.

**A 3 de xuño de 2020**

# III. Reunións sobre o TFG

# COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TFG da FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

## ACTA de REUNIÓN

**Data da Reunión:** 19/03/2020

**Hora da Reunión:** 11.30h.

**Lugar da Reunión:** Virtual (Emprego de Skype Empresarial para videoconferencias)

**Membros que asisten á reunión:** Eva M. Barreira Cerqueiras; Pablo González Sequeiros; Joaquín Lago Ballesteros; Santiago López Gómez; Paula López Rúa; Pablo César Muñoz Carril.

**Escusan a súa ausencia:** Rubén Navarro Patón.

**ORDE DO DÍA:**

1. ***Toma de decisións sobre a alternativa de traballo para o alumnado de Prácticum II que non van acudir aos centros e, por conseguinte, compensar as horas presenciais establecidas.***
   Alternativas barralladas:
   a. Preparación dunha serie de "supostos prácticos" vinculados coa actividade do alumnado nos centros (formulación de situacións reais que poidan ocorrer nos centros) destinados á súa resolución por escrito, de xeito reflexionado.
   b. Solicitude de ampliación da proposta didáctica que xa estaban a desenvolver (ou tiñan desenvolvido).
   c. Establecemento de contacto por parte de cada alumno/a cos seus titores/as (por exemplo, a través dunha entrevista) para que reciban información de como se está a encarar por parte de cada centro e de cada docente a intervención escolar de maneira telemática. Aquí tamén se aportan distintas posibilidades:
      - Elaboración dun informe coas informacións aportadas polos titores.
      - Elaboración dunha contextualización da situación actual e elaboración dunha proposta de "unidade didáctica" a desenvolver de maneira telemática (a distancia) co alumnado.
   d. Elaboración dun pequeniño traballo baseado en lecturas, como se fixo noutros cursos académicos.

2. ***Outros asuntos de trámite que poidan xurdir.***
3. ***Rogos e preguntas.***

**ACORDOS:**

***1. Toma de decisións sobre a alternativa de traballo para o alumnado de Prácticum II que non van acudir aos centros e, por conseguinte, compensar as horas presenciais establecidas.***

a) Acórdase por parte da Comisión de Prácticum e TFG que, tras a análise das dúas alternativas principais baralladas (proposta de "casos prácticos" e a elaboración dunha "contextualización e unidade didáctica virtual"), a ***alternativa de traballo*** a elaborar por parte do alumnado en prácticas sexa a ***elaboración dunha contextualización da situación actual que***

***están a vivir os centros educativos e os mestres e mestras e a elaboración, a partir desta, dunha proposta didáctica "virtual" ou telemática*** que responda ao proceso de ensino – aprendizaxe a distancia que dende os centros se está a desenvolver co seu alumnado.

b) A ***actividade alternativa*** formulada constará, por tanto, de dúas partes ben diferenciadas:

- Unha parte de ***contextualización*** na cal os alumnos deberán obter información sobre como está a abordar o seu centro e os titores/as de prácticas a posta en marcha dun proceso de ensino – aprendizaxe a distancia co seu alumnado e coas familias. As ferramentas fundamentais para realizar esta tarefa serán, por un lado, unha *procura e análise de información* (sobre as pautas e xestión da administración educativa) e, por outro, unha breve e sinxela *entrevista aos titores/as*.
  A busca e análise de información e, fundamentalmente, a entrevista desenvolveranse sempre con carácter flexible e na medida das posibilidades de todas as partes (supervisores/as - alumnado en prácticas – titores/as do centro). En todo caso, a entrevista deberá centrarse naqueles aspectos que sexan fundamentais para a elaboración da segunda parte da actividade.
  Así mesmo, esta contextualización irá enmarcada no ***bloque común do Informe de Prácticum***, ben sexa no apartado de *contextualización do centro*, ben sexa no apartado dedicado á *innovación e mellora no centro / aula*. Será o supervisor/a quen decida onde considera máis pertinente a súa introdución.
- Unha parte de ***proposta didáctica virtual/non presencial*** elaborada por cada alumno/a en prácticas, e "contextualizada" aos recursos, materiais, etc., cos que conta o seu centro de prácticas para desenvolver o proceso de ensino – aprendizaxe non presencial. Dita proposta poderá ser unha adaptación da xa iniciada (e requirida na materia) ou unha formulación novidosa.
  Esta *proposta didáctica non presencial* irá enmarcada no ***bloque específico do Informe de Prácticum***, ben sexa no apartado dedicado á *proposta didáctica*, ben sexa no apartado destinado a *outras actividades.* En todo caso, será o supervisor/a quen decida onde considera máis pertinente o seu encadre.

- No apartado dedicado á ***reflexión do Informe*** de Prácticum, o ***alumno/a*** deberá ***realizar unha breve reflexión sobre todo o acontecido***, as súas ***inquedanzas e aprendizaxes realizadas*** en torno ás circunstancias actuais.

- Dadas as claras diferenciacións entre as dúas etapas educativas de Prácticum (Educación Infantil e Educación Primaria) en canto ás posibilidades dun ensino non presencial, ábrese a ***posibilidade*** de que ao ***alumnado de prácticas do Grao en Mestre/a de Educación Infantil se lle solicite***, como proposta didáctica alternativa, ***cuestións moi específicas e/ou puntuais***, como por exemplo: ***elaboración dunha proposta de materiais específicos dixitais*** (p. e. un conto interactivo), ***proposta/espazo de comunicación e intercambio virtual entre os membros da comunidade educativa*** (mestres/as, familias, etc.); ***proxecto de intercambio de recursos entre mestres/as do centro educativo***; etc.

- A introdución desta actividade alternativa no Informe de Prácticum supón o ***aumento da extensión de dito Informe***, na medida en que considere cada supervisor/a.

c) Acórdase igualmente, por parte da comisión, que esta ***actividade alternativa é unha proposta*** –elaborada en base ás esixencias académicas– cun ***carácter totalmente aberto e flexible,*** no senso de outorgar ***plena liberdade aos supervisores/as*** de adaptar dita alternativa como o estimen oportuno, así como de controlar tanto a carga de traballo propia como a dos alumnos/as que supervisa.

d) A Comisión acorda que, se houbese unha ***volta á normalidade antes de rematar o período de estadía*** (antes do 8 de maio) e o alumnado da Facultade regresase aos centros, este incluirá no seu ***Informe de Prácticum a información e as tarefas de carácter alternativo que teña desenvolvido ata o momento de reincorporación*** e, tanto este como os seus supervisores/as ***retomarán a actividade inicial da materia de Prácticum***, baseada na presencialidade nos centros e no deseño e desenvolvemento (se fose o caso) dunha proposta didáctica en aula.

***2. Outros asuntos de trámite.***

a) ***Infórmase*** dende a Coordinación de Prácticum de ***dous aspectos vinculados co*** desenvolvemento da materia de ***Prácticum II***:

- ***A CRUE está a reunirse para tomar decisións en canto ás titulacións universitarias con prácticas curriculares e extracurriculares***. Neste senso, a Comisión de Prácticum e TFG decide que se envíe un correo aos supervisores/as para que retrasen a fase de seguimento (semana do 23 de marzo) cara a finais do período (xoves ou venres), co obxectivo de esperar ás decisións que se tomen en relacións a estas titulacións.

- Infórmase dende a Coordinación de Prácticum que a ***apertura das Aulas Virtuais de Prácticum*** para os supervisores é unha ***cuestión a xestionar dende cada Departamento***. A este respecto, decídese que no mesmo correo-e destinado ás supervisións, se informe disto e, ademais, se lles solicite a cada supervisor/a que contacte co seu Departamento para axilizar estes trámites.

b) O profesor Joaquín Lago, ***Coordinador do TFG do Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil*** da Facultade informa á Comisión de que as Aulas Virtuais de TFG están creadas pero non están abertas a falta de subir certos datos.

A ***Comisión acorda que se abran estas Aulas Virtuais*** e se envíe un aviso ao alumnado de que manteñan contacto cos seus titores/as.

***3. Rogos e preguntas.***

Non se establece ningunha cuestión máis.

**A 19 de marzo de 2020**

## 27/04/2020

**Reunión Comisión Prácticum e TFG- Luns 27, 11h**

LOPEZ GOMEZ SANTIAGO
Vie 24/04/2020 11:01
Para: BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA; MUÑOZ CARRIL PABLO CESAR; GONZALEZ SEQUEIROS PABLO; LOPEZ RUA PAULA **y 4 más**

Bo día.
Agardo estedes con ánimos e saude.
Como sabedes con data de 22 de abril aprobouse un acordó do Consello de Goberno regulando o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19.
En consecuencia debemos aprobar o novo calendario para a defensa dos TFG.
Convócote a unha xuntanza da Comisión de Prácticum e TFG para o día: Luns 27 de abril ás 11h a través de Teams.
Xa chamo eu a esa hora a todo o mundo. Ainda así esta é a ligazón: https://teams.microsoft.com/l/channel/19%3aa21b58a51868405bb20cb55165782c29%40thread.tacv2/General?groupId=82d3488c-3b1c-4429-87ea-f22d017554ed&tenantId=8f0d452c-b7a4-4964-b810-8c397374477b

O artigo 8 desenvolve a instrucción da presentación e defensa de TFG e TFM
*1. Os TFG e TFM poderán defenderse con carácter xeral desde o 5 ao 24 de xullo e desde o 3 ao 30 de setembro de 2020. Non obstante, os Centros poderán programar,*
*excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM. Para determinar o cumprimento destes requisitos terase en conta o previsto na Resolución Reitoral de 27 de marzo sobre prácticas académicas externas.*
*2. Excepcionalmente, os TFG e TFM poderán defenderse ata o 30 de novembro de 2020, cando, por circunstancias xustificadas, o traballo non puidera terse defendido dentro do prazoordinario.*
*3. Os Centros determinarán a data límite de entrega dos traballos en función das datas previstas de lectura.*
*4. Como excepción ao previsto no artigo 6.7 da normativa de TFG e TFM, e só para o curso 2019-2020, os Centros poderán acordar que os TFG e TFM, ademais de poderen ser defendidos diante dun tribunal, poidan ser avaliados polo titor ou titora. De ser este o caso, os Centros deberán acordar así mesmo as características desta avaliación e poderán fixar unha puntuación máxima para as distintas modalidades de presentación. Estes acordos deberán ser adoptados antes do 31 de maio e comunicados á Vicerreitoría de Organización Académica, así como ao estudantado afectado para que este poida optar por unha das modalidades previstas.*
*5. En todos os casos, a defensa poderá realizarse por medios presenciais ou telemáticos, de acordo co que se dispoña ao respecto.*

Saúdos
***Dr. Santiago López Gómez***
*Dpto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación*
*Vicedecano*
*Facultade de Formación do Profesorado*
*Ramón Ferreiro, s/n. 27071 - Lugo*
*Telf. 982821038*

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

<table>
<tr><td colspan="4">ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</td></tr>
<tr><td>ACTA Nº: 003/20</td><td>Data:<br>27/04/2020</td><td>Convocatoria:<br>24/04/2020</td><td>Hora: 11:00-12:00h<br>Lugar: videoconferencia Teams</td></tr>
<tr><td colspan="2">Asisten:<br>- Dna. Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao<br>- Dn. Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil<br>- Dn. Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria<br>- Dn. Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil<br>- Dna. Eva Mª Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum<br>- Dn. Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria<br>- Dna. Eva Comesaña Rodríguez; Representante do alumnado<br>- Dn. Gonzalo García Castro; Representante do alumnado</td><td colspan="2" rowspan="2">Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano<br><br>ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):<br><br>1.- Modificación do calendario e criterios de avaliación/defensa do TFG<br>2.- Modificación do calendario de entrega do Prácticum II</td></tr>
<tr><td colspan="2">Desculpan asistencia:</td></tr>
</table>

Tendo en conta o sinalado no Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria por mor da COVID-19 debátese e reflexiónase sobre os seguintes asuntos:

**<u>ASUNTOS:</u>**

***1.- Modificación do calendario e criterios de avaliación/defensa do TFG***

Debátese a proposta que os coordinadores de TFG de Primaria e de Infantil traen á reunión e acórdase:

Co fin de minimizar os posibles problemas que poidan xurdir nunha defensa do TFG utilizando medios telemáticos e co ánimo de facilitar e garantir a identidade do alumnado na mesma **será exclusivamente o Titor/a o responsable de avaliar ao alumno/a na defensa do TFG. Quedan suspendidos os tribunais na convocatoria de xuño/xullo. O titor/a poderá calificar o TFG ata a súa máxima calificación (10 puntos)**. Dada a excepcionalidade da situación e considerando as dificultades derivadas da mesma para a realización do TFG incorpórase á avaliación do TFG o seguimento do proceso de elaboración. Polo tanto, **o Producto final do TFG coa súa defensa terán un peso ponderado do 50% da calificación e o outro 50% virá dado polo do Proceso** da súa elaboración. As evidencias do Proceso resultarán do seguimento (correos-e, titorías, borradores,...) do mesmo e sempre terán como base as competencias sinaladas na materia.

**Modifícase o calendario para a solicitude, entrega e defensa do TFG da primeira oportunidade**, fixándose nas seguintes datas:

- **Solicitude: do 26 de xuño ao 30 de xuño**
- **Entrega/depósito: do 26 de xuño ao 02 de xullo**
- **Defensa: do 5 de xullo ao 24 de xullo**

O calendario da segunda oportunidade permanece sen cambios, tal e como estaba aprobado:

- Solicitude: do 20 ao 24 de xullo
- Entrega/depósito: do 20 ao 28 de xullo
- Defensa: do 03 ao 30 de setembro

Ao respecto do calendario de defensa, recórdase que que as Directrices para a organización da docencia e a avaliación, curso 2019-2020: Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19, establecen que: "*Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos (...) que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM*". A estes efectos, aquel alumnado que, estando en deposición de realizar a defensa do TFG, desexe solicitar a súa realización anticipada respecto ao calendario aprobado, deberán cursar unha solicitude ante a Comisión de Practicum e TFG.

Co fin de garantir que a defensa sexa un acto público cando se abran as actas virtuais engadirase a información de que *aquela persoa (profesorado ou alumnado) que queira presenciar, en calidade de convidado/a, a defensa dun TFG concreto debe*

*enviar ao titor/a e coordinador de TFG un correo-e con 24 horas de antelación para que á volta de correo se lle remita un vínculo que lle de acceso á reunión telemática do acto de defensa.*

Os coordinadores de TFG remitirán ao profesorado e alumnado indicacións ampliando estas directrices e concretando algunhas cuestións ao respecto.

Recoméndase que o profesorado faga unha reunión previa co alumno/a para garantir o bo funcionamento das aplicacións telemáticas (Teams, Skype empresarial ou calquera outra aplicación institucional).

O acto de defensa debe sempre ser gravado. O alumno/a no comezo do acto debe indicar o seu nome e apelidos, nº de DNI e sinalar que autoriza a gravación da defensa do seu TFG.

Recórdase, como indica o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 que *"Será posible presentar e defender os TFG e os TFM aínda que non se completara e superara o período de prácticas curriculares. En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG ou no TFM quedará condicionado á efectiva superación das prácticas".*

***2.- Modificación do calendario de entrega do Prácticum II***

Tendo en conta que o calendario non tería que modificarse na dada de entrega da 1ª oportunidade esta se mantén e so se modifica a data de entrega da 2ª oportunidade. As datas fixadas son as seguintes:

- 1ª oportunidade: 25 de maio
- 2ª oportunidade: 6 de xullo

Remata a reunión sen outros asuntos tratados.

Lugo, a 27 de abril de 2020

Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

**04/05/2020**

Asunto a tratar pola Comisión Prácticum e TFG

1+

LJ

LAGO BALLESTEROS JOAQUIN
Lun 04/05/2020 20:12

Para: LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA; GONZALEZ SEQUEIROS PABLO **y 5 más**

Boa tarde a todos,

escribiume a profesora Lucía Moure Rodríguez para solicitar, perante a Comisión de Practicum e TFG, que se autorice a defensa anticipada do TFG que realizan conxuntamente as alumnas Paula Blanco Otero e Elena Martínez Pena, do curso ponte. Estas alumnas acóllense ao especificado nas *Directrices para a organización da docencia e a avaliación, curso 2019-2020: Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19*, nas que se establece que: ***"Non obstante, os Centros poderán programar, excepcionalmente, previa comunicación á Secretaría Xeral, datas de lectura anteriores ás citadas, para aqueles alumnos (…) que acrediten cumprir os requisitos para proceder á defensa do TFG e TFM"***.

Fixen a consulta a Ana Brao para asegurarme de que as alumnas cumpren os requisitos e, efectivamente, así é. Sen embargo, Ana advírteme do seguinte: "Pois eu penso que non debemos entrar nesa dinámica. Iso é se os centros o autorizan, e sería un pouco caótico, porque habería que facer un novo calendario para incluír o anticipado. Porque claro, tampouco é cousa de facelo á carta. E ten en conta que hai que comunicar á Secretaría Xeral e todo iso. Date conta de que o tratan coma algo 'excepcional'. Eu penso que é un rollo... Pero bueno... se o decidides así... será..."

Non sei como o vedes vós.

Saúdos,

Joaquín Lago Ballesteros
Facultade de Formación do Profesorado

**10/06/2020**

## Solicitud adelanto defensa de TFG

1

Ver 2 mensajes más

NR

NAVARRO PATON RUBEN
Mié 10/06/2020 18:31
Para: LAGO BALLESTEROS JOAQUIN; LOPEZ GOMEZ SANTIAGO; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA **y 5 más**

pdf SOLICITUDE DEFENSA anticip...
18 KB

Buenas tardes,
me han escrito dos alumnos tutorizados por la Profesora Maria del Carmen Caldeiro, con su visto bueno, para adelantar la defensa para antes del 18 de junio, ya que a partir de esa fecha se encontrará de baja y no podrá ser ella quien los evalúe si es después.
Por ello os solicito que, o bien nos reunamos virtualmente, si así lo estimamos oportuno, o bien lo solucionemos mediante correo electrónico manifestando lo que estimemos oportuno al respecto. Bajo mi punto de vista deberíamos aceptarlo por el motivo que debe ser evaluado todo el proceso que han seguido y quien mejor que su tutora para que lo haga, además que ya lo tienen terminado.

Si lo hacemos mediante aprobación de correo electrónico en cuanto todos hayamos indicado nuestro parecer, y si es que si lo aceptamos, lo tramitaré con Ana Brao para que lo comunique a la Secretaría Xeral.
Espero vuestras respuestas (reunión virtual; resolverlo mediante correo electrónico (creo que esta última es más operativa, pero sólo es mi opinión))

Por otro lado deberíamos pensar que haremos para ese alumnado que no tendrá tutor/a para las defensas, bien en julio, bien en septiembre.

saludos
Rubén

## 06/07/2020

Asunto a tratar pola Comisión Prácticum e TFG

1+

**De:** GONZALEZ SEQUEIROS PABLO <pablo.gonzalez.sequeiros@usc.es>
**Enviado:** lunes, 6 de julio de 2020 10:34
**Para:** MUÑOZ CARRIL PABLO CESAR <pablocesar.munoz@usc.es>; LOPEZ GOMEZ SANTIAGO <santiago.lopez.gomez@usc.es>; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA <evamaria.barreira@usc.es>; LOPEZ RUA PAULA <paula.lopez@usc.es>; garcía castro gonzalo <gonzalo.garcia.castro@rai.usc.es>; NAVARRO PATON RUBEN <ruben.navarro.paton@usc.es>; comesaña rodríguez eva <eva.comesana.rodriguez@rai.usc.es>; LAGO BALLESTEROS JOAQUIN <joaquin.lago@usc.es>
**Asunto:** Re: Asunto a tratar pola Comisión Prácticum e TFG

Bo día,

- A nivel práctico: Creo que é máis que suficiente a publicación vía secretaría virtual (sms), xunto coa comunicación complementaria que fai cada docente (ao remate da defensa, por correo-e...).
- A nivel normativo: A instrución 3/2020 da USC fala de publicar as cualificacións na aula virtual da materia (pego abaixo). O apartado de TFG da web da Facultade deberiamos evitalo para isto, porque é de acceso aberto.

A cuestión é a da garantía da 'publicidade das notas', porque que chegue a cada alumno/a en cuestión neste caso parece que está garantido...

No Prácticum II, como di Eva, pediuse ao profesorado supervisor que colgara as cualificacións na aula virtual. Para o TFG podería facerse o mesmo, pero iso suporía un feixe de actas colgadas na aula...

Saúde,
Pablo

*Terceiro. Adaptación do procedemento de revisión de cualificacións das probas finais telemáticas*
*1. Consideracións xerais*
*1.1. As cualificacións provisorias individuais publicaranse a través da aula virtual, do envío de mensaxes ao móbil e, se é posible, da app da USC. Así mesmo, se pola evolución da situación derivada da crise provocada pola COVID-19 estiveran abertos os centros, poderanse publicar tamén nos taboleiros físicos destes.*
*1.2. En ningún caso se publicarán as cualificacións en espazos abertos aos buscadores como a páxina web da USC, nin se difundirán por correo electrónico.*
*1.3. Xunto coa publicación das cualificacións informarase aos estudantes da finalidade desta e da prohibición expresa de facer uso da información para fins diferentes. En particular, non se poderá facer uso de información relativa ás cualificacións doutras persoas.*
*1.4. Na listaxe da aula virtual figurarán o nome e os apelidos dos/as estudantes matriculados na materia e a súa cualificación. Só no caso de que haxa estudantes co mesmo nome e apelidos engadiranse catro díxitos aleatorios do seu DNI ou documento de identificación, seguindo as orientación dadas para o efecto pola Axencia Española de Protección de Datos:*
*https://www.aepd.es/sites/default/files/2019-09/orientaciones-da7.pdf*
*1.5. A publicación das cualificacións na aula virtual manterase accesible mentres estea aberto o prazo para presentar reclamacións, co obxecto de garantir o seu coñecemento por todas as persoas interesadas.*

# IV. Outras reunións

- **Reunións de coordinacións de curso**

**ACTA DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE CURSO**

**Lugar:** Facultade de Formación do Profesorado. Reunión por vídeoconferencia a través de *Teams*

**Data:** 22 de xullo de 2020 **Hora de inicio:** 10:06 **Fora de finalización:** 10:37

**Asistentes:**

María Fiuza Asorey
Uxía Garrido Filgueira
Isabel Fernández López
Javier Seijo Villamizar
Óscar Díaz Queizán
Francisco Candia Durán
Iván Enríquez Martínez
Patricia María Iglesias Souto

**Ausentes:**
María del Carmen Díaz Rodríguez (Desculpa a ausencia)
Marta Poncet Souto (Desculpa a ausencia)
Pablo César Muñoz Carril (Desculpa a ausencia)
Xosé Ramón Veiga Alonso (Desculpa a ausencia)
Silvia Basanta Camiño
Franciso Conde Soto

**Orde do día:**

1. Informe de coordinación do curso 19/20
2. Rolda aberta de intervencións

**Deliberacións e acordos:**

*Informe de coordinación do curso 19/20*

Infórmase dos seguintes puntos:

1. A principios de curso ao estar de baixa Patricia Iglesias, a profesora María Campos encargouse xunto coa Coordinadora de Título, Paula López, da xornada de benvida ao alumnado. Tamén organizou as datas dos cursos sobre: *Competencias en expresión escrita* que imparteu o profesor Francisco Candia e *Comunicación oral* que imparteu a profesora María Fiuza, así como do curso de *Competencias informacionais*, impartido polo director da biblioteca da Facultade, César Gómez. Posteriormente, xa incorporada Patricia Iglesias, fíxose a elección de delegada e subdelegado do que se dou traslado ao resto do profesorado.

2. A pesares do atípico que foi o segundo semestre, parece que non tivo unha repercusión importante no rendemento do alumnado, polo menos ata onde ten noticia a coordinadora. Na súa materia houbo poucos suspensos, e tamén na de Escola Comunidade e Tic según consta no informe remitido sobre a mesma polo profesor Pablo César Muñoz, ao non poder asistir este á reunión.

3. A coordinadora solicitará por correo electrónico que o profesorado lle faga chegar as charlas formativas de expertos e as prácticas de campo que se realizaron durante o curso nas súas materias, para incorporar esta información ao informe do curso.

4. Estaba prevista, para o 26 de marzo unha xornada do SEPIU, que se cancelou ao entrar en vigor o estado de alarma.

5. A pesar de todo o que supuxo ter que adaptarnos dun día para outro á docencia virtual, a coordinadora non recibeu por parte do profesorado nin do alumnado incidencias importantes, entendendo que, de habelas, se canalizaron por outras vías. Non obstante, cara o final do curso o alumnado transmitiu atoparse sobrecargado de traballo, pero sen concretar en qué materias. Dende a coordinación trasladouse aos alumnos/as a idea de que o profesorado era sensible a esta situación e animóuselles a compartir a nivel particular co mesmo esta sensación de sobrecarga. Por outra banda, detectáronse algún casos de persoas con problemas de conexión, o que convén ter en conta para o vindeiro curso se nos atopamos no escenario 3.

6. Agradécese a rapidez coa que foron remitidos os programas á coordinadora para a súa revisión. Xa foi remitido o informe á coordinadora de título.

7. De cara ao vindeiro curso están previstos os seguintes cambios nos docentes:

- A profesora María del Carmen Díaz, xubilarase no mes de agosto e a materia Psicoloxía da Educación, pasará a impartila a profesora María Fiuza.

- A materia Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento, non ten asignado docente á espera de que se resolva unha praza de Axudante Doutor no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.

-A profesora Silvia Basanta, xa non impartirá docencia na materia Fundamentos de Educación Física, da que se responsabilizará en exclusiva a profesora Uxía Garrido.

-A materia Ensino e Aprendizaxe de Linguas en contextos Multilingües, está pendente da asignación dun docente, que compartirá clase co profesor Iván Enríquez.

- A profesora Carmen Sarceda, compartirá co profesor Óscar Díaz a materia Didáctica e Tarefas Docentes.

- A profesora María del Carmen Caldeiro, causou baixa por maternidade este mes de xullo, pero prevese que esté reincorporada para o segundo semetres do vindeiro curso, polo que non afectará á súa docencia en primeiro.

8. Tamén de cara ao curso 2020/2021 está pendente de aprobación en Xunta de Facultade un documento marco sobre as coordinacións, do que se adiantan os seguintes puntos:

- Está previsto que, ao igual que no resto de cursos, en primeiro, sexa tamén o/a docente quen se encargue dos cambios de grupo, para o cal se contará cun protocolo a seguir. Espérase que isto simplifique o proceso e evite duplicidades.

- Está deseñada unha base de datos para que o profesorado poida rexistrar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades profesionais que se leven a cabo nas súas materias. A idea é recoller esa información dunha maneira sistematizada para despois visibilizar todo este traballo nos informes de calidade. Non será obrigatorio cubrila, pero sería recomendable que todos o fixeramos.

*Rolda aberta de intervencións*

A profesora Uxía Garrido manifesta a súa preocupación respecto á queixa do alumnado sobre o exceso de traballo e di que lle gustaría saber en qué medida se puido deber a ela. Cre que en parte puido ser así. Considera que o principio da etapa non presencial foi difícil e que as cousas melloraron no momento en que se decidiu a impatir a docencia a través de *Teams*. Agora pensa que foi unha experiencia interesante coa que está satisfeita, xa que tanto o profesorado como o alumnado fomos aprendendo e nos adaptamos. Ao respecto dos problemas de conexión sinala que, ao principio, si houbo queixas pero que despois desapareceron. Os seus exames eran asíncronos (menos o último, de recuperación) o que reducía os problemas asociados á conexión. Fai unha lectura final positiva.

A profesora María Fiuza, ao respecto do mesmo tema, pregunta polas enquisas ao alumnado. Infórmase de que este ano, non se realizou a recollida de información do alumnado que habitualmente se canalizaba mediante os delegados de curso, e de que estaba previsto cambiar este sistema por unha enquisa individualizada, que xa está deseñada, para cubrir na aula. Non obstante, finalmente, pola situación derivada do confinamento e da non presencialidade non se levou a cabo. Está pendente se para vindeiras ocasións se fará a través dun enlace online en caso de non presencialidade. Ante isto, a profesora, sinala que ao seu parecer, precisamente, pola excepcionalidade do curso, este ano sería lóxico e más necesario se cabe, recoller ese feedback.

A profesora Uxía Garrido propón entón contactar coa delegada para tentar recabar esta información, xa que considera importante ter o parecer do alumnado. Sinálase tamén que agora o alumnado puido repousar máis a súa opinión, aínda que non deixe de estar sesgada, sobre todo, ao recollerse a través da delegada como única vía

centralizadora da mesma.

A profesora María Fiuza puntualiza que efectivamente, debe terse en conta que esta información estará sesgada, debido tamén á presión do grupo, o que fai que moitas persoas se absteñan de facer comentarios no grupo de Whatsapp que comparte o alumnado, para evitar ter conflitos co resto de compañeiros/as.

Acórdase que a coordinadora consultará coa coordinadora de título a posibilidade de facer esta recollida de información e, en caso de obtela, enviará un resumo da mesmo por correo electrónico ao profesorado.

Por último, acórdase que a coordinadora redactará a acta da reunión e a remitirá tamén por correo electrónico para proceder á súa modificación ou aprobación.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión da que estendo esta acta.

Lugo, 22 de xullo de 2020

**Reunión virtual coordinación 2º curso (23/07/2020, lista de correo USC):**

Marcha do curso e posibles incidencias

...

ROMERO CASTRO MARIA JOSE
Jue 23/07/2020 11:17
Para: SANTOS GONZALEZ MARIA CARMEN; BLANCO MOSQUERA VICENTE; LOPEZ RUA PAULA **y 10 más**

Estimadas/os compañeiras/os
este curso non se puido organizar a reunión presencial de coordinación do 2° curso (grao en mestre Ed. Primaria) cos docentes que impartides materias en dito curso, como habitualmente se fai cando este remata. Por este motivo, se hai algún aspecto sobre a marcha do curso que me queirades comentar ou algunha incidencia da que queirades deixar constancia, agradeceríavos que me transmitísedes esa información en resposta a este correo electrónico.
ata pronto,
María

Dr. María José Romero Castro
Profesora Ayudante Doctora
Coordinadora de 2º curso Grado Maestro/a de Ed. Primaria y Doble grado
Departamento de Didácticas Aplicadas
Facultad de Formación del Profesorado
Universidade de Santiago de Compostela
Avda. de Ramón Ferreiro, s/n
Campus Terra, 27071 (Lugo)
España

# INFORME DE COORDINACIÓN 2019- 2020

**3º Curso do Grao de Mestre/a de Educación Primaria**

Coordinadora: Virginia Aznar Cuadrado

## RESUMO DAS REUNIÓNS E COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON PROFESORADO E ALUMNADO

## COMUNICACIÓNS A PROFESORADO E ALUMNADO

Tras un primeiro contacto co alumnado de 3º Primaria, a primeiros do mes de setembro na aula, solicitando a elección de un ou dous representantes de curso para asistir ás reunións de coordinación programadas para este curso 2019-2020, as alumnas elixidas son as que xa realizaban este labor no curso anterior:

DELEGADA: Ana Mª Peréz Gómez (anamaria.perez.gomez@rai.usc.es)

SUBDELEGADA: Valeria Fuenteseca Legide (valeria.fuenteseca@rai.usc.es)

O día 16 de setembro de 2019 comunícase a todo o alumnado e profesorado, a través do "Foro de novas" da Aula Virtual de Coordinación, os datos destas representantes para poder contactar con elas.

## REUNIÓN DE COORDINACIÓN COAS DELEGADAS DE CURSO

**Data**: 18 – 9 – 2019 **Lugar**: Facultade de Formación do Profesorado

**Asistentes**: Virginia Aznar Cuadrado (Coordinadora 3º Primaria), Valeria Fuenteseca Legide (subdelegada 3º Primaria), Ana Mª Peréz Gómez (delegada 3º Primaria).

Nesta primeira reunión lémbrase o significado de ser delegada e subdelegada de curso e a función de representar aos compañeiros e compañeiras en todos os actos e reunións que se lles solicite. Tamén se recomenda establecer un protocolo de consulta para conseguir a participación de todo o alumnado (reunións presenciais, debates, votacións, etc). Neste punto, as representantes comentan que xa teñen establecido dende o ano pasado un proceso de consulta a todo o alumnado de 3º Primaria a través de cuestionarios de Google

elaborados por elas mesmas e que, polo de agora, consideraban que era un sistema útil pola alta participación que se acadaba.

Comunícaselles a intención de facer dúas reunións ordinarias no curso, unha ao finalizar o primeiro semestre e a outra ao final do segundo, e da posibilidade de reunirnos todas as veces que o alumnado o solicite.

Tamén se lles informa de que a comunicación de coordinación con todo o alumnado de 3º Primaria será a través da Aula de Coordinación do Campus Virtual establecida para tal fin. E que poden participar nela propoñendo a publicación de información relevante para o alumnado de 3º.

Pregúntaselles se esta aula virtual resulta útil e responden que si, pero que eles tamén utilizan un chat de WhatsApp no que está incluída toda a clase para compartir información e dar avisos.

Tamén comentan unha incidencia que xa se transmitiu ao CeTA: o alumnado que está matriculado só de materias de 3º Primaria recibe as mensaxes das aulas de coordinación de todos os cursos (1º, 2º, 3º, 4º) e máis da Aula de Coordinación da Titulación. E isto provoca unha saturación de información repetida e de información que non lles afecta que fai que estas aulas de coordinación non sexan efectivas.

## REUNIÓN DE COORDINACIÓN CO PROFESORADO

**Data**: 22 – 7 -2020 **Lugar**: Facultade de Formación do Profesorado (reunión virtual a través do Campus Virtual e o correo electrónico)

**Asistentes**: María Del Carmen Ares Vázquez, Virginia Aznar Cuadrado, Paloma Blanco Anaya, Francisco Xosé Candia Durán, Keah Amy Dixon, Andrés Domínguez Almansa, Iván Enríquez Martínez, María José Fiuza Asorey, Estela Leticia Freire Pérez, María Lina Iglesias Forneiro, Joaquín Lago Ballesteros, Juan Salvador López Outeiral, Rubén Navarro Patón, María Del Carmen Núñez Paños, Monserrat Pena Presas, Dolores Rodríguez Vivero, María Carmen Santos González, David Varela Vázquez, Teresa Susana Vázquez Regueiro, José Ramón Veiga Alonso, María Del Mar Viña Rouco.

Convócase ao profesorado a unha reunión virtual a través do "Foro de profesorado" da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico institucional para recoller información sobre a marcha do curso e sobre posibles incidencias. Tamén se lles informa de que este ano non se recollerá información do alumnado na Facultade, xa que encheron as enquisas de satisfacción de calidade da Universidade con ítems adaptados á situación excepcional producida pola COVID-19.

Das achegas recibidas se pode extraer que o curso descorreu con normalidade tanto no primeiro semestre como no segundo, malia a situación de Estado de alarma vivida, na que a actividade docente pasou a ser totalmente virtual. Superáronse as dificultades que

supuxeron estas condicións de docencia na pandemia e acadáronse os obxectivos de aprendizaxe propostos.

FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

# ACTA

## Reunión de coordinación de cuarto curso de Ed. Primaria

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado (Reunión virtual por correo-e)
DATA: 27 de xullo de 2020 (Convocatoria enviada o 22 de xullo de 2020)
HORA DE INICIO: 10:00h
HORA DE REMATE: 10:30h

**Persoas convocadas**: Pablo García Marín, Montserrat Pena Presas, Paula López Rúa (coord. 4º GMEP), Eva Mª Barreira, Rubén Navarro Patón, Pablo González Sequeiros, Dolores Rodríguez Vivero, Javier López Quintáns, Joaquín Lago Ballesteros, Francisco Rodríguez Lestegás, Santiago López Gómez, María José Fiuza Asorey, Teresa Susana Vázquez Regueiro, Uxía Garrido Filgueira, Carlos Reigosa Castro, Carme Ares Vázquez, Mar de Santiago Pérez.

**Asistentes**: todos os convocados.

**ORDE DO DÍA:**

1. **Rolda aberta de intervencións sobre a marcha do curso 2019-2020 e comentarios sobre posibles incidencias**
2. **Aprobación da acta da reunión**

---

**1. Rolda aberta de intervencións sobre a marcha do curso 2019-2020 e comentarios sobre posibles incidencias**
O profesorado do curso non manifesta comentarios ou incidencias destacables. Cómpre ter en conta que, a excepción do Prácticum e o TFG, as materias foron cursadas no primeiro semestre, e polo tanto, non se viron afectadas pola situación xenerada pola COVID-19. As observacións recollidas na enquisa ao alumnado feita a finais do primeiro semestre foron no seu momento transmitidas ao profesorado, e as respostas ás mesmas foron enviadas ao alumnado por medio do Campus Virtual.

**2. Aprobación da acta da reunión**
Apróbase a acta por asentimento dos asistentes

Como secretaria, levanto acta da reunión en Lugo, a 27 de xullo de 2020

A coordinadora do cuarto curso do Grao en
Mestre de Educación Primaria



Asdo.: Paula López Rúa

# V. Informes sobre as cualificacións do alumnado

MEMORANDO M#33

# DISTRIBUCIÓN DE NOTAS NO GRAO EN MESTRE EN EDUCACIÓN PRIMARIA



**20 de decembro de 2020**

# Autores

VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN,
TENOLOXÍAS E SUSTENTABILIDADE

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6.
15782 Santiago de Compostela
Tel: 881 811301
Correo electrónico: vr.planificacion@usc.gal

## 1. LIMIAR

Máis aló da percepción que se teña do resultado da avaliación do proceso ensino-aprendizaxe que tivo lugar no segundo semestre do curso 2019-2020, é importante monitorizar os resultados finais en función da distribución de cualificacións.

Co obxectivo de analizar a distribución normalizada das cualificacións nas titulacións oficiais de Grao durante o curso 2019-2020 fíxose unha táboa coas cualificacións no intervalo 0 a 10 en tramos de 0,1, cuantificando o número de notas tras as dúas oportunidades de cada convocatoria. Así mesmo, fíxose a mesma análise para o curso 2018-2019 para ter un marco de referencia e, polo tanto, unha visualización do impacto da COVID-19 nos resultados de avaliación do proceso ensino-aprendizaxe

## 2. DISTRIBUCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

Os perfís da distribución para o Grao en Mestre en Educación Primaria amósanse na Figura 1. O valor numérico da media implica unha suba do 3,7%, de xeito que a nota media subiu do 7,47 ao 7,75. O perfil de cualificacións é moi simétrico, sendo practicamente superposto no rango de sobresalientes. O número de cualificacións onde se activou a cláusula da salvagarda da nota media do expediente unha vez superada a materia foi do 28,6%.




| | Curso 2018-19 | Curso 2019-20 | |
|---|---|---|---|
| $x_m = \int_0^\infty x \cdot E(x)dx =$ | 7.47 | 7.75 | 3.7% |
| $\sigma^2 = \int_0^\infty x^2 \cdot E(x)dx - x_m^2 =$ | 2.77 | 2.16 | |

**Figura 1.** *Distribución normalizada das cualificacións no curso 2018-19 e 2019-20 para o Grao en Mestre en Educación Primaria.*

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (LUGO)

**ADENDA ao Autoinforme de Seguimento do Máster en formación do profesorado do curso 2019-2020**

**Documento elaborado por Mari Carmen Caldeiro Pedreira (coordinadora do Máster en profesorado)**

**CONTIDOS**

**Limiar**

**Datos do Mestrado**

**Informe sobre as modificacións das materias do título por mor da suspensión do ensino presencial**

**Indicacións de actuacións e accións de coordinación**

**Adaptación das programacións docentes**

**Adaptacións do Prácticum II e o TFG**

**Comunicacións ao alumnado: avisos, axudas, actividades, etc.**

**Comunicacións ao profesorado**

**Outros aspectos de interese**

## 1. Limiar

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e ao decreto do Estado de Alarma, suspendeuse o ensino presencial dende o 14 de marzo de 2020. Esta suspensión fixo que Centros e Titulacións realizaran modificacións e puxeran en marcha iniciativas para adaptarse á nova situación. Estes cambios e actuacións recóllense nunha serie de accións de mellora executadas durante o curso 2019-20, xunto con outro tipo de iniciativas e actividades que contribuíron ao desenvolvemento do curso sen incidencias destacables, e das que se informa de xeito complementario no presente documento.

## 2. Datos do Mestrado

| **Denominación do título** | **Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas** |
|---|---|
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de ciencias da educación) |
| Centro donde se imparte docencia | Facultade de Formación do Profesorado |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 60 ECTS |
| Modalidade de impartición | Presencial |

## 3. Informe sobre as modificacións das materias do título por mor da suspensión do ensinopresencial

A Facultade de Formación do Profesorado conta con catro titulacións: Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Grao en Mestre/a de Educación Primaria, Máster en Profesorado de Educación Secundaria e Máster en Dirección de Actividades Educativas na Naturaleza.

Neste informe presentase a información redactada dos cambios que a raíz do estado de alarma e do cese da docencia tiveron que realizarse nalgunhas materias do segundo semestre do Máster en Profesorado de Educación Secundaria polo que respecta á existencia de aula virtual activa, modificación do programa, metodoloxías e ferramentas empregadas para a docencia virtual, e canle o procedemento para a comunicación co alumnado.

Dun xeito global, a situación do título é a seguinte:

1) Todas as materias contan con Aula Virtual.
2) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma teñen introducidas as modificacións no programa, e nunha oprofesor indica ter enviado as modificacións ao departamento.
3) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma teñen materiais para a docencia en remoto.
4) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma realizan titorías virtuais. Aínda que algúns docentes indican que non as realizan, isto débese a que entenden como titorías virtuais as titorías programadas, pero están atendendo ao alumnado a través de diferentes ferramentas
5) O correo electrónico, o Campus virtual, Skype empresarial, Teams, e teléfono son os medios de comunicación co alumnado.

## 4. Indicacións de actuacións e accións de coordinación

Dende a coordinación do título desta Facultade contactouse co profesorado para advertilo da necesidade de adaptar os programas (case non había docencia presencial cando se declarou o estado de alarma xa que o alumnado ía comezalo seu Practicum II en menos de 15 dias) no tocante á metodoloxía e sistema de avaliación para o alumnado que non tiña superadas as materias do primeiro cuatrimestre ou que non realizara o exame da materia.

Os docentes comunicaron esta información a través da Aula Virtual das diferentes asignaturas.

## 5. Adaptacións das programacións docentes

Tendo en conta as diversas Resolucións Rectorais e Instrucións da Secretaría Xeral da USC, dende a titulación realizáronse adaptación Relativas ó período de avaliación extraordinaria referido ás materias do primeiro semestre e á avaliación ordinaria e extraordinaria Das materias do segundo semestre. No caso destas últimas e como estaban próximas a rematar os contidos debido ó inminente comezo do período de Prácticum II a docencia que faltaba impartiuse na súa mayoría de forma asíncrona (a través do Campus Virtual)

## 6. Adaptacións do Prácticum II e o TFM

Nos documentos adxuntos figuran as modificacións realizadas pola coordinación de Santiago e Lugo nas guías do Prácticum II e do TFM

## 6. Comunicacións ao alumnado: avisos, axudas, actividades, etc.

Durante todo o periodo lectivo no que se viu interrompida a docencia presencial e ata a fin do curso (xullo 2020) mantívose a comunicación co alumnado mediante o emprego do foro de novas do Campus Virtual. Por outra banda, a coordinación do mestrado mantuvo varias reunións con representantes do alumnado para consensuar cuestións sobre as datas de entrega dos TFMs, debido á inminente convocatoria de procesos selectivos por parte da administración.

**7.Comunicacións ao profesorado**

O contacto co profesorado das titulacións durante este periodo de interrupción de actividades presenciais, fundamentalmente a través do correo USC, facilitando información de diversa natureza, orientacións e recomendación.

## 8. Outros datos de interese

As reunións da comisión de título realizáronse vía telemática durante o estado de alarma. Así, houbo reunións co alumnado e a coordinación para tratar asuntos relativos ó proceso de oposición que provocou a necesidade de incluir un criterio extraordinario na adenda da guía docente do TFM que se xunta a este documento, o criterio estaba deseñado co gallo de permitir ó alumnado acudir ó proceso selectivo que se adiou debido á proclamación do estado de alarma.

**Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas**

# PRÁCTICUM

**Modificacións introducidas ao abeiro do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19**

*Aprobado por Resolución Decanal 29 de abril de 2020 sobre o réxime especial da avaliación da Facultade de Ciencias da Educación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19*

A adaptación do sistema de avaliación nas materias Prácticum I e Prácticum II ao réxime especial derivado da suspensión da docencia presencial contempla un axuste de **Calendario** e do **Protocolo para a entrega da documentación**.

## CALENDARIO

### PRÁCTICUM I
**Segunda oportunidade**
- A data límite para a entrega da memoria de prácticas ao supervisor/a da universidade é o 1 de xullo de 2020.
- A data límite para a publicación dos resultados é o 27 de xullo de 2020.
- As datas de revisión das cualificacións deben fixarse dentro dos 5 días seguintes á data de publicación dos resultados, sen que, en ningún caso, poidan ir máis aló do 29 de xullo para a segunda oportunidade.
- O peche de actas da segunda oportunidade terá lugar o 30 de xullo.

### PRÁCTICUM II
**Primeira oportunidade**
- A data límite para a entrega da memoria de prácticas ao supervisor/a da universidade é o 28 de maio de 2020.
- A data límite para a publicación dos resultados é o 30 de xuño de 2020.
- As datas de revisión das cualificacións deben fixarse dentro dos 5 días seguintes á data de publicación dos resultados, sen que, en ningún caso, poidan ir máis aló do 3 de xullo para a primeira oportunidade
- O peche de actas da primeira oportunidade terá lugar o 5 de xullo.

**Segunda oportunidade**
- A data límite para a entrega da memoria de prácticas ao supervisor/a da universidade é o 1 de xullo de 2020.
- A data límite para a publicación dos resultados é o 27 de xullo de 2020.
- As datas de revisión das cualificacións deben fixarse dentro dos 5 días seguintes á data de publicación dos resultados, sen que, en ningún caso, poidan ir máis aló do 29 de xullo para a segunda oportunidade.
- O peche de actas da segunda oportunidade terá lugar o 30 de xullo.

# PROTOCOLO PARA A ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN

## PRÁCTICUM I

**Segunda oportunidade**

As memorias serán entregadas en formato PDF polos estudantes aos supervisores da universidade e deben levar o Visto e Prace do titor/a de secundaria na portada.

Os titores dos centros deben entregar os informes de avaliación dos seus titorados ao coordinador/a do seu centro, quen os remitirá ao coordinador/a do Máster no Campus que corresponda:

- Alumnado do campus de Santiago: master.secundaria@usc.es
- Alumnado do campus de Lugo: mcarmen.caldeiro@usc.es

## PRÁCTICUM II

**Primeira e segunda oportunidade**

As memorias serán entregadas en formato PDF polos estudantes aos supervisores da universidade a través da Aula Virtual da materia no Campus Virtual da USC. Cada supervisor/a ten habilitada unha tarefa co seu nome. O listado de docentes está ordenado alfabeticamente.

**Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas**

## TRABALLO FIN DE MÁSTER

**Modificacións introducidas ao abeiro do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19**

A adaptación excepcional do sistema de avaliación na materia Traballo Fin de Máster ao réxime especial derivado da suspensión da docencia presencial contempla un axuste de **Modalidade** e **Calendario**.

### a. MODALIDADE DE AVALIACIÓN

O alumnado deberá elixir entre dúas modalidades de avaliación do Traballo Fin de Máster:

1. Avaliación do TFM por un tribunal con defensa pública telemática (opción de cualificación entre 0 e 10 puntos). Esta modalidade é requisito para, si é o caso, optar á mención "matrícula de honra".
2. Avaliación do TFM polo titor/a sen defensa (opción de cualificación entre 0 e 8 puntos)

**Modalidade 1. Avaliación do TFM por un tribunal con defensa pública telemática**. A avaliación do TFM realizarase a través dun tribunal constituído por tres membros designados entre o profesorado con docencia no Máster polo coordinador/a de cada campus. A defensa pública realizarase por medios telemáticos. Esta modalidade permite optar á mención de "Matrícula de Honra".

A defensa pública diante do tribunal terá unha duración máxima de 40 minutos distribuídos da seguinte maneira: 15 minutos para a presentación do traballo, 15 minutos para consideracións e preguntas do tribunal e 10 minutos para respostas por parte do estudante.

A avaliación dos traballos realizarase atendendo aos seguintes criterios de carácter xeral:

- Contido (50%): relevancia, dificultade e orixinalidade da temática, profundidade e rigor no seu tratamento, na fundamentación teórica e na metodoloxía, claridade da estructura, precisión das conclusións, relación coas competencias formativas do Máster e contribución á mellora da práctica docente, á calidade da educación e/ou ao coñecemento científico ou profesional no tópico tratado.

- Presentación escrita (30%): corrección, coherencia e adecuación lingüística, rigor na utilización dos formalismos propios dun texto académico, fluidez narrativa, referencias bibliográficas e citas seguindo as características formais establecidas no apartado correspondente da Guía.
- Defensa (20%): claridade e rigor na presentación, uso de medios e tecnoloxías adecuados.

  Nota.- No proceso de avaliación atenderase ás especificidades da área de coñecemento no que se desenvolva o TFM.

A cualificación será responsabilidade do tribunal, unha vez analizado e valorado o informe do titor/a sobre o seu seguimento do traballo de cada alumno/a. (Anexo 3 da Guía do TFM) A nota final obterase da media das outorgadas por cada membro do tribunal nunha escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal.

Os tribunais poderán propoñer para a mención de “Matrícula de Honra” calquera TFM que obteña unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico e será decidida pola Comisión do Título a partir das propostas dos tribunais.

O secretario/a do tribunal cubrirá a calificación do estudante na secretaría virtual. Ademáis disto engadirá nun formulario electrónico a data/s e hora de revisión ó que terá acceso o alumnado desde a Aula Virtual.

O alumnado ten dereito á revisión da cualificación nas datas que, para tal efecto, se fixarán no momento de comunicar os resultados provisorios. Ofreceránse dúas datas opcionais comprendidas dentro dos cinco días seguintes á publicación dos resultados. A revisión será persoal e telemática, e deberá realizala o presidente/a do tribunal pola canle de comunicación que acorde co estudante.

Os TFM deberán ser orixinais e non poderán reproducir outros traballos sen citalos adecuadamente. O uso fraudulento de información implicará a cualificación de “Suspenso” na convocatoria correspondente.

**Modalidade 2. Avaliación do TFM polo titor/a**. A avaliación do TFM realizarase polo titor/a e non poderá ser superior a notable (8.0).

A avaliación dos traballos realizarase atendendo aos seguintes criterios de carácter xeral:

- Contido (máximo 50% da cualificación máximo 5,60 puntos): relevancia, dificultade e orixinalidade da temática, profundidade e rigor no seu tratamento, na fundamentación teórica e na metodoloxía, claridade da estructura, precisión das

conclusións, relación coas competencias formativas do Máster e contribución á mellora da práctica docente, á calidade da educación e/ou ao coñecemento científico ou profesional no tópico tratado.
- Presentación escrita (máximo 30 % da cualificación máximo 2,40 puntos): corrección, coherencia e adecuación lingüística, rigor na utilización dos formalismos propios dun texto académico, fluidez narrativa, referencias bibliográficas e citas seguindo as características formais establecidas no apartado correspondente da Guía.
- Póster (20%): ~~claridade e rigor na presentación, uso de medios e tecnoloxías adecuados~~. Elaborar una presentación

O titor/a cubrirá a cualificación do estudante na secretaría virtual. Ademáis disto engadirá nun formulario electrónico a data/s e hora de revisión ó que terá acceso o alumnado desde a Aula Virtual.

O alumnado ten dereito á revisión da cualificación nas datas que, para tal efecto, se fixarán no momento de comunicar os resultados provisorios. Ofreceránse dúas datas opcionais comprendidas dentro dos cinco días seguintes á publicación dos resultados. A revisión será persoal e telemática, e deberá realizala o titor/a pola canle de comunicación que acorde co estudante.

Os TFM deberán ser orixinais e non poderán reproducir outros traballos sen citalos adecuadamente. O uso fraudulento de información implicará a cualificación de "Suspenso" na convocatoria correspondente.

## b. CALENDARIO DE AVALIACIÓN

A modificación dos prazos para a defensa e avaliación do Traballo Fin de Máster queda como segue:

| Oportunidade | Xullo 2020 | Setembro 2020 |
|---|---|---|
| **Elección da modalidade de avaliación** (Formulario Web) | 10-12 xuño* | 15-16 xullo |
| **Solicitude de defensa e Depósito do TFM en PDF** (Secretaría Virtual) | 24-25 xuño | 22-23 xullo |
| **Envío do TFM ao titor/a ou membros do tribunal** (Correo electrónico) | 1-2 xullo | 29-30 xullo |
| **Datas da defensa pública telemática do TFM ante o tribunal** (Modalidade 1) | 13-22 xullo | 10-17 setembro |
| **Data límite para que o titor/a comunique as cualificacións provisórias** (Modalidade 2) | 22 xullo | 17 setembro |

*Os estudantes que excepcionalmente soliciten defender o TFM antes do día 5 de xullo, como recolle o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19, deberán elexir a modalidade de avaliación entre os días 28 e 29 de maio de 2020 (Formulario Web). Os prazos do proceso de avaliación comunicaranse ao alumnado por correo electrónico.

FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (LUGO)

# ADENDA á memoria de calidade (2019-20) do Título de Master en Dirección de Actividades Educativas na Naturaleza

**Documento elaborado por Eugenio Otero Urtaza (coordinador do Máster)**

1. Introdución
2. Recomendacións para a mellora dos procesos
3. Datos sobre a demanda do título
4. Prácticas externas
5. Traballo Final de Master

## 1. Introdución

O máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza superou este curso pasado a avaliación para a renovación da acreditación, recibindo unha cualificación moi satisfactoria: é favorable en todas as dimensións e criterios. E incluso no criterio de resultados da aprendizaxe se indica que "se supera excelentemente". Os puntos fortes establecidos no informe danlle moito pulo a titulación, especialmente porque recoñecen a súa singularidade,a importancia da interdisplinariedade, a metodoloxía, a internacionalización e contar coas opinións dos estudantes para a revisión anual do título, conforme ao seguinte cadro.

| PRINCIPAIS PUNTOS FORTES |
|---|
| • O perfil formativo e profesional do título é único no Sistema Universitario de Galicia e outorga visibilidade a esta facultade no conxunto de España.<br>• O carácter multidisciplinar do título, a diversidade do profesorado e a diversidade de alumnado que reúne é un aspecto destacable no título.<br>• Valórase moi positivamente a súa conexión coa rede internacional EOE ( European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning) de ensino ao aire libre.<br>• Valóranse os esforzos de internacionalización coa Universidade de Cumbria e cos Erasmus plus e outras accións que se están poñendo en marcha.<br>• Os mecanismos de coordinación docente son adecuados e funcionan moi ben. Exemplo diso son as actividades e traballos conxuntos entre materias do mesmo módulo.<br>• Valóranse positivamente as innovacións metodolóxicas que se realizaron na impartición e avaliación das distintas materias e módulos.<br>• As saídas de campo e o contacto coa natureza durante os roteiros valóranse positivamente.<br>• O centro dispón un Sistema de Garantía de Calidade proactivo con capacidade para identificar as áreas de mellora.<br>• Considérase unha boa práctica a realización dun cuestionario aberto aos alumnos para que acheguen ideas para mellorar o master, así como as reunións entre profesorado e estudantes para achegar ideas |

Porén se apuntan algúns aspectos de obrigado cumprimento que esixirán establecer propostas de mellora, así como algunhas recomendacións que poderían mellorar os procesos.

## 2. Recomendacións para a mellora dos procesos

O informe solicita resolver dous aspectos de obrigado cumprimento:

*Dimensión 1: Xestión do título/Criterio 1: Organización e desenvolvemento*

a) Revisar o axuste entre as guías docentes dalgunhas materias e os contidos e competencias declarados na memoria de verificación. Valorar a posibilidade de actualizar a memoria do título cando se teña que realizar unha modificación substancial.

*Dimensión 1: Xestión do título /Criterio 3: Sistema de garantía de calidade.*
*Dimensión3: Resultados/Criterio7: Indicadores de satisfacción e rendimento.*

b) Achegar datos estatísticos sobre o grao de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Non se achegan datos desde o curso 16-17.

Aos aspectos de obrigado cumprimento, se engaden un conxunto de recomendacións, que a Comisión de título comprometeuse a desenvolver, ou no seu caso solicitar do servizo correspondente da USC que sexan levadas a cabo.

A pandemia do COVID19 condicionou o desenvovemento do máster a partir do 14 de marzo de 2020, xa con case todas as actividades da fase presencial feitas pero que impediu realizar algunhas actividades programadas tal como estaban previstas e houbo que adaptarse aos procedementos non presenciais e con reunións telemáticas. Esta situación afectou especialmente ao prácticum que debeu desenvolverse sen presencialidade dos estudantes nos centros de prácticas para o que houbo que habilitar unha normativa que implementou un sistema de formación alternativo a distancia das institucións concretas. Esta situación excepcional impactou nas expectativas que tiñan os estudantes co título porque houbo que minorar un conxunto de accións que estaban previstas para os últimos meses do curso. As medidas de adaptación derivadas da emerxencia sanitaria foron feitas conforme a Resolución Reitoral do 13 de Marzo de 2020 da Universidade de Santiago de Compostela.

## 3. Datos sobre a demanda do título

A demanda do máster no curso 2019-2020 foi especialmente intensa. Interesou a un importante número de estudantes fora da comunidade autónoma galega, tanto de outras partes de España como de outros países iberoamericanos e asiáticos. Doce dos vinte e cinco estudantes procedían de fora de Galicia (48%) dos que cinco proviñan de países extracomunitarios (20%). O curso comezou con normalidade, a diversidade da procedencia dos estudantes é indicio da importancia da titulación, e do interese que está suscitando este ámbito do traballo educador. Asemade responde a una das suxestións que propoñía o Informe final de avaliación para a renovación da acreditación, en relación coa captación de titulados máis alá dos títulos de mestre. A táboa amosa que houbo presenza de seis universidades españolas, ademáis da de Santiago, así como titulados en cinco universidades estranxeiras.

| Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no **Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed) - P3281V02 2019/2020** | |
|---|---|
| **Titulación de procedencia** | **Núm. de estudantes** |
| Grao en Belas Artes pola Universidade de Vigo | 1 |
| Grao en Bioloxía pola Universidade de León | 1 |
| Grao en Bioloxía pola Universidade de Salamanca | 1 |
| Grao en Educación Infantil pola Universidade de Sevilla | 1 |
| Grao en Educación Primaria pola Universidade Francisco de Vitoria | 1 |
| Grao en Educación Social pola USC | 1 |
| Grao en Enxeñaría Informática pola USC | 1 |
| Grao en Lingua e Literatura Galegas pola USC | 1 |
| Grao en Mestre Educación Primaria pola Universidade de Alicante | 1 |
| Grao en Mestre en Educación Infantil pola USC | 2 |
| Grao en Mestre en Educación Primaria pola USC | 6 |
| Estudos Realizados no Estranxeiro | 3 |
| Resolución reitoral de equivalencia | 2 |
| Mestre-Especialidade en Educación Física | 1 |
| Mestre-Especialidade en Educación Infantil | 1 |
| Mestre-Especialidade en LinguaEstranxeira | 1 |

| Total 2019/2020 | 25 |
|---|---|
| **Fonte:** Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións (ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2018/19. Están excluídos/as os/as estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios. | |

A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados, aumentou este curso dunha maneira notable: é o curso que mais estudantes ten de fora de Galicia desde a súa implantación.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%)** | **7,14** | **5,56** | **19,35** | **15,79** | **4,55** | **23,53** |

Desde outubro de 2011 ata setembro de 2020 cursaron o máster 191 estudantes, dos que ata ese momento remataron os seus estudos 162. (84,81%).

.

| Curso | Estudantes de nova matrícula | Estudantes que defenderon o TFM | Estudantes que remataron |
|---|---|---|---|
| 2011-2012 | 29 | 23 | 23 |
| 2012-2013 | 28 | 19 | 19 |
| 2013-2014 | 15 | 12 | 12 |
| 2014-2015 | - | 3 | 3 |
| 2015-2016 | 28 | 26 | 26 |
| 2016-2017 | 27 | 18 | 16 |
| 2017-2018 | 24 | 28 | 27 |
| 2018-2019 | 15 | 11 | 10 |
| 2019-2020 | 25 | 26 | 26 |
| TOTAL | **191** | **166** | **162** |

. A liña de interese polo máster mantense nun nivel sostible, e a admisión reduciuse a 25 estudantes no curso 2017-2018, conforme se establece na Memoria do título. A evolución da primeira matrícula é normal e foi ascendente, ata o curso de 2018-2019, pero volveuse a recuperar neste curso 2019-20, no que se cubriron todas as prazas.

| | Estudantes de primeira matrícula | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 |
| **Total** | **28** | **15** | **-** | **28** | **27** | **24** | **15** | **25** |

Lémbrase que o título non se impartiu no curso 2014-2015. No perfil dos estudantes se pasou da hexemonía do título de diplomatura, o 96,4%, no curso 2013-2014 ao curso 2018-19, no que é título de grao é xa o único que se exhibe, aínda que no curso 2019-20, volveron a incorporarse tres estudantes diplomados. O caudal básico dos estudantes segue estando nos títulos de educación, fundamentalmente mestres graduados en Educación Primaria ou Infantil. A nota media de acceso por preinscrición sigue estando por enriba de sete puntos:

| | Nota media de acceso por preinscrición | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-2019 | 2019-2020 |
| **Total** | **7,89** | **7,60** | **7,56** | **7,79** | **7,61** |

Cubríronse todas as prazas ofertadas, polo que a situación do curso 2018-2019 foi puntual (do mesmo xeito que pasao . A preinscrición foi alta: 48 aspirantes, o que supón 1,9 aspirantes por praza ofertada. A captación de estudantes estranxeiros obtivo unha porcentaxe nunca antes acadada polo máster (20%). A porcentaxe de estudantes que proviñan doutras comunidades autónomas foi alta 28%. En conxunto os estudantes de fora de Galicia constituiron o 48%. En relación a estudantes que proveñen da USC a porcentaxe ten a seguinte evolución:

| | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-2019 | 2019-2020 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) Estudantes da USC** | **80,56** | **54,84** | **65,79** | **86,66** | **61,66** |

En relación coa titulación de entrada, aínda que segue a ser maioritario o título de mestre, xunto a diversidade da procedencia xeográfica houbo tamén certa variabilidade na titulación de entrada: contouse con graduados en bioloxía, informática, filoloxía galega, belas artes e educación social, así como os titulados en universidades estranxeiras con títulos non sempre equivalentes aos de universidades españolas.

En referencia aos fundamentos pedagóxicos e de oportunidade do título se ratifica o xa expresado en memorias anteriores:

"O aire libre e a educación en contornas naturais está cobrando cada vez máis importancia non so na educación non formal, senón tamén no ámbito escolar. A conveniencia do título está moi xustificada nun contexto de forte crecemento da educación ao aire libre. Cada vez son mais as escolas que fan parte da súa actividade formativa en contornas naturais, e nos derradeiros vinte e cinco anos xurdiu un movemento educativo vigoroso que torna á natureza como un escenario esencial da educación, como amosan os estudos, entre outros, do profesor da Universidade de Edimburgo e asesor da UNESCO, Peter Higgins [http://www.docs.hss.ed.ac.uk/education/outdoored/higgins_why_indoors.pdf] ou Anders Szczepanski [http://www.mgu.ac.jp/main/educations/library/publication/pre_hattatsu/no10/hatsurin_13.pdf], profesor da Universidade de Linköping (Suecia). Incluso o seu desenvolvemento produciu un intenso debate parlamentario en Escocia o 10 de decembro de 2013, porque varios educadores escoceses presentaron un informe pedindo que a natureza se establecera como o eixo de todas as actividades do curriculum escolar, xa que defendían que o aire libre era un lugar máis efectivo para aprender. [http://www.parliament.scot/parliamentarybusiness/report.aspx?r=8783&mode=pdf]. Este incremento da natureza como espazo educador ten como corolario títulos específicos de grao e posgrao que, como este máster, se imparten noutros países como o máster Outdoor Education da Universidade de Gales [ https://uwtsd.ac.uk/ma-outdoor-education/], o grao en Adventure and Outdoor Education da Universidade de Humak (Finlandia) [https://www.humak.fi/en/bachelor-of-humanities-adventure-and-outdoor-education/], ou Master Outdoor Adventure&Expedition Leadership da Southerm University de Oregón [https://sou.edu/academics/outdoor-adventure-leadership/programs/master-outdoor-adventure-expedition-leadership/]. A Trobe University de Australia mantén títulos de grado e de posgrao arredor da potencialidade educadora da natureza [https://www.latrobe.edu.au/courses/outdoor-education] que teñen moita incidencia nos grupos de traballo internacionais arredor do aire libre".

Con iso, un curso que se presentaba coas mellores expectativas posibles, sen dúbida mellores que en anos anteriores, veuse parcialmente truncado pola irrupción da pandemia que impediu desenvolver actividades a partir do 14 de marzo de 2020, o que afectou especialmente ao desenvolvemento do prácticum que houbo de facerse de feito virtual, así como tamén houbo de desenvolverse completamente de xeito virtual a materia *Aprendizaxe experiencial en contornas singulares*.

## 4. Prácticas externas

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas disponse de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servizos profesionais vencellados directamente aos ámbitos característicos da titulación (actualmente existen 51 convenios activos). Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos. Ao comezo do curso académico o alumnado recebe un listado dos centros de prácticas dispoñibles xunto con información relativa aos correspondentes proxectos de prácticas levados a cabo neles en cursos pasados (esta información actualizase cada ano). Emprázase ao alumnado a que transmita as súas preferencias como destino de prácticas e, unha vez recibida esta información, contáctase cos centros de que se trate para confirmar que a súa axenda de actividade asegura a viabilidade de recibir ao alumnado, aproveitando este contacto para remitir a guía docente do Practicum, de forma que nos centros de prácticas se teña constancia das finalidades da materia e das competencias que o alumnado debe acadar. Tras recibir confirmación, facilítase unha primeira reunión no centro de prácticas entre os/as respectivos/as alumnos/as e titores/as, para acordar un plan de prácticas que satisfaga tanto as necesidades do centro colaborador como as expectativas do alumnado e, mediante a supervisión por parte da Coordinación de Practicum, asegúrase tamén que o plan posibilita a consecución das competencias procuradas. Este plan de prácticas é asinado polas tres partes implicadas (alumno/a, titor/a no centro colaborador e supervisor/a dende a Facultade). Este plan é unha parte do anexo ao convenio firmado coa entidade. Ademais os estudantes deben obter un certificado de non estar incursos en delitos sexuais para poder iniciar o seu período de prácticas.

Durante a estadía nos centros o/a supervisor/a dende a Facultade realizada o seguimento do plan de prácticas contactando cos centros e visitándoos se é preciso, e facilita tamén o documento de avaliación da estadía no centro. Ademais atende ao alumnado de xeito presencial ou a distancia naqueles asuntos que o requiran. Ao remate das prácticas o/a supervisor/a de prácticas recibe a avaliación dende os centros e a memoria de prácticas que o alumnado debe entregar, procedendo á súa avaliación centrada na consecución das competencias perseguidas.

No curso 2019-2020, houbo que modificar a organización do prácticum (Conforme a Resolución Reitoral de 27 de marzo de 2020 sobre as prácticas académicas externas como consecuencia da súa suspensión temporal derivada de la situación de crise sanitaria) que tivo que resolverse de xeito virtual, o que a súa vez necesitou dunha xustificación escrita, aprobada pola comisión na súa reunión do 1 de abril de 2021, cun plan de actividades equivalentes. As actividades orixinalmente contempladas no prácticum eran as seguintes:

- Actividades de observación do centro de prácticas, do seu contexto, dos seus espazos educativos e dos usuarios ou público ao que se dirixe.

- Actividades de intervención que inclúen o diseño, aplicación e avaliación de varias actividades puntuais ou dunha secuencia de actividades encadenadas.

A proposta de traballo alternativa consistiu nun estudo de caso contextualizado no centro de prácticas escollido inicialmente ou en calquera outro, ben dos existentes entre os convenios de prácticas establecidos ou ben fóra deles (neste último caso o supervisor deberá validar a elección despois de asegurar que devandito centro responde as finalidades da materia). Tamén se estabeleceu a posibilidade de elaborar propostas que vinculen a máis dun centro.

Neste traballo o alumnado debía dar unha resposta ás necesidades expostas polo distanciamento social por mor da COVID-19 para poder seguir prestando a actividade educativa desenvolvida pola institución de forma non presencial, ou ben asegurar a viabilidade do proxecto e aproveitar o tempo de suspensión da actividade presencial para elaborar unha proposta de innovación a aplicar unha vez retomada a mesma.

Esta proposta debía reflectir, até onde fose posible, a realidade do centro de prácticas, podendo optar por completar dunha forma hipotética congruente aqueles apartados nos que a situación apareza semidefinida ou indefinida.

## 5. Traballo final de Master

En relación coa presentación do TFM, a Universidade estableceu un réxime especial de avaliación por acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2021 que se desenvolve por un documento titulado "Directrices para a organización da docencia e avaliación. Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola covid19". No caso concreto deste máster, obrigou a unha modificación do calendario e criterios de solicitude, entrega, avaliación e defensa do TFM que pasou, de xeito extraordinario, a ser avaliado polo titor/a e non por un tribunal. A Comisión de título seguindo o devandito documento aprobou as seguintes medidas en relación co TFM:

*1. **Será posible presentar e defender os TFG e os TFM aínda que non se completara e superara o período de prácticas curriculares**. En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG ou no TFM quedará condicionado á efectiva superación das prácticas.*
*2. **A presentación e defensa poderase realizar por medios presenciais ou por procedementos telemáticos**, de acordo co procedemento que se determine normativamente.*
*3. Como excepción ao previsto no artigo 6.7 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na USC, todos os Centros, com independencia do que establezan as súas normativas propias, **poderán acordar que estes, ademais de poderen ser defendidos diante dun tribunal, poidan ser avaliados exclusivamente polo/a titor/a.** De ser este o caso, os Centros deberán determinar as características desta avaliación e poderán fixar unha puntuación máxima para as distintas modalidades de presentación. Estes acordos deberán ser adoptados polos Centros antes do 31 de maio e comunicados á Vicerreitoría de Organización Académica, así como ao estudantado afectado para que este poida optar por unha das modalidades previstas.*
**A Comisión de Título do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (DAEN)** ***reuniuse no o día 29 de abril de 2020*** para tratar os extremos sobre a avaliación dos TFM chegando esta comisión aos seguintes acordos:
1. Co fin de minimizar os posibles problemas que poidan xurdir nunha defensa do TFM utilizando medios telemáticos e co ánimo de facilitar e garantir a identidade do alumnado na mesma, **será exclusivamente o Titor/a do traballo responsable de avaliar ao alumno/a na defensa do TFM. Quedan suspendidos os tribunais nas oportunidades de xuño/xullo e setembro. O titor/a poderá cualificar o TFM ata a súa máxima cualificación (10 puntos)**.
2. Dada a excepcionalidade da situación e considerando as dificultades derivadas da mesma para a realización do TFM incorpórase á avaliación do mesmo o seguimento do proceso de elaboración. Polo tanto, **o Produto final do TFM coa súa defensa terán un peso ponderado do 50% da cualificación e o outro 50% virá dado polo do Proceso** da súa elaboración, **tendo que ser aprobadas e superadas as dúas partes**. As evidencias do proceso resultarán do seguimento (correos-e, titorías, borradores,...) do mesmo e terán como referencia para a avaliación as competencias sinaladas na materia.
3. **Para a concesión das matrículas** de honra so poderá optar o alumnado que, recibindo unha cualificación igual ou superior a 9, sexa proposto polo seu titor perante a Comisión do Título. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os TFM correspondentes ao curso acadêmico (febreiro, xuño e setembro). No

suposto de haber máis propostas de matrículas de honra das que poidan outorgarse, sendo un primeiro filtro a propia nota do TFM, a Comisión do Título resolverá a concesión desta mención a favor de aquel alumnado que presente unha maior puntuación media de expediente académico.

4. **Modifícase o calendario para a solicitude, entrega e defensa do TFM da primeira oportunidade**, fixándose nas seguintes datas:

- **Solicitude:** do 26 de xuño ao 30 de xuño
- **Entrega/depósito:** do 26 de xuño ao 02 de xullo
- **Defensa:** do 6 de xullo ao 24 de xullo

En cambio, o calendario da segunda oportunidade permanece sen cambios:

- **Solicitude**: do 20 ao 24 de xullo
- **Entrega/depósito**: do 20 ao 28 de xullo
- **Defensa**: do 03 ao 30 de setembro

5. **Co fin de garantir que a defensa sexa un acto público**, requírense as seguintes accións:

- O profesorado titor debe comunicar, coa maior antelación posible e en todo caso cun mínimo de 72 horas de antelación, a data e hora previstas para a defensa á Xestora do centro.
- Esta información será compilada, xunto co enlace a plataforma Teams, en listados que progresivamente se difundirán a través da súa publicación na páxina web da Facultade (apartado Máster DAEN) e aos que se engadirá a indicación de que *aquela persoa que queira presenciar, en calidade de convidado/a, a defensa dun TFM concreto, debe enviar ao titor/a e ao coordinador do TFM, cun mínimo de 24 horas de antelación respecto do momento da defensa, un correo electrónico manifestando a súa vontade para que, á volta de correo, se lle remitan as indicacións para o acceso á reunión telemática do acto de defensa.*

6. **Recoméndase que o profesorado titor** faga unha reunión previa co alumno/a para garantir o bo funcionamento das aplicacións telemáticas (Teams, Skype empresarial ou calquera outra aplicación institucional). Para aquel profesorado que estime necesario familiarizarse coa aplicación Teams, están á súa disposición os seguintes vídeos:

- **Introdución a Microsoft Teams:**
**https://www.youtube.com/watch?v=yPr6p9X8Bfg**
- **Administración dun equipo en Microsoft Teams:**
**https://www.youtube.com/watch?v=krbJdwgFieM**
- **Uso dun equipo para docencia en Microsoft Teams**:
**https://www.youtube.com/watch?v=CLLF7J5422A**

7. **O acto de defensa debe sempre ser gravado**. O alumno/a no comezo do acto debe indicar o seu nome e apelidos, nº de DNI e sinalar que autoriza á gravacióndа defensa do seu TFM (por exemplo, na aplicación Teams xa existe un elemento para a gravación da sesión).

En terceiro lugar, houbo que deseñar un plan específico para a única materia que non fora impartida cando foi establecida a modalidade non presencial: *[P3281205] Aprendizaxe experiencial en contornas singulares*. Dita materia tiña previsto desenvolverse en Picos de Europa entre o 12 e o 15 de maio, pero ao non poder levarse adiante houbo que establecer un plan para que puidera ser cursada en modo virtual. A descrición das actividades virtuais correspondíanse cos lugares e espazos que se tiña previsto visitar e coas accións que estaban previstas:

> DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
> Escenarios concretos del trabajo • Bufones de Pría • Cueva y Playa de Cobijeru • El Valle de Liébana o San Pelayo y alrededores o Senda del Cares o Fuente Dé y Altos de Áliva o Villa de Potes
> 1. Entorno
> a. Descripción del medio físico y natural En este apartado se recoge la información geológica, de flora y fauna que es la base para diseñar las rutas y actividades educativas. El entorno que se visita transcurre en un ambiente de tipo kárstico, debido a la erosión particular de las rocas calizas. En cada uno de los escenarios se visitan diferentes formaciones: • Bufones de Pría: erosión costera y dolinas • Cueva y Playa de Cobijeru: formaciones subterráneas (estalactitas y estalagmitas) • El Valle de Liébana o San Pelayo y alrededores: gargantas y arquitectura tradicional o Senda del Cares: gargata y vegetación específica de esos ambientes o Fuente Dé y Altos de Áliva: acantilados Actividades • Recopilación de material bibliográfico y de documentos de síntesis sobre geología, flora y fauna del entorno. Selección de buenos ejemplos. • Inclusión de esta información en las actividades de los siguientes apartados (cultura, actividades educativas).
> b. Descripción cultural Estudio general del escenario de trabajo • Costa Cantábrica Asturiana • El

Parque Nacional de Picos de Europa Etnografía y cultura rural • Establecer algunos rasgos de las comarcas. • Conocer los cambios desde una estructura tradicional a otra en la que el turismo ocupa un lugar central. • Realizar un breve análisis de lo que significa ese cambio. Elementos del escenario con potencia educadora. • En el escenario natural hay elementos que tienen una gran fuerza educadora, que pueden producir un conjunto de aprendizajes personales que atienden a distintas dimensiones de la persona (intelectual, social, física y emocionalmente). Convendría que el grupo tuviese perspicacia para identificar algunos.
c. Aspectos normativos y operativos • Se recopila las normativas que regulan las actividades del entorno, recogiendo las diferentes figuras de protección de la naturaleza.
2. Rutas y actividades educativas.
En este apartado se utiliza la información y análisis de los anteriores apartados para generar una oferta de actividades.
a. Diseño. *Para indicar.* Recorridos alternativos de la ruta (color verde) por si existe algún contratiempo Los puntos de evacuación o caminos necesarios (color rojo) por si existe algún incidente y se necesita evacuación Destacar, si existe, algún lugar representativo de la zona y donde se puede realizar alguna actividad didáctica o explicación o que sea de interés *Datos de interés*. Indicar, si existen, zonas protegidas y las misma se marcarán con la herramienta de polígono. *Otras tareas*. En el punto inicial se incluirá el cuadro resumen MIDE para la ruta Tras la confección de la ruta, se realizará una imagen de la misma, mediante la opción de imprimir y ahí con la opción de pdf.
b. Organización. Para indicar en la propia ruta. Señalar los aspectos del medio físico-natural y cultural que se pretenden abordar durante la actividad. Señalar paradas para avituallamiento y actividades. Punto de Salida y de Inicio (mismo indicador).
c. Diseño de Actividades. Se tendrá que diseñar una sesión que podrá ser distribuida en diferentes momentos, pero que tiene que Para las tareas del día se planteará una sesión con las siguientes indicaciones: Objetivos Competencia a trabajar Fase informativa Por cada tarea planteada. Tiempo estimado. Material necesario. Descripción de tarea. Representación gráfica. Variantes. Criterio de éxito. Feedbacks. Evaluación de la sesión.

Para realizar este plan reuniuse un importante conxunto de documentación que se subiu á páxina virtual da materia. Os estudantes traballaron por equipos, e finalmente realizouse unha exposición de conclusións por videoconferencia.

Estas medidas extraordinarias permitiron aos estudantes finalizar os seus estudos desenvolvendo as competencias especificadas na Memoria do título.